



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

### Curso 2020-2021



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES N°1 DE RIBEIRA

Avda da Coruña 170  
RIBEIRA(15960)  
Tfno: 881866904  
Fax: 881866913



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



## ÍNDICE

<b>I. XERAL</b> .....	8
A. Consideracións xerais.....	8
B. Introducción e contextualización.....	9
1- Introducción: Contidos e marco legal.....	9
2- Contextualización.....	11
C. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	13
<b>II. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA</b> .....	15
♦ <b>FÍSICA E QUÍMICA 2º ESO</b> .....	16
A. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados que forman parte dos perfís competenciais.....	16
B. Concreción dos obxectivos do curso.....	21
C. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliados de Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	22
♦ <b>FÍSICA E QUÍMICA 3º ESO</b> .....	34
A. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados que forman parte dos perfís competenciais.....	34
•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a 2º ESO non adquiridos no curso 2019/2020.....	34
•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a 3º ESO.....	37
B. Concreción dos obxectivos do curso.....	42
C. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliados de Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	43

◆ <b>FÍSICA E QUÍMICA 4º ESO</b> .....	55
A. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais.....	55
•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a 3º ESO non adquiridos no curso 2019/2020.....	55
•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a 4º ESO.....	58
B. Concreción dos obxectivos do curso.....	67
C. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	68
◆ <b>CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL (CAAP) 4º ESO</b> .....	85
A. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais.....	85
•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a 3º ESO non adquiridos no curso 2019/2020.....	85
•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a CAAP-4º ESO.....	88
B. Concreción dos obxectivos do curso.....	92
C. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	93
◆ <b>ASPECTOS COMÚNS A TODA A EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA</b> .....	103
A. Concrecións metodolóxicas.....	103
B. Materiais e recursos didácticos.....	106
C. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	108
• Criterios de avaliación.....	108
• Criterios de cualificación.....	110
• Criterios de corrección.....	115

D. Plan de reforzo e recuperación.....	117
E. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e práctica docente.....	118
F. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	120
G. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	121
H. Medidas de atención á diversidade.....	122
I. Concreción dos elementos transversais.....	123
J. Actividades complementarias e extraescolares .....	124
K. Contribución ao Proxecto Lector.....	124
L. Contribución ao Plan de integración das TICs.....	125
M. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	125
N. Información e publicidade.....	126
<b>III. BACHARELATO .....</b>	<b>127</b>
<b>◆ FÍSICA E QUÍMICA 1º BACHARELATO DIURNO.....</b>	<b>127</b>
A. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais.....	127
•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a 4º ESO non adquiridos no curso 2019/2020.....	127
•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a 1º BAC.....	131
B. Concreción dos obxectivos do curso.....	140
C. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	141

◆ <b>FÍSICA 2º BACHARELATO DIURNO</b> .....	160
A. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais.....	160
•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a 1º BAC non adquiridos no curso 2019/2020.....	160
•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a FÍSICA 2º BAC.....	166
B. Concreción dos obxectivos do curso.....	175
C. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliável de Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	176
◆ <b>QUÍMICA 2º BACHARELATO DIURNO</b> .....	201
A. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais.....	201
•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a 1º BAC non adquiridos no curso 2019/2020.....	201
•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a QUÍMICA 2º BAC.....	207
B. Concreción dos obxectivos do curso.....	213
C. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliável de Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	214
◆ <b>FÍSICA E QUÍMICA 1º BACHARELATO EPA</b> .....	231
A. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais.....	231
B. Concreción dos obxectivos do curso.....	240
C. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliável de Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	241

◆ <b>FÍSICA 2º BACHARELATO EPA</b> .....	260
A. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados que forman parte dos perfís competenciais.....	260
•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a 1º BAC non adquiridos no curso 2019/2020.....	260
•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a FÍSICA 2º BAC.....	266
B. Concreción dos obxectivos do curso.....	276
C. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliados de Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	276
◆ <b>QUÍMICA 2º BACHARELATO EPA</b> .....	300
A. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados que forman parte dos perfís competenciais.....	301
•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a 1º BAC non adquiridos no curso 2019/2020.....	301
•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a QUÍMICA 2º BAC.....	306
B. Concreción dos obxectivos do curso.....	313
C. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliados de Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	314
◆ <b>ASPECTOS COMÚNS A TODO O BACHARELATO</b> .....	330
A. Concrecións metodolóxicas.....	330
B. Materiais e recursos didácticos.....	334
C. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	336
• Criterios de avaliación.....	336
• Criterios de cualificación.....	338

- Física e Química 1º Bacharelato diurno.....	338
- Química 2º Bacharelato diurno.....	342
- Física 2º bacharelato diurno.....	345
- Bacharelato EPA.....	348
• Criterios de corrección.....	352
D. Plan de reforzo e recuperación.....	354
E. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e práctica docente.....	355
F. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	357
G. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....	358
H. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	359
I. Medidas de atención á diversidade.....	360
J. Concreción dos elementos transversais.....	361
K. Actividades complementarias e extraescolares.....	361
L. Contribución ao Proxecto Lector.....	361
M. Contribución ao Plan de integración das TICS.....	362
N. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	363
O. Información e publicidade.....	364

<b>IV. ANEXOS I: RÚBRICAS E LISTAS DE CONTROL.....</b>	<b>365</b>
• Rúbrica laboratorio.....	365
• Rúbrica laboratorio-material.....	366
• Rúbrica traballo investigación estándar.....	367
• Rúbrica expresión oral.....	368
• Rúbrica expresión escrita.....	369
• Rúbrica aprender a aprender.....	370
• Rúbrica traballo en grupo.....	371
• Lista de control sobre a libreta.....	372
<b>V. ANEXO II: PLAN DE CONFINAMENTO.....</b>	<b>373</b>



## I-XERAL

### **A- CONSIDERACIÓNS XERAIS**

Como consecuencia da pandemia COVID-19, que forzou o peche das escolas no terceiro trimestre do curso 2019-2020, o ensino tivo que ser impartido a distancia nese trimestre. Isto puxo en evidencia unha fenda dixital entre o alumnado, e mesmo entre o profesorado, que propiciou a desigual aprendizaxe causada por motivos alleos ao ámbito académico.

O alumnado foi avaliado en base ao traballo desenvolvido nos dous primeiros trimestres, os presenciais, e o traballo feito a distancia no terceiro trimestre só foi tido en conta se o favorecía. Así, houbo alumnado que, tendo xa acadado o aprobado tralas dúas primeiras avaliacións, decidiu non seguir traballando no terceiro trimestre.

No curso 2020-2021 atopámonos, polo tanto nunha situación singular: hai materia non impartida no curso anterior que hai que integrar nos contidos deste curso e hai alumnado con perfil moi diferente de aprendizaxe, polo que nesta programación teremos moi presentes os contidos e competencias traballadas, adquiridas e non adquiridas no curso académico precedente.

Como o desenvolvemento deste curso é imprevisible, dependendo da evolución da pandemia do COVID-19, esta programación terá en conta tres posibles escenarios:

- **Escenario (1)- Actividade lectiva presencial**: a evolución da pandemia permite que a actividade educativa se leve a cabo de maneira presencial nos centros, pero mantendo a distancia interpersoal como medida de prevención para evitar contaxios.
- **Escenario (2)- Actividade lectiva semipresencial**: unha combinación do escenario (2) e (3).
- **Escenario (3)- Actividade lectiva non presencial**: a evolución de la pandemia impide o desenvolvemento da actividade educativa presencial nalgún momento do curso 2020-2021 debido a algún rebrote da enfermidade que obrigue de novo confinamento ou confinamentos cirúrxicos (de aula, niveis, centro, poboación...).

Este curso, no noso centro a ESO será presencial e o bacharelato semipresencial, pero na programación teranse en conta os tres escenarios posibles, xa que non sabemos como será a evolución da pandemia ao longo do curso e é posible que nun mesmo curso vexamos os tres escenarios.

Nos escenarios (2) e (3) pode ocorrer que unha parte do alumnado non poida seguir a ensinanza telemática, ben por falta de conexión ou falla de equipamento, polo que valorarase cal é o mellor modo de proveer o dereito á educación a ese alumnado en cada caso: entrega de material fotocopiado, de material informático, etc.

Respecto aos mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso por parte de este alumnado detállase no Plan de Confinamento que aparece nesta programación no apartado V- Anexo 2. Neste plan establécense as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

## **B- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

### **1. INTRODUCCIÓN: CONTIDOS E MARCO LEGAL**

A aprendizaxe da física e da química resulta imprescindible, xunto coas demais ciencias experimentais e a tecnoloxía, para permitir ao alumnados analizar con coñecemento de causa os problemas de orixe científica e tecnolóxica que se formulan na nosa sociedade, así como participar no debate que suscitan e dar a resposta que corresponda como cidadanía responsable. Ademais, compártese co resto das disciplinas a responsabilidade de promover no alumnado a adquisición das competencias necesarias para que poida integrarse na sociedade de xeito activo. Como materia científica, Física e Química ten o compromiso engadido de dotar ao alumnado de ferramentas específicas que lle permitan afrontar o futuro con garantías, participando no desenvolvemento económico e social ao que está ligada a capacidade científica, tecnolóxica e innovadora da propia sociedade. Para que estas expectativas se concreten, o ensino desta materia debe incentivar unha aprendizaxe contextualizada que relacione os principios en vigor coa evolución histórica do coñecemento científico; que estableza a relación entre ciencia, tecnoloxía e sociedade; que potencie a argumentación verbal, a capacidade de establecer relacións cuantitativas e espaciais, así como a de resolver problemas con precisión e rigor.

A presente programación didáctica elaborouse conforme á:

- **Lei Orgánica 8/2013** do 9 de decembro de **Mellora da Calidade Educativa (LOMCE)**.
- **Decreto 86/2015, do 25 de xuño** polo que se establece o **currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato** na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro**, na que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria e do bacharelato.
- **Orde do 13 de xullo de 2016** que amplía a relación de **materias de libre configuración** autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de Educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- **Resolución do 15 de xullo de 2016**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a **implantación**, no curso académico 2016/2017, do **currículo** establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Circular da CIUG de 1 de outubro de 2018** pola que se regula a proba ABAU de Física e Química no curso 2018-2019.
- **Instrucións do 31 de xullo de 2020**, da dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021.
- **Instrucións do 31 de agosto 2020**, polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde Pública (D.O.G. nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualizacións das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.
- **Protocolo de adaptación** ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 versión 16-09-2020.
- **Real Decreto-ley 31/2020**, do 29 de setembro, polo que se adoptan medias urxentes no ámbito da educación non universitaria.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación está concibida para o IES N° 1 situado na localidade de Ribeira (A Coruña). Unha boa parte da poboación exerce a súa actividade ao redor da pesca, industrias e actividades afíns e no pequeno comercio.

No Centro impártense os seguintes ensinós: E.S.O., Bacharelato(Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais), E.S.A., EPA (Bacharelato de Adultos), Alfabetización de Adultos e FP básica (impartida no CFIP Coroso). As instalacións son compartidas pola Escola oficial de idiomas en horario de tarde. Os centros adscritos ao IES son o CEIP de Palmeira e o CEIP O Grupo.

A comunidade educativa está formada por:

- Profesorado: o Claustro é relativamente estable xa que unha maioría de profesores teñen destino definitivo no centro.
- Familias: fundamentalmente de clase traballadora, e nunha alta porcentaxe traballan tanto os pais coma as nais.
- Alumnado: hai tres grupos claramente diferenciados de alumnado con problemas de adaptación e aprendizaxe:
  1. Alumnado con leves problemas de aprendizaxe.
  2. Alumnado con serias dificultades de aprendizaxe. Son alumnos con diferentes problemas e baixo nivel de competencia curricular que esixen un tratamento específico na adquisición das habilidades instrumentais básicas.
  3. Alumnado con problemas de adaptación social e escolar.

O alumnado de ESA e EPA ademais das dificultades de aprendizaxe, ten en moitos casos problemas derivados da súa situación laboral e familiar, como por exemplo a dificultade de conciliación horaria.

O reparto de materias entre os membros do departamento de Física e Química do IES N° 1 de Ribeira durante o curso 2020/21 é o seguinte:

NIVEL	GRUPOS	PROFESORES
2º ESO	2º A, 2º B, 2º C, 2º D	María Teresa Chouza Fernández
3º ESO	3º A, 3º B, 3º C	María Teresa Chouza Fernández
4º ESO	4º A 4º B, 4º C, 4º D	María del Mar Torres Santamaría Manuel Angel Labandeira Prado (substituta Silvia Diana Bouzón Capelo)
4º ESO (Ciencias aplicadas á Actividade profesional)	4º ABCD	Manuel Angel Labandeira Prado (substituta Silvia Diana Bouzón Capelo)
1º BACHARELATO	1º A 1º B	Manuel Angel Labandeira Prado (substituta Silvia Diana Bouzón Capelo) Diego Ramón Rodríguez Lojo
2º BACHARELATO (QUÍMICA)	2º AB, 2º B, 2º ABCD	Diego Ramón Rodríguez Lojo
2º BACHARELATO (FÍSICA)	2º AB	Manuel Angel Labandeira Prado (substituta Silvia Diana Bouzón Capelo)
1º BACHARELATO EPA	1º Ad-A	María del Mar Torres Santamaría
2º BACHARELATO EPA (QUÍMICA)	2º Ad-A	María del Mar Torres Santamaría
2º BACHARELATO EPA (FÍSICA)	2º Ad- A	María del Mar Torres Santamaría

O profesor *Diego Ramón Rodríguez Lojo*, profesor con destino definitivo, é tamén coordinador de Normalización Linguística.  
A profesora María Teresa Chouza Fernández é titora de 2º ESO-D.

Os alumnado das materias do Departamento distribúese do seguinte xeito:

CURSO	Nº DE ALUMNOS/AS		CURSO	Nº DE ALUMNOS/AS		CURSO	Nº DE ALUMNOS/AS
2º ESO	74		1º BAC	52		1º BAC EPA	7
3º ESO	54		Física 2º BAC	17		Física 2º BAC EPA	1
4º ESO	54		Química 2º BAC	39		Química 2º BAC EPA	5
4º ESO-CAAP	11						
<b>TOTAL</b>	<b>193</b>		<b>TOTAL</b>	<b>108</b>		<b>TOTAL</b>	<b>13</b>

### **C- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

A materia de Física e Química debe capacitar os alumnos e as alumnas para extraeren e comunicaren conclusións a partir de probas científicas, formularen preguntas que a ciencia poida responder e explicaren cientificamente fenómenos físicos e naturais. Á achega á **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)** cumprirá engadir as correspondentes ao resto das competencias clave.

É preciso o afondamento nunha verdadeira cultura científica, baseada na concepción da ciencia como cultura e non só como un conxunto de coñecementos que, estruturados en teorías, poidan ter algunha aplicación máis ou menos útil. Neste sentido, resulta salientable a achega de Física e Química á **competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)**, por ser moitos os logros da ciencia que modificaron o noso modo de entender o mundo e moitos os científicos e as científicas que influíron na nosa forma de comprender a realidade; consecuentemente, personaxes como Newton, Lavoisier, Boyle, Marie Curie, Lise Meitner, no plano internacional, ou Antonio Casares Rodríguez, Ramón María Aller Ulloa e tantos outros, na nosa comunidade, deben ser recoñecidos e valorados como actores principais da construción da nosa cultura.

A física e a química non son alleas ao desenvolvemento das **competencias sociais e cívicas (CSC)**, xa que promoven actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos fronte a problemas relacionados co impacto das ciencias e da tecnoloxía no noso contorno:

conservación de recursos, cuestións ambientais, etc. A mesma competencia tamén está relacionada co traballo en equipo que caracteriza a actividade científica.

Non debemos esquecer que o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación e, consecuentemente, a **competencia dixital (CD)** merece un tratamento específico no estudo desta materia. O alumnado de ESO e bacharelato para o que se desenvolveu o presente currículo básico é nativo dixital e, en consecuencia, está familiarizado coa presentación e a transferencia dixital de información. O uso de aplicacións virtuais interactivas permite realizar experiencias prácticas que por razóns de infraestrutura non serían viables noutras circunstancias. Por outra banda, a posibilidade de acceder a unha grande cantidade de información implica a necesidade de clasificala segundo criterios de relevancia, o que permite desenvolver o espírito crítico do alumnado.

A elaboración e a defensa de traballos de investigación sobre temas propostos ou de libre elección, que permite afondar e ampliar contidos relacionados co currículo e mellorar as destrezas tecnolóxicas e comunicativas nos alumnos e nas alumnas, ten como obxectivo desenvolver a aprendizaxe autónoma destes. Tanto o traballo en equipo como a creatividade na resolución de problemas ou o deseño de experiencias e pequenas investigacións, tarefas todas elas propias da actividade científica, propician, nos contextos adecuados, o desenvolvemento da **competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**, sen a que non se entendería o progreso da ciencia.

En relación á **competencia de aprender a aprender (CAA)**, cómpre indicar que se algo caracteriza a actividade científica é a curiosidade, o interese por aprender propio da ciencia. En unión a procesos tales como a reflexión sobre si mesmo/a como estudante, sobre a tarefa para desenvolver ou sobre as estratexias para aprender, que propician todas as disciplinas, Física e Química achega unha estratexia, o método científico, nomeadamente relevante no proceso de adquisición de coñecementos.

Para finalizar a análise xeral da participación da materia que nos ocupa no desenvolvemento das competencias clave, haberá que referirse á **competencia en comunicación lingüística (CCL)**. Das múltiples achegas a esta competencia clave (defensa de traballos de investigación, selección e interpretación da información, comunicación dos traballos realizados, etc.) podemos salientar dúas: a relacionada coa linguaxe propia das ciencias (interpretación de gráficas, táboas, etiquetaxes, símbolos, formulación, etc) e, moi importante, a relacionada co proceso de argumentación, entendido como o proceso de avaliación dos enunciados de coñecemento, á luz das probas dispoñibles.

## II-EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

No **primeiro ciclo de ESO** débense afianzar e ampliar os coñecementos que sobre as ciencias da natureza foron adquiridos polo alumnado na etapa de educación primaria. O enfoque co que se procura introducir os conceptos debe ser fundamentalmente fenomenolóxico; deste xeito, a materia preséntase como a explicación lóxica de todo aquilo ao que o alumnado está afeito e coñece e o seu obxectivo prioritario será o de contribuír á cimentación dunha cultura científica básica.

No **segundo ciclo de ESO** esta materia ten, pola contra, un carácter esencialmente formal, e está enfocada a dotar ao alumnado de capacidades específicas asociadas a esta disciplina. Cun esquema de bloques similar, en cuarto de ESO aséntanse as bases dos contidos que en primeiro de bacharelato recibirán un enfoque máis educativo.

Os contidos que se recollen no currículo están ao servizo do logro dos distintos criterios. Estes elementos, en unión coas competencias clave e cos obxectivos, estrutúranse en bloques. O primeiro bloque, común a todos os niveis, está dedicado a desenvolver as capacidades inherentes ao traballo científico, partindo da observación e a experimentación como base do coñecemento. Os elementos propios deste bloque deben desenvolverse de xeito transversal ao longo de todo o curso, utilizando a elaboración de hipóteses e a toma de datos como pasos imprescindibles para a resolución de calquera tipo de problema. Hanse desenvolver destrezas no manexo do aparato científico, pois o traballo experimental é unha das pedras angulares de Física e Química. Traballárase, así mesmo, a presentación dos resultados obtidos mediante gráficos e táboas, a extracción de conclusións e a súa confrontación con fontes bibliográficas.



## ◆ FÍSICA E QUÍMICA 2º ESO

Aínda que en 1º ESO non hai a materia de Física e Química, o curso comezará cunha avaliación inicial que servirá para detectar as carencias e necesidades do alumnado, referidas basicamente aos contidos mínimos (de matemáticas e ciencias) non traballados ou non adquiridos no curso académico 2019-2020.

### **A- CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS**

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
▪ <b>FQB1.1.1.</b> Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.	X	X		X			
▪ <b>FQB1.1.2.</b> Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunícaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.	X	X					
▪ <b>FQB1.2.1.</b> Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.		X					X
▪ <b>FQB1.3.1.</b> Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.		X					
▪ <b>FQB1.3.2.</b> Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades (SI).		X					X
▪ <b>FQB1.4.1.</b> Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.	X	X					
▪ <b>FQB1.4.2.</b> Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando		X					

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
actitudes e medidas de actuación preventivas.							
▪ <b>FQB1.5.1.</b> Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral.	X	X		X			
▪ <b>FQB1.5.2.</b> Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.			X	X	X		
▪ <b>FQB1.6.1.</b> Realiza pequenos traballos de investigación aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.	X	X	X	X		X	X
▪ <b>FQB1.6.2.</b> Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.				X	X	X	
▪ <b>FQB2.1.1.</b> Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.		X					
▪ <b>FQB2.1.2.</b> Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.		X					
▪ <b>FQB2.1.3.</b> Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.		X					
▪ <b>FQB2.2.1.</b> Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.		X					
▪ <b>FQB2.2.2.</b> Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.		X					
▪ <b>FQB2.2.3.</b> Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.		X					
▪ <b>FQB2.2.4.</b> Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.		X					
▪ <b>FQB2.3.1.</b> Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiáns, en relación co modelo cinético-molecular.		X					

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
▪ <b>FQB2.3.2.</b> Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.		X		X			
▪ <b>FQB2.4.1.</b> Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.		X					
▪ <b>FQB2.4.2.</b> Identifica o disolvente e o soluto en mesturas homoxéneas de especial interese.		X					
▪ <b>FQB2.4.3.</b> Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en g/L.	X	X					
▪ <b>FQB2.5.1.</b> Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias compoñentes, describe o material de laboratorio e leva a cabo o proceso.		X		X		X	
▪ <b>FQB3.1.1.</b> Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias.		X					
▪ <b>FQB3.1.2.</b> Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos.	X	X					
▪ <b>FQB3.1.3.</b> Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.		X					
▪ <b>FQB3.2.1.</b> Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.		X					
▪ <b>FQB3.3.1.</b> Clasifica produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética.		X					
▪ <b>FQB3.3.2.</b> Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.		X			X		
▪ <b>FQB3.4.1.</b> Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.		X			X	X	
▪ <b>FQB4.1.1.</b> En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.		X					

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
▪ <b>FQB4.1.2.</b> Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental.		X					
▪ <b>FQB4.1.3.</b> Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.		X					
▪ <b>FQB4.1.4.</b> Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado en unidades do SI.		X					
▪ <b>FQB4.2.1.</b> Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.		X	X	X			
▪ <b>FQB4.2.2.</b> Realiza cálculos para resolver problemas utilizando o concepto de velocidade media.		X					
▪ <b>FQB4.3.1.</b> Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.		X					
▪ <b>FQB4.3.2.</b> Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.		X					
▪ <b>FQB4.4.1.</b> Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas.		X					
▪ <b>FQB4.5.1.</b> Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos.		X					
▪ <b>FQB4.6.1.</b> Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.		X					
▪ <b>FQB4.6.2.</b> Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.		X					
▪ <b>FQB4.6.3.</b> Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous		X					

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
corpos.							
▪ <b>FQB4.7.1.</b> Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos.		X					
▪ <b>FQB4.8.1.</b> Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela.	X	X	X			X	
▪ <b>FQB5.1.1.</b> Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.		X					
▪ <b>FQB5.1.2.</b> Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade do SI.		X					
▪ <b>FQB5.2.1.</b> Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras.		X					
▪ <b>FQB5.3.1.</b> Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.		X					
▪ <b>FQB5.3.2.</b> Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas celsius e kelvin.		X					
▪ <b>FQB5.3.3.</b> Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndooos en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento.		X		X	X		
▪ <b>FQB5.4.1.</b> Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.		X					
▪ <b>FQB5.4.2.</b> Explica a escala celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.		X					

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
▪ <b>FQB5.4.3.</b> Interpreta cualitativamente fenómenos cotiáns e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas.		X					
▪ <b>FQB5.5.1.</b> Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.	X	X	X				

## **B- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DO CURSO**

Nesta materia trabállanse os seguintes obxectivos da etapa de entre os establecidos no artigo 10 do decreto 86/2015.

- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

## **C- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliác.	Instrum. avaliác.
<b>BLOQUE 1: A ACTIVIDADE CIENTÍFICA</b>									
▪ f ▪ h	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.1.</b> Método científico: etapas.</li> <li>▪ <b>B1.2.</b> Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.1.</b> Recoñecer e identificar as características do método científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB1.1.1.</b> Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.</li> </ul>	Explica os conceptos de maneira algo incompleta identificando bastantes dos elementos importantes e as súas relacións	X			Traballo en equipo, caderno de clase	Rúbrica TE, lista de control
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB1.1.2.</b> Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunícaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.</li> </ul>	Recompila e expón os datos e resultados de forma correcta.	X			Traballo en equipo	Rúbrica TE
▪ f ▪ m	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.3.</b> Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.2.</b> Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB1.2.1.</b> Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.</li> </ul>	Argumenta de maneira incompleta a relación entre a investigación científica e algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.	X			Observación directa	Rúbrica observación directa
▪ b ▪ f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.4.</b> Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.3.</b> Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB1.3.1.</b> Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando o Sistema Internacional de Unidades (S.I.) para expresar os resultados.</li> </ul>	Argumenta de maneira axeitada as relacións cometendo algúns erros ao expresar os resultados.	X			Proba, caderno de clase	Corrección P, lista de control

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliac.	Instrum. avaliac.
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB1.3.2.</b> Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá, empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no SI.</li> </ul>	Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá cometendo poucos erros. empregando o material e instrumentos apropiados e expresa os resultados correctamente no SI.	X			Traballo en equipo	Rúbrica TE
▪ f	▪ <b>B1.5.</b> Traballo no laboratorio.	▪ <b>B1.4.</b> Recoñecer os materiais e os instrumentos básicos do laboratorio de física e de química, e coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB1.4.1.</b> Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.</li> </ul>	Explica os símbolos de maneira algo incompleta pero sabe recoñecelos e identificalos.	X			Proba, caderno de clase	Corrección P, lista de control
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB1.4.2.</b> Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece como se utilizan no laboratorio, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.</li> </ul>	Expón o proceso de maneira algo incompleta, identificando bastantes dos elementos importantes	X			Proba, caderno de clase	Corrección P, lista de control
▪ e ▪ f ▪ h ▪ i	▪ <b>B1.6.</b> Procura e tratamento de información. ▪ <b>B1.2.</b> Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	▪ <b>B1.5.</b> Extraer de forma guiada a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB1.5.1.</b> Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.</li> </ul>	Asimila parcialmente a información e expón as conclusións de maneira algo incompleta pero comprensible.	X			Traballo individual (Lectura texto científico)	Rúbrica TI
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB1.5.2.</b> Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente</li> </ul>	Xestiona con dificultade as fontes de información pero logra identificar ditas características.	X			Observación directa	Rúbrica OD



OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliac.	Instrum. avaliac.
			nos medios dixitais.						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.1.</b> Método científico: etapas.</li> <li>▪ <b>B1.2.</b> Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>▪ <b>B1.4.</b> Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades (S.I.).</li> <li>▪ <b>B1.5.</b> Traballo no laboratorio.</li> <li>▪ <b>B1.6.</b> Proxecto de investigación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.6.</b> Desenvolver traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB1.6.1.</b> Realiza traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.</li> </ul>	Xestiona con dificultade as fontes de información e presenta as conclusións con pouca claridade e orde pero comprensible.	X			Traballo en equipo	Rúbrica TE
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB1.6.2.</b> Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.</li> </ul>	Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	X			Traballo en equipo	Rúbrica TE
<b>BLOQUE 2: A MATERIA</b>									
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.1.</b> Propiedades da materia.</li> <li>▪ <b>B2.2.</b> Aplicacións dos materiais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.1.</b> Recoñecer as propiedades xerais e as características específicas da materia, e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB2.1.1.</b> Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.</li> </ul>	Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia e utiliza estas últimas para a caracterización dalgunha substancia.	X			Caderno de clase	Lista de control
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB2.1.2.</b> Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.</li> </ul>	Relaciona algunhas propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.	X			Caderno de clase	Lista de control
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB2.1.3.</b> Describe a determinación experimental do</li> </ul>	Describe o proceso de forma válida aínda que non sexa de	X			Traballo en equipo	Rúbrica TE

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliac.	Instrum. avaliac.
			volumen e da masa dun sólido, realiza as medidas e calcula a súa densidade.	forma completa permitindo erros de operación no cálculo da densidade.					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.3.</b> Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.2.</b> Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético-molecular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB2.2.1.</b> Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.</li> </ul>	Xustifica parcialmente que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura.	X			Proba, caderno de clase	Corrección P, lista de control
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB2.2.2.</b> Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.</li> </ul>	Explica de forma incompleta as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.	X			Proba, caderno de clase	Corrección P, lista de control
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB2.2.3.</b> Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.</li> </ul>	Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación dalgun fenómeno cotiá.	X			Proba, caderno de clase	Corrección P, lista de control
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB2.2.4.</b> Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando táboas de datos.</li> </ul>	Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia algún punto de fusión e ebulición, e identifica algunha substancia utilizando táboas de datos.	X			Proba, caderno de clase	Corrección P, lista de control
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.4.</b> Leis dos gases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.3.</b> Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas ou táboas de resultados obtidas en experiencias de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB2.3.1.</b> Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiás, en relación co modelo cinético-molecular.</li> </ul>	Xustifica de forma incompleta o comportamento dos gases en situacións cotiás, en relación co modelo cinético-molecular	X			Proba, caderno de clase	Corrección P, lista de control
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB2.3.2.</b> Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a</li> </ul>	Interpreta parcialmente gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a	X			Proba, caderno de clase	Corrección P, lista de control

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliac.	Instrum. avaliac.
		laboratorio ou simulacións dixitais.	temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.	temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.					
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.5.</b> Substancias puras e mesturas.</li> <li>▪ <b>B2.6.</b> Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.4.</b> Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas, e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB2.4.1.</b> Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica se estas últimas son homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.</li> </ul>	Distingue e clasifica algúns sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas e clasifica algunhas mesturas en homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.	X			Proba, caderno de clase	Corrección P, lista de control
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB2.4.2.</b> Identifica o disolvente e o soluto en mesturas homoxéneas de especial interese.</li> </ul>	Identifica correctamente o soluto e o disolvente da maioría de mesturas homoxéneas de especial interese.	X			Proba, caderno de clase	Corrección P, lista de control
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **C- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE DE TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os estándares non impartidos en 3º ESO no curso 2019/2020 e necesarios para o correcto desenvolvemento no proceso de ensino-aprendizaxe, serán introducidos progresivamente durante o curso presente segundo as necesidades da propia materia. A concreción dos mesmos está recollida na concreción do curso correspondente.

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
<b>BLOQUE 1. TÉCNICAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS</b>									
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.1.</b> Organización do laboratorio: materiais e normas de seguridade e hixiene.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.1.</b> Utilizar correctamente os materiais e os produtos do laboratorio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB1.1.1.</b> Determina o tipo de instrumental de laboratorio necesario segundo o tipo de traballo que vaia realizar.</li> </ul>	Determina con poucos erros o instrumental de laboratorio a utilizar.	X	X	X	P / OD	Lista de control OD, corrección P
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.1.</b> Organización do laboratorio: materiais e normas de seguridade e hixiene.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.2.</b> Cumprir e respectar as normas de seguridade e hixiene do laboratorio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB1.2.1.</b> Recoñece e cumpre as normas de seguridade e hixiene que rexen nos traballos de laboratorio.</li> </ul>	Recoñece e cumpre as normas de seguridade e hixiene que rexen nos traballos de laboratorio cometendo erros leves.	X	X	X	P / OD	Lista de control OD, corrección P
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.2.</b> Aplicación do método científico aos traballos de laboratorio.</li> <li>▪ <b>B1.3.</b> Utilización de ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación para o traballo experimental do laboratorio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.3.</b> Contrastar algunhas hipóteses baseándose na experimentación, na compilación de datos e na análise de resultados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB1.3.1.</b> Recolle e relaciona datos obtidos por diversos medios, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para transferir información de carácter científico.</li> </ul>	Recolle e relaciona datos obtidos por diversos medios con algúns erros.	X	X	X	Informe de laboratorio (IL)	Rúbrica IL
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.4.</b> Técnicas de experimentación en física, química, bioloxía e xeoloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.4.</b> Aplicar as técnicas e o instrumental axeitado para identificar magnitudes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB1.4.1.</b> Determina e identifica medidas de volume, masa ou temperatura utilizando ensaios de tipo físico ou químico.</li> </ul>	Identifica medidas de volume, masa ou temperatura utilizando ensaios sinxelos.	X			Informe de laboratorio (IL)	Rúbrica IL
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.4.</b> Técnicas de experimentación en física, química, bioloxía e xeoloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.5.</b> Preparar disolucións de diversa índole, utilizando estratexias prácticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB1.5.1.</b> Decide que tipo de estratexia práctica cómpre aplicar para a preparación dunha</li> </ul>	Coñece os pasos máis axeitados para preparar unha disolución.	X			Informe de laboratorio (IL)	Rúbrica IL

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
			disolución concreta.						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.4.</b> Técnicas de experimentación en física, química, bioloxía e xeoloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.6.</b> Separar os compoñentes dunha mestura utilizando as técnicas instrumentais adecuadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB1.6.1.</b> Establece que tipo de técnicas de separación e purificación de substancias se debe utilizar nalgún caso concreto.</li> </ul>	Coñece as principais técnicas de separación e purificación.	X			P	Corrección P
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.4.</b> Técnicas de experimentación en física, química, bioloxía e xeoloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.7.</b> Predicir que tipo de biomoléculas están presentes en distintos tipos de alimentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB1.7.1.</b> Discrimina que tipos de alimentos conteñen diferentes biomoléculas.</li> </ul>	Predí con poucos erros as biomoléculas presentes en diferentes alimentos.	X			OD / P	Lista de control OD, corrección P
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.1.</b> Organización do laboratorio: materiais e normas de seguridade e hixiene.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.8.</b> Determinar que técnicas habituais de desinfección hai que utilizar segundo o uso que se faga do material instrumental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB1.8.1.</b> Describe técnicas e determina o instrumental axeitado para os procesos cotiáns de desinfección.</li> </ul>	Coñece as técnicas básicas de desinfección do material.	X			OD / P	Lista de control OD, corrección P
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.1.</b> Organización do laboratorio: materiais e normas de seguridade e hixiene.</li> <li>▪ <b>B1.5.</b> Técnicas e procedementos de desinfección de materiais en distintos sectores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.9.</b> Precisar as fases e os procedementos habituais de desinfección de materiais de uso cotián nos establecementos sanitarios, de imaxe persoal e de tratamentos de benestar, e nas industrias e os locais relacionados co sector alimentario e as súas aplicacións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB1.9.1.</b> Resolve acerca de medidas de desinfección de materiais de uso cotián en distintos tipos de industrias ou de medios profesionais.</li> </ul>	Coñece as técnicas básicas de desinfección de materiais nos diferentes sectores.	X			OD / P	Lista de control OD, corrección P
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.5.</b> Técnicas e procedementos de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.10.</b> Analizar os procedementos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB1.10.1.</b> Relaciona procedementos</li> </ul>	Relaciona procedementos	X			OD / P	Lista de control OD,



OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	desinfección de materiais en distintos sectores.	instrumentais que se utilizan en diversas industrias como a alimentaria, a agraria, a farmacéutica, a sanitaria e a de imaxe persoal, e outros sectores da industria.	instrumentais coa súa aplicación no campo industrial ou no de servizos.	básicos instrumentais coa súa aplicación no campo industrial ou no de servizos.					corrección P
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.6.</b> Análise da aplicación da ciencia en campos profesionais directamente relacionadas con Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.11.</b> Contrastar as posibles aplicacións científicas nos campos profesionais directamente relacionados co seu contorno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB1.11.1.</b> Sinala aplicacións científicas con campos da actividade profesional do seu contorno.</li> </ul>	Recoñece as aplicacións científicas nos campos profesionais de seu entorno.	X			OD / P	Lista de control OD, corrección P
<b>BLOQUE 2. APLICACIÓNS DA CIENCIA NA CONSERVACIÓN AMBIENTAL</b>									
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.1.</b> Contaminación: concepto e tipos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.1.</b> Precisar en que consiste a contaminación, e categorizar e identificar os tipos máis representativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB2.1.1.</b> Utiliza o concepto de contaminación aplicado a casos concretos.</li> </ul>	Utiliza o concepto de contaminación aplicado a casos sinxelos concretos.		X		OD / P	Lista de control OD, corrección P
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.2.</b> Contaminación atmosférica: orixe, tipos e efectos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.2.</b> Contrastar en que consisten os efectos ambientais da contaminación atmosférica, tales como a chuvia ácida, o efecto invernadoiro, a destrución da capa de ozono e o cambio climático.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB2.2.1.</b> Discrimina os tipos de contaminación da atmosfera, a súa orixe e os seus efectos.</li> </ul>	Discrimina os principais tipos de contaminación da atmosfera.		X		OD / P	Lista de control OD, corrección P
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB2.2.2.</b> Categoriza, recoñece e distingue os efectos ambientais da contaminación atmosférica máis coñecidos, como a chuvia ácida, o efecto</li> </ul>	Distingue os efectos ambientais da contaminación atmosférica máis coñecidos, e valora os seus efectos negativos para o equilibrio do		X		OD / P	Lista de control OD, corrección P	

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
			invernadoiro, a destrución da capa de ozono ou o cambio global a nivel climático, e valora os seus efectos negativos para o equilibrio do planeta.	planeta.					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.3.</b> Contaminación do solo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.3.</b> Precisar os efectos contaminantes que se derivan da actividade industrial e agrícola, nomeadamente sobre o solo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB2.3.1.</b> Relaciona os efectos contaminantes da actividade industrial e agrícola sobre o solo.</li> </ul>	Relaciona os efectos contaminantes da actividade industrial e agrícola sobre o solo.		X		OD / P	Lista de control OD, corrección P
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.4.</b> Contaminación da auga.</li> <li>▪ <b>B2.5.</b> Calidade da auga: técnicas de tratamento e depuración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.4.</b> Identificar os axentes contaminantes da auga, informar sobre o tratamento de depuración desta e compilar datos de observación e experimentación para detectar contaminantes nela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB2.4.1.</b> Discrimina e identifica os axentes contaminantes da auga, coñece o seu tratamento e diseña algún ensaio sinxelo de laboratorio para a súa detección.</li> </ul>	Realiza con escasos erros ensaios sinxelos de laboratorio para detectar a contaminación da auga.		X		OD / IL	Lista de control OD, rúbrica IL
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.6.</b> Contaminación nuclear.</li> <li>▪ <b>B2.7.</b> Análise sobre o uso da enerxía nuclear.</li> <li>▪ <b>B2.7.</b> Xestión dos residuos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.5.</b> Precisar en que consiste a contaminación nuclear, reflexionar sobre a xestión dos residuos nucleares e valorar criticamente a utilización da enerxía nuclear.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB2.5.1.</b> Establece en que consiste a contaminación nuclear, analiza a xestión dos residuos nucleares e argumenta sobre os factores a favor e en contra do uso da enerxía nuclear.</li> </ul>	Explica os fundamentos básicos da radioactividade argumentando a favor e en contra do seu uso.		X		OD / debate	Lista de control OD, anecdótico de debate

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.6.</b> Contaminación nuclear.</li> <li>▪ <b>B2.7.</b> Análise sobre o uso da enerxía nuclear.</li> <li>▪ <b>B2.8.</b> Xestión dos residuos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.6.</b> Identificar os efectos da radioactividade sobre o ambiente e a súa repercusión sobre o futuro da humanidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB2.6.1.</b> Recoñece e distingue os efectos da contaminación radioactiva sobre o ambiente e a vida en xeral.</li> </ul>	Recoñece os principais efectos da contaminación radioactiva.		X		OD / debate	Lista de control OD, anecdótico de debate
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.8.</b> Xestión dos residuos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.7.</b> Precisar e identificar as fases procedementais que interveñen no tratamento de residuos e investiga sobre a súa recollida selectiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB2.7.1.</b> Determina os procesos de tratamento de residuos e valora criticamente a súa recollida selectiva.</li> </ul>	Coñece os procesos básicos de tratamento de residuos.		X		OD / P	Lista de control OD, corrección P
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.8.</b> Xestión dos residuos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.8.</b> Contrastar argumentos a favor da recollida selectiva de residuos e a súa repercusión a nivel familiar e social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB2.8.1.</b> Argumenta os proles e os contras da recollida, da reciclaxe e da reutilización de residuos.</li> </ul>	Fai unha valoración crítica da xestión dos residuos nucleares		X			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.9.</b> Normas básicas e experimentais sobre química ambiental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.9.</b> Utilizar ensaios de laboratorio relacionados coa química ambiental, e coñecer o que é unha medida de pH e o seu manexo para controlar o ambiente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB2.9.1.</b> Formula ensaios de laboratorio para coñecer aspectos relacionados coa conservación ambiental.</li> </ul>	Formula aceptablemente ensaios de laboratorio básicos relacionados coa química ambiental.		X		OD / IL	Lista de control OD, rúbrica IL
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.10.</b> Xestión do planeta e desenvolvemento sustentable.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.10.</b> Analizar e contrastar opinións sobre o concepto de desenvolvemento sustentable e as súas repercusións para o equilibrio ambiental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB2.10.1.</b> Identifica e describe o concepto de desenvolvemento sustentable, e enumera posibles solucións ao problema da degradación ambiental.</li> </ul>	Coñece o concepto de desenvolvemento sustentable e propón algunhas solucións posibles.		X		OD / debate	Lista de control OD, anecdótico de debate

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.11.</b> Importancia das campañas de sensibilización sobre o ambiente. Aplicación no contorno máis próximo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.11.</b> Participar en campañas de sensibilización, a nivel do centro docente, sobre a necesidade de controlar a utilización dos recursos enerxéticos ou doutro tipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB2.11.1.</b> Aplica, xunto cos/coas compañeiros/as, medidas de control da utilización dos recursos, e implica niso o propio centro docente.</li> </ul>	E quen de traballar de xeito colectivo cara a creación dun plan sensibilizador no seu entorno escolar sobre o medio ambiente.		X		OD	Lista de control OD
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.11.</b> Importancia das campañas de sensibilización sobre o ambiente. Aplicación no contorno máis próximo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.12.</b> Diseñar estratexias para dar a coñecer aos/ás compañeiros/as e ás persoas próximas a necesidade de manter o ambiente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB2.12.1.</b> Formula estratexias de sustentabilidade no contorno do centro docente.</li> </ul>	Propón algunha medida de control da xestión de residuos no centro escolar.		X		OD	Lista de control OD
<b>BLOQUE 3. INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN (I+D+I)</b>									
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.1.</b> Concepto de investigación, desenvolvemento e innovación, e etapas do ciclo I+D+i.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.1.</b> Analizar a incidencia da I+D+i na mellora da produtividade e no aumento da competitividade no marco globalizador actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB3.1.1.</b> Relaciona os conceptos de investigación, desenvolvemento e innovación. Contrasta as tres etapas do ciclo I+D+i.</li> </ul>	Coñece con poucos erros os conceptos básicos relacionados con investigación, desenvolvemento e innovación.			X	OD / P	Lista de control OD, corrección P
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.2.</b> Tipos de innovación. Importancia para a sociedade.</li> <li>▪ <b>B3.3.</b> Papel das administracións e dos organismos estatais e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.2.</b> Investigar e argumentar acerca dos tipos de innovación en produtos ou en procesos, e valorar criticamente todas as achegas a eles por parte</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB3.2.1.</b> Recoñece tipos de innovación de produtos baseada na utilización de novos materiais, novas tecnoloxías, etc., que xorden para dar resposta</li> </ul>	Recoñece algún tipo de innovación de produtos baseada no uso de novos materiais, novas tecnoloxías, etc.			X	OD / P	Lista de control OD, corrección P

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
	autonómicos no fomento da I+D+i.	de organismos estatais ou autonómicos, e de organizacións de diversa índole.	a novas necesidades da sociedade.						
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB3.2.2.</b> Enumera os organismos e as administracións que fomentan a I+D+i a nivel estatal e autonómico.</li> </ul>	Define as axencias estatal e autonómica de investigación CSIC, explicando a súa función e obxectivos, e describindo e identificando o logotipo e o seu significado.			X	OD / P	Lista de control OD, corrección P
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.2.</b> Tipos de innovación. Importancia para a sociedade.</li> <li>▪ <b>B3.4.</b> Principias liñas de I+D+i actuais para o sector industrial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.3.</b> Compilar, analizar e discriminar información sobre tipos de innovación en produtos e procesos, a partir de exemplos de empresas punteiras en innovación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB3.3.1.</b> Precisa, analiza e argumenta como a innovación é ou pode ser un factor de recuperación económica dun país.</li> </ul>	Argumenta a súa opinión sobre a importancia dos avances tecnolóxicos na vida das persoas.			X	OD / debate	Lista de control OD, anecdótico de debate
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB3.3.2.</b> Enumera algunhas liñas de I+D+i actuais para as industrias químicas, farmacéuticas, alimentarias e enerxéticas.</li> </ul>	Describe aspectos fundamentais do uso e a función dos avances científicos e tecnolóxicos, e da súa influencia en diferentes ámbitos da vida social e cotiá.			X	OD / P	Lista de control OD, corrección P
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.5.</b> Utilización de ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación no ciclo de investigación e desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.4.</b> Utilizar axeitadamente as tecnoloxías da información e da comunicación na procura, na selección e no proceso da información encamiñadas á</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB3.4.1.</b> Recoñece a importancia das tecnoloxías da información e da comunicación no ciclo de investigación e desenvolvemento.</li> </ul>	Describe algúns usos non responsables da tecnoloxía na vida cotiá das persoas, aportando hipóteses sobre as súas repercusións individuais, sociais e ambientais.			X	OD / P	Lista de control OD, corrección P

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
		investigación ou ao estudo que relacione o coñecemento científico aplicado á actividade profesional.							
<b>BLOQUE 4. PROXECTO DE INVESTIGACIÓN</b>									
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B4.1.</b> Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou a observación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B4.1.</b> Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB4.1.1.</b> Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.</li> </ul>	Aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia cometendo algúns erros.	X	X	X	Proxecto de investigación (PI)	Rúbrica PI
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B4.1.</b> Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou a observación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B4.2.</b> Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou a observación e a argumentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB4.2.1.</b> Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.</li> </ul>	Argumenta as hipóteses aínda que non as xustifica totalmente.	X	X	X	Proxecto de investigación (PI)	Rúbrica PI
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B4.2.</b> Artigo científico. Fontes de divulgación científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B4.3.</b> Discriminar e decidir sobre as fontes de información e os métodos empregados para a súa obtención.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB4.3.1.</b> Utiliza fontes de información apoiándose nas tecnoloxías da información e da comunicación, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.</li> </ul>	Selecciona as fontes de información, incluíndo algunha pouco fiable.	X	X	X	Proxecto de investigación (PI)	Rúbrica PI
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B4.3.</b> Proxecto de investigación: organización. Participación e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B4.4.</b> Participar, valorar e respectar o traballo individual e en grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB4.4.1.</b> Participa, valora e respecta o traballo individual e en</li> </ul>	Traballa en grupo con bastante implicación.	X	X	X	Proxecto de investigación (PI) /OD	Rúbrica PI / lista de control OD

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.		grupo.						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B4.3.</b> Proxecto de investigación: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B4.5.</b> Presentar e defender en público o proxecto de investigación realizado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB4.5.1.</b> Diseña pequenos traballos de investigación sobre un tema de interese científico-tecnolóxico ou relativo a animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humanas, para a súa presentación e defensa na aula.</li> </ul>	Esboza un pequeno traballo de investigación sobre un tema de interese para a súa presentación e defensa na aula.	X	X	X	Proxecto de investigación (PI) / debate	Rúbrica PI / anecdótico de debate
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>CAAB4.5.2.</b> Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.</li> </ul>	Utiliza a linguaxe científica cometendo algunhas inexactitudes.	X	X	X	Proxecto de investigación (PI)	Rúbrica PI

## ◆ ASPECTOS COMÚNS PARA A TODA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Plantéxanse tres escenarios posibles en función da situacións sanitaria:

- Escenario (1): actividade lectiva presencial.
- Escenario (2) semipresencial.
- Escenario (3): non presencial.

Cando nos refiramos a eles, indicaremos co número correspondente.

### A- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Os procesos de ensino-aprendizaxe deben proporcionar ao alumno un coñecemento sólido dos contidos, ao mesmo tempo que propicia o desenvolvemento dos hábitos intelectuais propios do pensamento abstracto, tales como a observación, a análise, a interpretación, a investigación, a capacidade creativa, a comprensión e expresión e o sentido crítico, e a capacidade para resolver problemas e aplicar os coñecementos adquiridos en diversos contextos, dentro e fora da aula, que garantan a adquisición das competencias e a efectividade das aprendizaxes.

A metodoloxía, polo tanto, ten que estar orientada a potenciar a aprendizaxe por competencias, polo que será activa e participativa potenciando a autonomía dos alumnos na toma de decisións, o aprender por si mesmos e o traballo colaborativo, a busca selectiva de información e, finalmente, a aplicación do aprendido a novas situacións. Tendo en conta as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e comunicación.

Nese sentido no desenvolvemento das sesións de clase, ao longo do curso, seguiremos unha serie de pautas:

- ✓ Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas e mobilizar estes coñecementos previos a través da memorización comprensiva.
- ✓ Favorecer que os alumnos e as alumnas aprendan por si mesmos proporcionando situacións nas que deban actualizar os seus coñecementos.
- ✓ Xerar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para os alumnos e as alumnas, co fin de que resulten motivadoras.



- ✓ Propiciar situacións de aprendizaxe que esixan una intensa actividade mental do alumnado, que lle leve a reflexionar e a xustificar as súas actuacións, promovendo a interacción na aula como motor da aprendizaxe.
- ✓ Coñecer ao alumnado para garantir a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A metodoloxía que imos poñer en xogo ao longo deste curso asentase nos seguintes principios:

- **Motivación:** ao alumno hai que atraelo mediante contidos, métodos e propostas que estimulen a súa curiosidade e alimenten o seu afán por aprender.
- **Interacción omnidireccional na aula:**
  - *Profesor-alumno:* o docente establecerá unha conversación permanente co alumno, quen ten que establecer conexións coas ideas previas ou con outros conceptos, vendo de este modo facilitada a súa aprendizaxe.
  - *Alumno-alumno:* o traballo colaborativo, os debates e as interaccións son unha fonte de enriquecemento e aprendizaxe, e introducen unha dinámica na aula que favorece a aprendizaxe e o respecto. Este tipo de actividades sería difícil realizalas no escenario (3), polo menos coa mesma dinámica que nos escenarios (1) e (2).
  - *Alumno consigo mesmo:* autointerrogándose e reflexionando sobre os seus coñecementos previos e incentivando o seu interese por entender situacións do seu entorno.
- **Equilibrio entre coñecementos e procedementos:** o coñecemento non se aprende á marxe do seu uso, como tampouco se adquiren destrezas en ausencia dun coñecemento conceptual. Imos conxugar o traballo dos coñecementos, coa amplitude e rigor necesarios, con aspectos básicos dunha actividade científica como as prácticas, a investigación e a realización e comunicación de informes.
- **Aprendizaxe activo e colaborativo:** a adquisición e aplicación de coñecementos en situacións e contextos reais é unha maneira óptima de fomentar a participación e implicación do alumnado na súa propia aprendizaxe. Unha metodoloxía activa ten que sustentarse na aprendizaxe colaborativa, de modo que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.

- **Importancia da investigación**: como resposta ás novas necesidades, onde adquiren relevancia os proxectos de investigación, a nosa metodoloxía inclúe tarefas de indagación ou investigación.
- **Integración da TIC no proceso de ensino-aprendizaxe**: non podemos obviar a motivación que aportan as TIC ao alumno nin o seu potencial didáctico. Faranse actividades interactivas usando simuladores, animacións, vídeos e realizaremos traballos usando as TIC como base.
- **Atención á diversidade**: tentaremos, dentro do posible, traballar individualmente as competencias que non foron adquiridas, usando distintos métodos de traballo para incentivar o interese do alumno e conseguir así acadar o mínimo en todos os estándares do curso.

En 2º de ESO será preciso unha avaliación inicial ao comezo de cada bloque temático, para determinar os coñecementos previos e a necesidade de reforzo de contidos imprescindibles.

Nos outros cursos de ESO, como norma xeral, adoptaremos unha programación “*circular*” (empezar no bloque temático no que se quedou no curso anterior e continuar coa secuenciación prevista) para garantir que o alumnado teña unha formación mínima en tódolos bloques temáticos.

En caso de clases non presenciais durante o presente curso, en 4º de ESO seguirase avanzando materia para garantir os “contidos mínimos esixibles” de fin de etapa da ESO.

No caso de:

- ▶ **(1) Actividade lectiva presencial**: poderase poñer en práctica a metodoloxía indicada.
- ▶ **(2) Actividade lectiva semipresencial**: a metodoloxía comentada anteriormente será posible levaba a cabo os días que a actividade sexa presencial. Os días nos que sexa non presencial, adaptarase a mesma á situación, utilizando a metodoloxía proposta no escenario (3).
- ▶ **(3) Actividade lectiva non presencial**: cada materia de cada nivel terá un curso na aula virtual no espazo reservado a cada departamento.

Neste escenario empregarase a aula virtual, os correos electrónicos, Gdrive, Hangouts, Google Classroom, canle de Youtube ou calquera outro medio telemático para a comunicación co alumnado, o seguimento do traballo desenvolvido polo alumnado, aclaración de dúbidas, transmisión de información relevante e para a posta en común de posibles dificultades que poidan xurdir. Tamén se empregarán estes medios para a entrega de actividades propostas e, de ser o caso, para a realización da proba telemática/cuestionario.

Poderán levarse a cabo videoconferencias coa aplicación CISCO WEBEX e Google Classroom.

Para o alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática, ben porque non dispoña de conectividade a internet ou ordenador persoal, buscaríamos a forma de que iso non supoña un impedimento para a realización das distintas tarefas, xa que todo o alumnado ten dereito á educación. Pode ser a entrega dun ordenador, a conexión a internet por medio dun pincho, entrega do material en papel, etc.

En 2º ESO empregarase a plataforma Edixgal para a procura e entrega das actividades propostas e, de ser o caso, para a realización da proba telemática/cuestionario. Tamén se usará para a comunicación co alumnado ademais doutros medios telemáticos (correo electrónico...)

## **B- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

### ▶ ESCENARIO (1) ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL:

- Libros de texto:
  - 2º ESO: Utilizarase a plataforma Edixgal.
  - 3º ESO : O departamento asume a elaboración do soporte textual deste nivel.
  - 4º ESO: O departamento asume a elaboración do soporte textual deste nivel.
  - 4º ESO CAAP: Non hai libro de texto.
  
- Encerado dixital nas aulas.

- Laboratorio de física e de química: con todo o material necesario para realizar as distintas prácticas que se realizarán durante o curso. Ao inicio das actividades o alumnado deberá ser informado sobre as medidas e recomendacións a seguir. Se se usaran equipos de protección individual que non forme parte do equipamento propio do alumnado deberán estar perfectamente hixienizados para o seu uso. As prácticas planificaranse de xeito que a súa realización supoña a mínima manipulación posible. O material utilizado deberá ser hixienizado despois de cada actividade para o seu uso polo seguinte alumno/a.
  - Programas informáticos: realizaranse simulacións virtuais, probaranse distintos programas gratuítos e valorarase a compra de algún outro no caso de considerarse necesario.
  - Aula TIC: onde irán os alumnos para a realización das prácticas virtuais e dos traballos de investigación. Esta aula só se utilizará se se pode manter a distancia de seguridade do protocolo covid.
  - Aula virtual do centro: todos os recursos necesarios para a superación da materia (unidades didácticas, exercicios propostos, enlaces web,...) estarán na aula virtual a disposición do alumnado en calquera dos tres escenarios. Será o recurso principal no escenario (3) e tamén para o alumnado que estea en situación de illamento aínda que non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.
  - Portas afora: para a realización das visitas extraescolares (a fábricas, exposicións, museos, etc).
  - Biblioteca: libros de consulta da biblioteca do centro.
- ▶ **ESCENARIO (2) ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL**: os días que a actividade lectiva sexa presencial utilizaranse os materiais e recursos citados no escenario (1). Os días que sexa non presencial utilizaranse os propostos no escenario (3).

► **ESCENARIO (3) ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL:**

- **Materiais:** Na aula virtual, en Gdrive, no chat de Hangouts, en Google Classroom, na plataforma de Edixgal para 2º ESO e na canle de Youtube o alumnado disporá de:
  - Unidades didácticas con contidos desenvolvidos, exemplos resoltos e exercicios.
  - Tarefas diversas (ligazóns, vídeos explicativos de conceptos teóricos,...).
- **Recursos:** Apuntes, internet, ordenador, correo electrónico, aula virtual, Gdrive, Hangouts, Youtube, Google Classroom e aplicación Cisco Webex.  
As prácticas faranse con simulacións virtuais con medios informáticos, sempre que sexa posible.

## **C- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

### **•CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

O proceso de avaliación é fundamental no desenvolvemento do curso e dentro da propia programación. Neste punto imos traballar sobre as avaliacións realizadas aos alumnos, realizarase unha avaliación inicial ao principio do curso ou ao principio de cada tema da que falaremos no punto J. En este punto imos centrarnos no proceso de avaliación continua, en como se vai cualificar aos alumnos e os criterios que teremos en conta á hora de decidir a promoción dos alumnos. Servirá para realizar modificacións na programación, tanto nas estratexias metodolóxicas como na temporalización entre outros puntos, de cara a conseguir que os alumnos acaden os obxectivos previstos.

Na ESO a avaliación debe ser:

- **Continúa:** avaliarase o traballo diario dos alumnos co fin de detectar dificultades e poder atallalas coa maior brevidade posible.
- **Obxectiva:** Levarase un rexistro de todo o que se avalía.

- **Variada:** como imos ver utilizaremos distintos procedementos de avaliación para ter a máxima información posible e abarcar todos os aspectos que teñen relevancia á hora de avaliar a un alumno.

O eixo central da avaliación son os estándares de aprendizaxe, como queda reflectido no punto anterior de esta programación. Para avaliar estes estándares de aprendizaxe usaranse distintos procedementos e instrumentos de avaliación. No departamento de física e química usaranse os seguintes:

► **ESCENARIO (1) ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL:**

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
Proba escrita, oral ou telemática (P)	Corrección individual
Observación directa (OD)	Lista de control
Informe de laboratorio (IL)	Rúbrica
Traballo individual/grupal (TI/TG)	
Lectura comprensiva (L)	Corrección de cuestionario

No caso de que haxa alumnado illado por mor do Covid-19 ou ben por calquera outra enfermidade que non lle permita a asistencia á clase, utilizaranse os procedementos e instrumentos descritos para o escenario (3).

► **ESCENARIO (2) ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL:** os días que a actividade lectiva sexa presencial utilizaranse os procedementos e instrumentos descritos no escenario (1). Os días que a actividade sexa non presencial, utilizaranse os do escenario (3).

► **ESCENARIO (3) ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL:** en calquera intre deste período, poderanse utilizar outros procedementos de avaliación adaptados ás circunstancias, para valorar o grao de desenvolvemento acadado polo alumnado. Por exemplo:

- as probas obxectivas telemáticas.
- a intervención nos foros de resolución de dúbidas.
- a entrega dos exercicios obrigatorios e voluntarios propostos.
- os traballos obrigatorios e voluntarios propostos.
- cuestionarios ou probas na aula virtual.
- videoconferencias en pequeno grupo ou individuais, etc

No caso das actividades telemáticas, as actividades serán manuscritas co nome do alumno en cada páxina e enviarase foto ou documento escaneado, debendo estar entregadas en prazo e forma establecido polo/a profesor/a.

Se previamente ás avaliacións finais, o profesorado e alumnado puidera incorporarse ao instituto, o alumnado que tivera demostrada a imposibilidade de ter realizadas as actividades telemáticas podería realizar actividades presenciais de recuperación. Esta proba conterá cuestións con similar dificultade as realizadas de modo telemático.

## • CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

### ▶ ESCENARIO (1) ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL:

Para a cualificación teremos en conta:

- ✓ Realizárase como mínimo unha proba-exame durante cada trimestre, aínda que poden realizarse máis en función da materia que corresponda a cada avaliación, que constará/n de preguntas ou cuestións teóricas e resolución de exercicios e problemas relacionados cos estándares de aprendizaxe.
- ✓ A cualificación de cada trimestre será o resultado promedio das cualificacións obtidas polo alumnado nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

Apartado	Instrumento de avaliación	Observacións	Ponderación porcentual
A	Proba escrita, oral ou telemática	Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata dous decimais. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas. Se o/a alumno/a non cumpre os obxectivos mínimos establecidos nesta programación, non poderá facer media entre exames.	80 %
B	Traballos, laboratorio, actividades e actitudes.	Valorarase globalmente de 0 a 10 puntos: informes de laboratorio, traballos de investigación e lecturas.	20 %

Para cualificar o apartado B empregarase a seguinte escala de valoración, tendo en conta que:

- Cada apartado da escala de valoración puntuará o mesmo para a cualificación total.
- No caso de que nalgunha avaliación ou curso algún dos apartados non proceda ser avaliado, a nota final repartirase equitativamente entre os restantes.

	Nunca ou case nunca 0	Esporadicamente 1	Frecuentemente 2	Sempre ou case sempre 3
Realiza o traballo diario da aula				
Realiza as tarefas propostas para casa				
Fai traballos individuais voluntarios				
Colabora activamente nos traballos en grupo				
Usa con precisión e rigor a terminoloxía específica da materia				



Presenta os seus traballos e tarefas con claridade e corrección				
Participa activamente, con corrección e coherencia, nas dinámicas de aula				
Fai as lecturas voluntarias propostas				

- ✓ Aplicaremos o principio de non contradición coa normativa de ámbito superior, pero se un/ha alumno/a que non está enfermo/a nin nunha situación excepcional, non realiza un mínimo das actividades avaliadas previstas correspondentes ó período de avaliación que lle permitan cumprir os obxectivos mínimos establecidos nesta programación, a súa nota non será superior a 4 e precisará superar as actividades de recuperación correspondentes.  
No caso dunha situación excepcional por parte do alumnado, daráselle todo tipo de facilidades, en canto a prazos, na realización de tarefas avaliadas e actividades de recuperación.
- ✓ Respecto á actitude e motivación, considérase positivo:
  - Estar atento á clase.
  - Participar activamente na clase.
  - Non ter faltas non xustificadas de asistencia ou puntualidade.
  - Traer o material necesario para seguir a clase.
- ✓ Respecto ao traballo diario, considerase positivo:
  - Realizar as actividades pedidas na aula ou fora da mesma.
  - Presentar o caderno completo cando o profesor o considere oportuno.
- ✓ Se un/ha alumno/a copia nun exame por calquera método, a cualificación será un cero (0).
- ✓ O uso de calquera dispositivo electrónico (móbil, MP3, Ipad, tableta, etc...) durante a realización de probas orais, escritas ou telemáticas de todo tipo (exames, controis de clase) considerase equivalente ao uso de chuletas e será sancionado cun cero (0) na cualificación da correspondente proba.

- ✓ Para o desenvolvemento do exame permitirase o uso de calculadora científica (non programable, sen pantalla gráfica e sen capacidade para almacenar, transmitir ou recibir datos).
- ✓ Cada alumno deberá levar a súa propia calculadora; de non facelo terá que responder ao exame sen calculadora.
- ✓ Xunto co exame, na parte de química, proporcionarase táboa periódica, onde aparecen os símbolos, números atómicos e masas atómicas dos elementos (a mesma que se proporciona na ABAU).
- ✓ Se un/ha alumno/a non realiza o exame o día que estaba fixado deberá aportar un xustificante oficial (salvo no caso de síntomas COVID, no que non será necesario) para poder realizalo o día que marque o profesor ou ben facer unha proba telemática, que pode ser:
  - unha autoavaliación na aula virtual.
  - un exame oral mediante videoconferencia se a situación tanto física como tecnolóxica do alumnado o permite.
  - actividades manuscritas co nome do/a alumno/a en cada páxina e envío de foto ou documento escaneado, entregadas en prazo e forma, establecido polo/a profesor/a.
- ✓ Elaborarase unha rúbrica para corrixir os traballos/informes que realice o alumnado (punto IV- Anexos I). Considerarase unha rúbrica aprobada cando acade o grado mínimo de consecución que aparece na táboa de estándares.
- ✓ O alumnado que non acade un cinco (5) nalguna avaliación deberá recuperar a parte da materia que teña suspensa da seguinte forma:
  - *Exame*: realizando un novo exame
  - *Traballo ou informe de laboratorio*: repetíndoo.
- ✓ **Sistema de recuperación das partes suspensas**: haberá un exame de recuperación de cada avaliación, unha vez rematada esta.

- ✓ **Avaliación final ordinaria do mes de xuño:** a cualificación final do alumnado será a media aritmética das notas das tres avaliacións. O requisito para aprobar a materia será obter unha cualificación mínima de cinco (5) no cálculo da nota final. No caso de non acadala, o alumnado deberá facer en xuño un exame sobre a materia da avaliación na que non acade a nota mínima; no caso de que contara con máis dunha avaliación suspensa, deberá examinarse de toda a materia.
  - ✓ **Avaliación extraordinaria do mes de setembro:** o alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, poderá realizar unha proba no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e horario fixado polo centro. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a cinco (5) puntos.
  - ✓ **Avaliación no caso de imposibilidade de avaliación continua pola falta de asistencia:** só contemplamos esta circunstancia no suposto reflectido no R.R.I., é dicir, no caso de absentismo reiterado e inxustificado segundo a ratio de horas semanais que recolle dito documento. Para este alumnado, a cualificación final ordinaria de xuño será a que resulte dun exame extraordinario global (de toda a materia) a celebrar, se é o caso, nas derradeiras datas do curso e non terá oportunidade de recuperación ata a convocatoria de setembro. Nesta convocatoria realizará o mesmo exame que o demais alumnado convocado.
- ▶ **ESCENARIO (2) ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL:** para o cálculo da nota farase unha ponderación das actividades feitas en cada un dos escenarios, en relación co tempo empregado en cada escenario.
- ▶ **ESCENARIO (3) ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL:** Neste caso, o/a profesor/a fará actividades avaliativas telemáticas, que poden ser:
- unha autoavaliación na aula virtual.
  - un exame oral mediante videoconferencia se a situación tanto física como tecnolóxica do alumnado o permite.
  - actividades manuscritas co nome do/a alumno/a en cada páxina e envío de foto ou documento escaneado ao profesor/a, debendo estar entregadas en prazo e forma, establecido polo/a profesor/a.
  - Calquera outra proba que os medios telemáticos dos que dispoñamos nese momento o permitan.

A ponderación porcentual de probas e actividades será a mesma que no caso da actividade presencial, pero só se terán en conta as actividades entregadas en prazo e forma, a non ser que o alumnado non poda facelo pola súa situación física ou tecnolóxica.

A recuperación de cada avaliación farase unha vez rematada esta e de maneira telemática.

## •CRITERIOS DE CORRECCIÓN

▶ Nos exames (escritos, orais ou telemáticos):

- No desenvolvemento dos exercicios valorarase:
  - A utilización da linguaxe, notación e símbolos matemáticos adecuados.
  - A utilización de argumentos, xustificacións e razoamentos coherentes.
  - A precisión e rigor adecuados para a resolución de problemas.
  - O plantexamento, o desenvolvemento e a claridade da resposta ás cuestións formuladas
  - A interpretación da solución do exercicios (non chega con dar un resultado despois dunha serie de operacións).
- Non se valorará ningún exercicio que non estea debidamente explicado ou non inclúa os pasos necesarios para chegar á solución. En ningún caso se valorará unha simple operación matemática.
- A ausencia de operacións que xustifiquen a aparición dalgún dato que non estea presente no enunciado, así como non poñer explicitamente a fórmula a empregar, restará ata un 50 % da nota.
- Os erros graves de concepto suporán a anulación o apartado correspondente.
- Os parágrafos/apartados que esixen a solución dun apartado anterior cualificaranse independentemente do resultado do devandito apartado, coa excepción de que estean baseados nun erro grave de concepto.
- Un resultado erróneo pero cun razoamento correcto valorarase.
- Unha formulación incorrecta ou a igualación incorrecta dunha ecuación química puntuará como máximo o 25% da nota do apartado.

- Nun problema numérico a resposta correcta, sen razoamento ou xustificación pode ser valorado cun 0, se o corrector non é capaz de ver de onde saíu dito resultado.
- Os erros nas unidades ou ben o non poñelas descontarán un 25% da nota do apartado.
- Un erro no cálculo considerase leve e descontarase o 25% da nota do apartado, agás que os resultados carezan de lóxica algunha e o alumno non faga unha discusión acerca da falsidade de dito resultado.
- Non se pode utilizar lapis.
- As respostas sen razoar das cuestións teóricas non se valorarán.
- A puntuación de cada pregunta do exame figurará no mesmo.
- No escenario (3) e nalgúns casos no (2)) os exames serán telemáticos, ven por medio de autoavaliacións na aula virtual, conexión por videoconferencia, etc, polo que calquera incidencia que provoque dúbidas no profesor (respostas iguais ás de outro compañeiro, estar mirando o móbil durante un exame nunha videoconferencia, etc) suporá unha anulación do mesmo.

► Nos traballos e prácticas de laboratorio:

- Deben constar de todas as partes dun proxecto científico: portada (0,5 ptos), índice paxinado (0,5 ptos), introdución (0,5 ptos), capítulos (6 ptos), conclusións (2 ptos) e bibliografía (0,5 ptos). Descontarase a parte da puntuación correspondente por cada unha que falte.
- Deben proporcionar a información necesaria para unha fácil comprensión da investigación realizada, e non só un “corta e pega” de internet, sen conexión entre os textos.
- Valorarase a utilización de linguaxe científico.
- Nos escenarios (2) e (3), para que o alumnado obteña unha cualificación positiva debe realizar correctamente as actividades necesarias para cumprir os obxectivos mínimos establecidos nesta programación, e debe envialas en prazo e forma establecido polo/a profesor/a e a través dos medios que se indicaron (aula virtual, Hangouts, correo electrónico, gdrive...).

## **D- PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN**

En aplicación ao principio de atención á diversidade e dun ensino contextualizado, aplicaranse Plans de Reforzo e Recuperación dirixidos a paliar os efectos negativos que tivera a suspensión das actividades lectivas presenciais durante o curso 2019-2020. Con este obxectivo, distinguimos dous niveis diferentes:

1.- **Reforzo e Recuperación colectivos**: trátase de integrar os elementos curriculares imprescindibles non impartidos durante o curso 2019-2020, por mor da pandemia, no presente curso 2020-2021.

Ditos elementos curriculares aparecen detallados en cada un dos niveis da presente programación. Introduciranse progresivamente segundo as necesidades da propia materia e trataranse na medida do posible de maneira transversal e complementaria sempre que se vaia a introducir un tema que manteña relación con eles ou sexa continuación dos mesmos, dedicándolles o tempo necesario para poder seguir avanzando coas aprendizaxes imprescindibles de cada materia e nivel.

2.- **Reforzo e Recuperación individuais**: no caso de alumnado promocionado con materias non superadas do curso anterior ou con necesidade específica de apoio educativo, poderán deseñarse plans individualizados de reforzo. Para detectar estes casos, teranse en conta:

- Os informes individuais elaborados polo profesorado do propio centro ao final do curso 2019-2020.
- As avaliacións iniciais realizadas ao comezo do curso 2020-2021.

Estes plans desenvolveranse mediante axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado, e serán elaborados mediante coordinación do profesorado que imparta a dito alumnado, os/as titores/as correspondentes e, de ser o caso, o departamento de Orientación.

En calquera caso, os Plans de Reforzo individuais realizaranse, de maneira preferente, aplicando metodoloxías mediante tarefas globalizadoras que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado.

Con carácter xeral, os principios metodolóxicos serán os seguintes:

- ✓ Plantexamento de tarefas abertas, para un desenvolvemento crítico e creativo. Ensinar a pensar.
- ✓ Actividades de investigación e aprendizaxe por proxectos de traballo. Aprendizaxe cooperativa.
- ✓ Actividades interdisciplinares, na medida do posible. Interrelación de aprendizaxes.
- ✓ Uso das TIC como recurso didáctico.
- ✓ Técnicas de gamificación que favorezan a motivación e a aprendizaxe.
- ✓ Actividades de auto-aprendizaxe, con auto-avaliación ou co-avaliación, que fomenten a auto-xestión do alumnado.

## **E- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁTICA DOCENTE**

Tanto o alumnado como o profesorado deben valorar o proceso de ensino e a práctica docente co fin de realizar as pertinentes modificacións para a súa mellora. Os indicadores de logro son unha serie de preguntas que servirán para reflexionar sobre a actuación do profesorado co alumnado e sobre todos os aspectos recollidos na programación.

### **► INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO**

	ESCALA			
	1	2	3	4
1- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu o aprendizaxe.				
3- Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				

5- Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7- Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8- Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10- Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11-Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12-Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

### ► **INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE**

	ESCALA			
	1	2	3	4
1- Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2- Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3- Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4- Elabóranse probas e avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6- Combínase o traballo individual e en equipo.				
7- Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8- Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9- Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizase.				



10- Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11- Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/traballos, etc.				
12- Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14- Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15- Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16- As medidas de apoio, reforzo, etc, están claramente vinculadas aos estándares.				
17- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## **F- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

No procede neste curso porque non hai alumando de ESO coa materia do curso anterior pendente.

## **G- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS**

### **▶ 2º ESO**

En 2º ESO trátase do primeiro curso no que se imparte a materia de física e química, polo que non se parte de ningún coñecemento previo por parte do alumno da materia de Física e Química, unicamente o que posúe dos fenómenos que teñen lugar na vida diaria.

Ao principio de cada unidade realizarase unha avaliación inicial, que pode consistir nun debate na aula, para determinar os coñecementos previos e a necesidade de reforzo de contidos imprescindibles.

Podemos detectar que teñen algunhas ideas erróneas que intentaremos modificar ao longo do desenvolvemento do tema.

Tamén será un modo de detectar necesidades educativas especiais que nos leven a modificar o ritmo ou a metodoloxía empregada.

Son moi importantes as destrezas matemáticas que posúa o alumnado, polo que a partir dos informes individualizados elaborados ó finalizar o curso 2019/2020, e da avaliación inicial, reforzaremos os elementos curriculares esenciais necesarios para garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### **▶ 3º e 4º ESO**

A partir dos informes individualizados elaborados ó finalizar o curso 2019/2020, e da avaliación inicial, reforzaremos os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior, necesarios para garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Isto implicará axustes curriculares que se estenderán no primeiro trimestre do curso 2020/2021.

O desenvolvemento das aprendizaxes non adquiridas farase dende un enfoque competencial e a través de propostas metodolóxicas activas e axustadas as necesidades concretas do alumnado e grupo, e que fomenten a colaboración e a participación do alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

A avaliación inicial levarase a cabo mediante tests de detección de ideas previas e actividades de debate co alumnado antes do desenvolvemento das unidades didácticas. Os tests de detección de ideas previas constan dunha serie de preguntas en cuxa resolución son necesarios os contidos e procedementos esenciais estudados na materia de Física e Química de cursos anteriores.

Así poderemos observar que alumnado non ten completamente acadados os obxectivos dese curso e prepararemos actividades de reforzo, para un traballo específico dese alumnado, que será tutorizado polo profesor.

Así mesmo, analizaremos con que contidos ou procedementos teñen máis problemas o alumnado para revisalos ao longo do curso, no momento no que sexa necesario empregarlos, para a aprendizaxe dos novos contidos.

Este ano, e por mor da situación de alerta sanitaria na que nos encontramos dende marzo, a avaliación inicial detectará moitos máis contidos que o alumnado non ten fixado (ben por non dalos na terceira avaliación ou por telos esquecidos) que en outros anos anteriores, e iso servirán de referencia para avanzar en materia nova.

## **H- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A diversidade é unha realidade social dentro da aula. De este modo, existen diferentes características, potenciais, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses por parte de cada estudante. Esta diversidade ten que ser tida en conta na proposta educativa para adecuar o proceso ensino-aprendizaxe a todo o noso alumnado.

Para adecuarse ás características diferenciais do alumnado compre utilizar recursos metodolóxicos diversos:

- Presentar os contidos por diferentes vías: de forma oral e visual, empregando tamén material exterior á aula.
- Realizar actividades de introdución, motivación, detección de coñecementos previos, desenvolvemento, síntese, resúmen, consolidación, reforzo, ampliación, avaliación e recuperación.
- Agrupamento segundo actividade.
- Materiais diversos: libros de texto, de consulta, de lectura, presentacións, fotocopias, vídeos.....
- Potenciaremos as condutas de traballo, construtivas, respectuosas co grupo mediante reforzos positivos que axuden a manter ese ambiente de traballo.

O profesorado, dentro das súas posibilidades dado o elevado número de alumnos por aula, fará un seguimento do caderno do alumno. De este modo pode detectar as necesidades de cada alumno/a.

Este feito pode dar lugar a reforzos na aula, tanto por detectar dificultades na adquisición de determinados coñecementos como por detectar alumnos con altos coñecementos e que se aburren na aula. En ambos casos o profesor poderá repartir boletíns de exercicios de reforzo ou de ampliación para corrixir estes desfases. Tamén se terá en conta esta circunstancia cando se agrupen para realizar algunha tarefa de modo que os membros do grupo se complementen e favoreza a súa aprendizaxe.

En caso de que se detecte un problema máis grave poñerá en coñecemento do titor e do orientador para tomar as medidas oportunas. No caso de que esta medida sexa unha adaptación curricular está poderá requirir modificacións significativas do currículo ordinario. As adaptacións tamén poden incluír alumnos que presente altas capacidades intelectuais.

Nos escenarios (2) e (3) realizaranse reunións periódicas vía telemática co alumnado ou se se considera necesario co profesorado do Departamento de Orientación.

## **I- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Durante o curso vanse traballar distintos elementos transversais:

- Comprensión lectora (CL): repartirase entre o alumnado textos científicos adecuados ao seu nivel. Deberan responder a un cuestionario despois da lectura ou realizarse un debate na aula sobre o texto. Deste modo inténtase conseguir unha lectura máis fluída en temática científica e aumentar o vocabulario.
- Durante o curso o alumnado deberá elaborar distintos traballos escritos nos que traballaremos a expresión escrita (EOE) e as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).
- Nos traballos en grupo potenciarase a educación cívica (EC) fundamentada no respecto e empatía cara os demais.
- A expresión oral (EOE) e a comunicación audiovisual foméntase nas presentación dos traballos diante dos compañeiros.
- Durante as prácticas de laboratorio promoverase o Emprendemento.

## **J- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

As actividades extraescolares organizaranse ao longo do curso e reflectiranse na memoria de final de curso, aínda que é posible a situación de alerta sanitaria non nos permita facer ningunha. Prestarase colaboración ás que organicen outros departamentos.

## **K- CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR**

O Departamento de Física e Química desexa participar no desenvolvemento do proxecto lector do Centro e, por iso, ofrece as horas lectivas das súas materias que se estimen oportunas para a consecución de dita empresa.

A nosa intención é que o alumnado se acerque dunha forma natural e “non forzada” á lectura; que sinta a satisfacción que xorde da actividade de ler non so sobre temas científicos senón de calquera temática.

As lecturas recomendadas para a ESO, e das que dispoñemos exemplares na biblioteca son as seguintes:

- Ciencia para Nicolás. Carlos Chordá. Editorial Laetoli.
- Los elementos. Theodore Gray. Editorial Vox.
- Albert Einstein y su explosivo Universo. Mike Goldsmith. Editorial El Rompecabezas.
- Los científicos y sus locos experimentos. Mike Goldsmith. Editorial El Rompecabezas.
- Los inventores y sus brillantes ideas. Mike Goldsmith. Editorial El Rompecabezas.
- La Ciencia de El Hormiguero 3.0. 25 experimentos loquísimos para aprender en casa. VV.AA. Editorial Montena.
- A que altura está o ceo? Jorge Mira. Alvarellos Editora.

## **L- CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS**

Os membros do Departamento utilizan a aula virtual do centro para “colgar” nela os apuntes das materias, material complementario, recursos didácticos, etc; deste modo o alumnado pode descargar desde a súa casa (vía internet) todo o material necesario para preparar a materia (apuntes, boletíns de exercicios, enlaces a páxinas web, prácticas de laboratorio, etc).

Na páxina web do centro e dentro do apartado do Departamento de Física e Química, o alumnado e familias terán a posibilidade de consultar a programación do Departamento.

## **M- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

Dado que a programación é un documento vivo, é necesario facer unha avaliación da mesma para saber que modificacións poderían melloralas. Durante todo curso avaliarase a programación do seguinte xeito:

- Nas reunións de departamento farase unha análise e avaliación do desenvolvemento da programación didáctica ata ese momento, tendo en conta o grao de cumprimento da programación, dificultades atopadas e medidas adoptadas. Deixarase reflectido na acta da reunión.
- A partir da aplicación na aula da programación didáctica, o/a profesor/a analizará a adecuación da programación didáctica ao contexto da clase e a consecuencia desta análise estableceranse as medidas de mellora que se consideren oportunas.
- Despois de cada avaliación realizarase unha análise dos resultados obtidos, podendo derivarse de estes modificacións na programación que quedarán reflectidas nas actas de departamento e na memoria final de curso.
- Tras a aplicación total da programación, cando se teña unha mellor perspectiva completarase cos resultados das avaliacións interna e externa do alumnado.

Será necesario comprobar polo menos os seguintes aspectos:

- Adecuación da materia de cada unidade didáctica ao tempo programado.
- Adecuación dos exercicios programados, tanto a cantidade como a gradación na dificultade dos mesmos.
- Valorar o grao de participación nas distintas tarefas por parte do alumnado.
- Valorar o grao de adquisición dos coñecementos por parte do alumnado e, en caso de parecer insuficiente, estudar os motivos e propoñer medidas para remedialo (exercicios de reforzo, ampliación, recuperación, maior afondamento nas explicacións, ampliación do tempo dedicado ...)

A información obtida permitirá, se fose necesario, reconducir e mellorar a programación, os seus procesos de aplicación e os resultados da súa posta en marcha.

## **N- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

- **Información ao alumnado e ás familias:** Utilizarase a páxina web do instituto para colgar a programación de tódalas materias que imparte o departamento, de modo que tanto o alumnado como as familias teñan acceso inmediato a elas.
- **Publicidade:** Na páxina web do centro, no apartado Departamentos, estará a disposición de alumnado e familias esta programación.

## III-BACHARELATO

No nosos instituto temos dúas quendas de bacharelato, diúrna e nocturna (EPA).

### ◆ FÍSICA E QUÍMICA 1º BACHARELATO DIÚRNO

En 1º de bacharelato esta materia ten, pola contra, un carácter esencialmente formal, e está enfocada a dotar ao alumnado de capacidades específicas asociadas a esta disciplina. Cun esquema de bloques similar, en cuarto de ESO aséntanse as bases dos contidos que en primeiro de bacharelato recibirán un enfoque máis educativo.

Os contidos que se recollen no currículo están ao servizo do logro dos distintos criterios. Estes elementos, en unión coas competencias clave e cos obxectivos, estrutúranse en bloques. O primeiro bloque, común a todos os niveis, está dedicado a desenvolver as capacidades inherentes ao traballo científico, partindo da observación e a experimentación como base do coñecemento. Os elementos propios deste bloque deben desenvolverse de xeito transversal ao longo de todo o curso, utilizando a elaboración de hipóteses e a toma de datos como pasos imprescindibles para a resolución de calquera tipo de problema. Hanse desenvolver destrezas no manexo do aparato científico, pois o traballo experimental é unha das pedras angulares de Física e Química. Traballárase, así mesmo, a presentación dos resultados obtidos mediante gráficos e táboas, a extracción de conclusións e a súa confrontación con fontes bibliográficas.

### **A- CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS**

#### **●ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE IMPRESCINDIBLES CORRESPONDENTES A 4º ESO NON ADQUIRIDOS NO CURSO 2019/2020**

Estes foron os aprendizaxes imprescindibles que o alumnado de 4º de ESO do IES Nº 1 non adquiriu no curso 2019/2020 debido a situación de pandemia que vivimos desde o 13 de marzo. Non temos información dos non adquiridos polo alumnado que provén doutros centros. Algún deles coinciden cos aprendizaxes que debe adquirir o alumnado no curso de 1º de Bacharelato polo que se reforzarán aqueles que se consideren necesarios para a continuidade do proceso de ensinanza aprendizaxe na materia de Física e Química.



Destes estándares, o FQB2.6.1, o FQB2.8.1 ata FQB5.3.1 incluído, repítense nos estándares de aprendizaxe de 1º Bacharelato. Os estándares FQB2.7.1, o FQB2.7.2, e o FQB5.4.1 ata FQB5.6.2 non son imprescindibles para a materia de 1º Bacharelato.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
▪ <b>FQB2.6.1.</b> Nomea e formula compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC.	X	X					
▪ <b>FQB2.7.1.</b> Xustifica a importancia das forzas intermoleculares en substancias de interese biolóxico.		X					
▪ <b>FQB2.7.2.</b> Relaciona a intensidade e o tipo das forzas intermoleculares co estado físico e os puntos de fusión e ebulición das substancias covalentes moleculares, interpretando gráficos ou táboas que conteñan os datos necesarios.		X					
▪ <b>FQB2.8.1.</b> Explica os motivos polos que o carbono é o elemento que forma maior número de compostos.		X					
▪ <b>FQB2.8.2.</b> Analiza as formas alotrópicas do carbono, relacionando a estrutura coas propiedades.		X					
▪ <b>FQB2.9.1.</b> Identifica e representa hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula molecular, semidesenvolvida e desenvolvida.		X					
▪ <b>FQB2.9.2.</b> Deduce, a partir de modelos moleculares, as fórmulas usadas na representación de hidrocarburos.		X					
▪ <b>FQB2.9.3.</b> Describe as aplicacións de hidrocarburos sinxelos de especial interese.		X					
▪ <b>FQB2.10.1.</b> Recoñece o grupo funcional e a familia orgánica a partir da fórmula de alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas.		X					
▪ <b>FQB3.1.1.</b> Interpreta reaccións químicas sinxelas utilizando a teoría de colisións, e deduce a lei de conservación da masa.		X					

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
▪ <b>FQB3.2.1.</b> Predí o efecto que sobre a velocidade de reacción teñen a concentración dos reactivos, a temperatura, o grao de división dos reactivos sólidos e os catalizadores.		X					
▪ <b>FQB3.2.2.</b> Analiza o efecto dos factores que afectan a velocidade dunha reacción química, sexa a través de experiencias de laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas nas que a manipulación das variables permita extraer conclusións.		X	X				
▪ <b>FQB3.3.1.</b> Determina o carácter endotérmico ou exotérmico dunha reacción química analizando o signo da calor de reacción asociada.		X					
▪ <b>FQB3.4.1.</b> Realiza cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro.		X					
▪ <b>FQB3.5.1.</b> Interpreta os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas e moles e, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes.		X					
▪ <b>FQB3.5.2.</b> Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución.		X					
▪ <b>FQB3.6.1.</b> Utiliza a teoría de Arrhenius para describir o comportamento químico de ácidos e bases.		X					
▪ <b>FQB3.6.2.</b> Establece o carácter ácido, básico ou neutro dunha disolución utilizando a escala de pH.		X					
▪ <b>FQB3.7.1.</b> Deseña e describe o procedemento de realización dunha volumetría de neutralización entre un ácido forte e unha base forte, e interpreta os resultados.		X				X	
▪ <b>FQB3.7.2.</b> Planifica unha experiencia e describe o procedemento para seguir no laboratorio que demostre que nas reaccións de combustión se produce dióxido de carbono mediante a detección deste gas.		X				X	
▪ <b>FQB3.7.3.</b> Realiza algunhas experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión ou neutralización.		X		X			

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
▪ <b>FQB3.8.1.</b> Describe as reaccións de síntese industrial do amoníaco e do ácido sulfúrico, así como os usos destas substancias na industria química.		X					
▪ <b>FQB3.8.2.</b> Valora a importancia das reaccións de combustión na xeración de electricidade en centrais térmicas, na automoción e na respiración celular.		X			X		
▪ <b>FQB3.8.3.</b> Describe casos concretos de reaccións de neutralización de importancia biolóxica e industrial.		X					
▪ <b>FQB5.1.1.</b> Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.		X					
▪ <b>FQB5.1.2.</b> Determina a enerxía disipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica.		X					
▪ <b>FQB5.2.1.</b> Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do seu significado científico.		X					
▪ <b>FQB5.2.2.</b> Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía en forma de calor ou en forma de traballo.		X					
▪ <b>FQB5.3.1.</b> Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV.		X					
▪ <b>FQB5.4.1.</b> Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía, determinar a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, e representar graficamente estas transformacións.		X					
▪ <b>FQB5.4.2.</b> Calcula a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico.		X					
▪ <b>FQB5.4.3.</b> Relaciona a variación da lonxitude dun obxecto coa variación da súa temperatura utilizando o coeficiente de dilatación lineal correspondente.		X					

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
▪ <b>FQB5.4.4.</b> Determina experimentalmente calores específicas e calores latentes de substancias mediante un calorímetro, realizando os cálculos necesarios a partir dos datos empíricos obtidos.		X		X			
▪ <b>FQB5.5.1.</b> Explica ou interpreta, mediante ilustracións ou a partir delas, o fundamento do funcionamento do motor de explosión.		X					
▪ <b>FQB5.5.2.</b> Realiza un traballo sobre a importancia histórica do motor de explosión e preséntao empregando as TIC.	X	X	X	X	X		X
▪ <b>FQB5.6.1.</b> Utiliza o concepto da degradación da enerxía para relacionar a enerxía absorbida e o traballo realizado por unha máquina térmica.		X					
▪ <b>FQB5.6.2.</b> Emprega simulacións virtuais interactivas para determinar a degradación da enerxía en diferentes máquinas, e expón os resultados empregando as TIC.	X	X	X				

### ●ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE IMPRESCINDIBLES CORRESPONDENTES A 1º BACHARELATO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
▪ <b>FQB1.1.1.</b> Aplica habilidades necesarias para a investigación científica: fai preguntas, identifica problemas, recolle datos, realiza experiencias, diseña e argumenta estratexias de resolución de problemas, utiliza modelos e leis, revisa o proceso e obtén conclusións.	X	X		X		X	
▪ <b>FQB1.1.2.</b> Resolve exercicios numéricos e expresa o valor das magnitudes empregando a notación científica, estima os erros absoluto e relativo asociados e contextualiza os resultados.		X		X		X	
▪ <b>FQB1.1.3.</b> Efectúa a análise dimensional das ecuacións que relacionan as magnitudes nun proceso físico ou químico.		X					

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
▪ <b>FQB1.1.4.</b> Distingue magnitudes escalares e vectoriais, e opera adecuadamente con elas.		X					
▪ <b>FQB1.1.5.</b> Elabora e interpreta representacións gráficas de procesos físicos e químicos a partir dos datos obtidos en experiencias de laboratorio ou virtuais, e relaciona os resultados obtidos coas ecuacións que representan as leis e os principios subxacentes.	X	X	X	X			
▪ <b>FQB1.1.6.</b> A partir dun texto científico, extrae e interpreta a información, e argumenta con rigor e precisión, utilizando a terminoloxía adecuada.	X	X		X			
▪ <b>FQB1.2.1.</b> Emprega aplicacións virtuais interactivas para simular experimentos físicos de difícil realización no laboratorio.		X	X				
▪ <b>FQB1.2.2.</b> Establece os elementos esenciais para o deseño, a elaboración e a defensa dun proxecto de investigación, sobre un tema de actualidade científica, vinculado coa física ou a química, utilizando preferentemente as TIC.	X	X	X	X		X	
▪ <b>FQB1.3.1.</b> Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.	X	X	X	X	X	X	
▪ <b>FQB2.1.1.</b> Xustifica a teoría atómica de Dalton e a discontinuidade da materia a partir das leis fundamentais da química, e exemplifícao con reaccións.		X					
▪ <b>FQB2.2.1.</b> Determina as magnitudes que definen o estado dun gas aplicando a ecuación de estado dos gases ideais.		X					
▪ <b>FQB2.2.2.</b> Explica razoadamente a utilidade e as limitacións da hipótese do gas ideal.		X					
▪ <b>FQB2.3.1.</b> Determina presións totais e parciais dos gases dunha mestura, relacionando a presión total dun sistema coa fracción molar e a ecuación de estado dos gases ideais.		X					
▪ <b>FQB2.3.2.</b> Relaciona a fórmula empírica e molecular dun composto coa súa composición centesimal, aplicando a ecuación de estado dos gases ideais.		X					
▪ <b>FQB2.4.1.</b> Expresa a concentración dunha disolución en g/L, mol/L, porcentaxe en peso e en volume; leva a cabo e describe o procedemento de preparación no laboratorio de disolucións dunha		X					

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
concentración determinada e realiza os cálculos necesarios, tanto para o caso de solutos en estado sólido como a partir doutra de concentración coñecida.							
▪ <b>FQB2.5.1.</b> Experimenta e interpreta a variación das temperaturas de fusión e ebulición dun líquido ao que se lle engade un soluto, relacionándoo con algún proceso de interese no contorno.		X					
▪ <b>FQB2.5.2.</b> Utiliza o concepto de presión osmótica para describir o paso de ións a través dunha membrana semipermeable.		X					
▪ <b>FQB2.6.1.</b> Calcula a masa atómica dun elemento a partir dos datos espectrométricos obtidos para os diferentes isótopos deste.		X					
▪ <b>FQB2.7.1.</b> Describe as aplicacións da espectroscopía na identificación de elementos e compostos.		X					
▪ <b>FQB3.1.1.</b> Escribe e axusta e realiza ecuacións químicas sinxelas de distinto tipo (neutralización, oxidación, síntese) e de interese bioquímico ou industrial.		X				X	
▪ <b>FQB3.2.1.</b> Interpreta unha ecuación química en termos de cantidade de materia, masa, número de partículas ou volume, para realizar cálculos estequiométricos nela.		X					
▪ <b>FQB3.2.2.</b> Realiza os cálculos estequiométricos aplicando a lei de conservación da masa a distintas reaccións.		X					
▪ <b>FQB3.2.3.</b> Efectúa cálculos estequiométricos nos que interveñan compostos en estado sólido, líquido ou gasoso, ou en disolución en presenza dun reactivo limitante ou un reactivo impuro.		X					
▪ <b>FQB3.2.4.</b> Aplica o rendemento dunha reacción na realización de cálculos estequiométricos.		X					
▪ <b>FQB3.3.1.</b> Describe o proceso de obtención de produtos inorgánicos de alto valor engadido, analizando o seu interese industrial.		X					
▪ <b>FQB3.4.1.</b> Explica os procesos que teñen lugar nun alto forno, e escribe e xustifica as reaccións químicas que se producen nel.		X					
▪ <b>FQB3.4.2.</b> Argumenta a necesidade de transformar o ferro de fundición en aceiro, distinguindo entre		X					

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
ambos os produtos segundo a porcentaxe de carbono que conteñan.							
▪ <b>FQB3.4.3.</b> Relaciona a composición dos tipos de aceiro coas súas aplicacións.		X					
▪ <b>FQB3.5.1.</b> Analiza a importancia e a necesidade da investigación científica aplicada ao desenvolvemento de novos materiais, e a súa repercusión na calidade de vida, a partir de fontes de información científica.		X			X		X
▪ <b>FQB4.1.1.</b> Relaciona a variación da enerxía interna nun proceso termodinámico coa calor absorbida ou desprendida e o traballo realizado no proceso.		X					
▪ <b>FQB4.2.1.</b> Explica razoadamente o procedemento para determinar o equivalente mecánico da calor tomando como referente aplicacións virtuais interactivas asociadas ao experimento de Joule.		X					
▪ <b>FQB4.3.1.</b> Expresa as reaccións mediante ecuacións termoquímicas debuxando e interpretando os diagramas entálpicos asociados.		X					
▪ <b>FQB4.4.1.</b> Calcula a variación de entalpía dunha reacción aplicando a lei de Hess, coñecendo as entalpías de formación ou as enerxías de ligazón asociadas a unha transformación química dada, e interpreta o seu signo.		X					
▪ <b>FQB4.5.1.</b> Predí a variación de entropía nunha reacción química dependendo da molecularidade e do estado dos compostos que interveñen.		X					
▪ <b>FQB4.6.1.</b> Identifica a enerxía de Gibbs coa magnitude que informa sobre a espontaneidade dunha reacción química.		X					
▪ <b>FQB4.6.2.</b> Xustifica a espontaneidade dunha reacción química en función dos factores entálpicos, antrópicos e da temperatura.		X					
▪ <b>FQB4.7.1.</b> Expón situacións reais ou figuradas en que se poña de manifesto o segundo principio da termodinámica, asociando o concepto de entropía coa irreversibilidade dun proceso.		X					
▪ <b>FQB4.7.2.</b> Relaciona o concepto de entropía coa espontaneidade dos procesos irreversibles.		X					

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
▪ <b>FQB4.8.1.</b> Analiza as consecuencias do uso de combustibles fósiles, relacionando as emisións de CO <sub>2</sub> co seu efecto na calidade de vida, o efecto invernadoiro, o quecemento global, a redución dos recursos naturais e outros, a partir de distintas fontes de información, e propón actitudes sustentables para reducir estes efectos.	X	X			X	X	
▪ <b>FQB5.1.1.</b> Formula e nomea segundo as normas da IUPAC hidrocarburos de cadea aberta e pechada, e derivados aromáticos.		X					
▪ <b>FQB5.2.1.</b> Formula e nomea segundo as normas da IUPAC compostos orgánicos sinxelos cunha función osixenada ou nitroxenada.		X					
▪ <b>FQB5.3.1.</b> Representa os isómeros dun composto orgánico.		X					
▪ <b>FQB5.4.1.</b> Describe o proceso de obtención do gas natural e dos derivados do petróleo a nivel industrial, e a súa repercusión ambiental.		X			X		
▪ <b>FQB5.4.2.</b> Explica a utilidade das fraccións do petróleo.		X					
▪ <b>FQB5.5.1.</b> Identifica as formas alotrópicas do carbono relacionándoas coas propiedades fisicoquímicas e as súas posibles aplicacións.		X					
▪ <b>FQB5.6.1.</b> A partir dunha fonte de información, elabora un informe no que se analice e xustifique a importancia da química do carbono e a súa incidencia na calidade de vida	X	X			X		
▪ <b>FQB5.6.2.</b> Relaciona as reaccións de condensación e combustión con procesos que ocorren a nivel biolóxico.		X					
▪ <b>FQB6.1.1.</b> Analiza o movemento dun corpo en situacións cotiás razoando se o sistema de referencia elixido é inercial ou non inercial.		X					
▪ <b>FQB6.1.2.</b> Xustifica a viabilidade dun experimento que distinga se un sistema de referencia se acha en repouso ou se move con velocidade constante.		X					
▪ <b>FQB6.2.1.</b> Describe o movemento dun corpo a partir dos seus vectores de posición, velocidade e aceleración nun sistema de referencia dado.		X					



ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
▪ <b>FQB6.3.1.</b> Obtén as ecuacións que describen a velocidade e a aceleración dun corpo a partir da expresión do vector de posición en función do tempo.		X					
▪ <b>FQB6.3.2.</b> Resolve exercicios prácticos de cinemática en dúas dimensións (movemento dun corpo nun plano) aplicando as ecuacións dos movementos rectilíneo uniforme (MRU) e movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA).		X					
▪ <b>FQB6.3.3.</b> Realiza e describe experiencias que permitan analizar os movementos rectilíneo ou circular, e determina as magnitudes involucradas.		X					
▪ <b>FQB6.4.1.</b> Interpreta as gráficas que relacionan as variables implicadas nos movementos MRU, MRUA e circular uniforme (MCU) aplicando as ecuacións adecuadas para obter os valores do espazo percorrido, a velocidade e a aceleración.		X					
▪ <b>FQB6.5.1.</b> Formulado un suposto, identifica o tipo ou os tipos de movementos implicados, e aplica as ecuacións da cinemática para realizar predicións acerca da posición e a velocidade do móbil.		X					
▪ <b>FQB6.6.1.</b> Identifica as compoñentes intrínsecas da aceleración en casos prácticos e aplica as ecuacións que permiten determinar o seu valor.		X					
▪ <b>FQB6.7.1.</b> Relaciona as magnitudes lineais e angulares para un móbil que describe unha traxectoria circular, establecendo as ecuacións correspondentes.		X					
▪ <b>FQB6.8.1.</b> Recoñece movementos compostos, establece as ecuacións que os describen, e calcula o valor de magnitudes tales como alcance e altura máxima, así como valores instantáneos de posición, velocidade e aceleración.		X					
▪ <b>FQB6.8.2.</b> Resolve problemas relativos á composición de movementos descompoñéndoo en dous movementos rectilíneos.		X					
▪ <b>FQB6.8.3.</b> Emprega simulacións virtuais interactivas para resolver supostos prácticos reais, determinando condicións iniciais, traxectorias e puntos de encontro dos corpos implicados.		X	X				
▪ <b>FQB6.9.1.</b> Deseña, realiza e describe experiencias que poñan de manifesto o movemento harmónico simple (MHS) e determina as magnitudes involucradas.	X	X				X	

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
▪ <b>FQB6.9.2.</b> Interpreta o significado físico dos parámetros que aparecen na ecuación do movemento harmónico simple.		X					
▪ <b>FQB6.9.3.</b> Predí a posición dun oscilador harmónico simple coñecendo a amplitude, a frecuencia, o período e a fase inicial.		X					
▪ <b>FQB6.9.4.</b> Obtén a posición, velocidade e aceleración nun movemento harmónico simple aplicando as ecuacións que o describen.		X					
▪ <b>FQB6.9.5.</b> Analiza o comportamento da velocidade e da aceleración dun movemento harmónico simple en función da elongación.		X					
▪ <b>FQB6.9.6.</b> Representa graficamente a posición, a velocidade e a aceleración do movemento harmónico simple (MHS) en función do tempo, comprobando a súa periodicidade.		X					
▪ <b>FQB7.1.1.</b> Representa todas as forzas que actúan sobre un corpo, obtendo a resultante e extraendo consecuencias sobre o seu estado de movemento.		X					
▪ <b>FQB7.1.2.</b> Debuxa o diagrama de forzas dun corpo situado no interior dun ascensor en diferentes situacións de movemento, calculando a súa aceleración a partir das leis da dinámica.		X					
▪ <b>FQB7.2.1.</b> Calcula o módulo do momento dunha forza en casos prácticos sinxelos.		X					
▪ <b>FQB7.2.2.</b> Resolve supostos nos que aparezan forzas de rozamento en planos horizontais ou inclinados, aplicando as leis de Newton.		X					
▪ <b>FQB7.2.3.</b> Relaciona o movemento de varios corpos unidos mediante cordas tensas e poleas coas forzas que actúan sobre cada corpo.		X					
▪ <b>FQB7.3.1.</b> Determina experimentalmente a constante elástica dun resorte aplicando a lei de Hooke e calcula a frecuencia coa que oscila unha masa coñecida unida a un extremo do citado resorte.		X					
▪ <b>FQB7.3.2.</b> Demostra que a aceleración dun movemento harmónico simple (MHS) é proporcional ao desprazamento empregando a ecuación fundamental da dinámica.		X					

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
▪ <b>FQB7.3.3.</b> Estima o valor da gravidade facendo un estudo do movemento do péndulo simple.		X					
▪ <b>FQB7.4.1.</b> Establece a relación entre impulso mecánico e momento lineal aplicando a segunda lei de Newton.		X					
▪ <b>FQB7.4.2.</b> Explica o movemento de dous corpos en casos prácticos como colisións e sistemas de propulsión mediante o principio de conservación do momento lineal.		X					
▪ <b>FQB7.5.1.</b> Aplica o concepto de forza centrípeta para resolver e interpretar casos de móbiles en curvas e en traxectorias circulares.		X					
▪ <b>FQB7.6.1.</b> Comproba as leis de Kepler a partir de táboas de datos astronómicos correspondentes ao movemento dalgúns planetas.		X					
▪ <b>FQB7.6.2.</b> Describe o movemento orbital dos planetas do Sistema Solar aplicando as leis de Kepler e extrae conclusións acerca do período orbital destes.		X					X
▪ <b>FQB7.7.1.</b> Aplica a lei de conservación do momento angular ao movemento elíptico dos planetas, relacionando valores do raio orbital e da velocidade en diferentes puntos da órbita.		X					
▪ <b>FQB7.7.2.</b> Utiliza a lei fundamental da dinámica para explicar o movemento orbital de corpos como satélites, planetas e galaxias, relacionando o raio e a velocidade orbital coa masa do corpo central.		X					
▪ <b>FQB7.8.1.</b> Expresa a forza da atracción gravitatoria entre dous corpos calquera, coñecidas as variables das que depende, establecendo como inciden os cambios nestas sobre aquela.		X					
▪ <b>FQB7.8.2.</b> Compara o valor da atracción gravitatoria da Terra sobre un corpo na súa superficie coa acción de corpos afastados sobre o mesmo corpo.		X					
▪ <b>FQB7.9.1.</b> Compara a lei de Newton da gravitación universal e a de Coulomb, e establece diferenzas e semellanzas entre elas.		X					X
▪ <b>FQB7.9.2.</b> Acha a forza neta que un conxunto de cargas exerce sobre unha carga problema utilizando a lei de Coulomb.		X					

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB7.10.1.</b> Determina as forzas electrostática e gravitatoria entre dúas partículas de carga e masa coñecidas e compara os valores obtidos, extrapolando conclusións ao caso dos electróns e o núcleo dun átomo.</li> </ul>		X					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB8.1.1.</b> Aplica o principio de conservación da enerxía para resolver problemas mecánicos, determinando valores de velocidade e posición, así como de enerxía cinética e potencial.</li> </ul>		X					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB8.1.2.</b> Relaciona o traballo que realiza unha forza sobre un corpo coa variación da súa enerxía cinética, e determina algunha das magnitudes implicadas.</li> </ul>		X					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB8.2.1.</b> Clasifica en conservativas e non conservativas, as forzas que interveñen nun suposto teórico xustificando as transformacións enerxéticas que se producen e a súa relación co traballo.</li> </ul>		X					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB8.3.1.</b> Estima a enerxía almacenada nun resorte en función da elongación, coñecida a súa constante elástica.</li> </ul>		X					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB8.3.2.</b> Calcula as enerxías cinética, potencial e mecánica dun oscilador harmónico aplicando o principio de conservación da enerxía e realiza a representación gráfica correspondente.</li> </ul>		X					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB8.4.1.</b> Asocia o traballo necesario para trasladar unha carga entre dous puntos dun campo eléctrico coa diferenza de potencial existente entre eles permitindo a determinación da enerxía implicada no proceso.</li> </ul>		X					

## **B- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DO CURSO**

Nesta materia trabállanse os seguintes obxectivos da etapa de entre os establecidos no artigo 26 do decreto 86/2015

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación. h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## **C- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os estándares non impartidos en 4º ESO no curso 2019/2020 e necesarios para o correcto desenvolvemento no proceso de ensino-aprendizaxe, serán introducidos progresivamente durante o curso presente segundo as necesidades da propia materia. A concreción dos mesmos está recollida na concreción do curso correspondente.

Destes estándares, o FQB2.6.1, o FQB2.8.1 ata FQB5.3.1 incluído, repítense nos estándares de aprendizaxe de 1º Bacharelato. Os estándares FQB2.7.1, o FQB2.7.2, e o FQB5.4.1 ata FQB5.6.2 non son imprescindibles para a materia de 1º Bacharelato.

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación	Instrum. avaliación
<b>BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA</b>									
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.1.</b> Estratexias necesarias na actividade científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.1.</b> Recoñecer e utilizar as estratexias básicas da actividade científica: formular problemas e emitir hipóteses, propor modelos, elaborar estratexias de resolución de problemas e deseños experimentais, analizar os resultados e realizar experiencias</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB1.1.1.</b> Aplica habilidades necesarias para a investigación científica: fai preguntas, identifica problemas, recolle datos, realiza experiencias, diseña e argumenta estratexias de resolución de problemas, utiliza modelos e leis, revisa o proceso e obtén conclusións.</li> </ul>	Realiza o informe científico asociado á práctica do péndulo no que inclúe todos os puntos.	X			Informe de laboratorio (IL)	Rúbrica IL
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB1.1.2.</b> Resolve exercicios numéricos e expresa o valor das magnitudes empregando a notación científica, estima os erros absoluto e relativo asociados e contextualiza os resultados.</li> </ul>	Resolve exercicios numéricos e expresa o valor das magnitudes empregando a notación científica e estima os erros absoluto e relativo asociados con algunha dificultade.	X			Informe de laboratorio (IL)	Rúbrica IL
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB1.1.3.</b> Efectúa a análise</li> </ul>	Efectúa a análise	X	X	X	Proba (P)	Corrección

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación	Instrum. avaliación
			dimensional das ecuacións que relacionan as magnitudes nun proceso físico ou químico.	dimensional de ecuacións que relacionan magnitudes con pequenos erros.					P
			▪ <b>FQB1.1.4.</b> Distingue magnitudes escalares e vectoriais, e opera adecuadamente con elas.	Distingue magnitudes escalares e vectoriais, e opera adecuadamente con elas.		X	X	Proba (P)	Corrección P
			▪ <b>FQB1.1.5.</b> Elabora e interpreta representacións gráficas de procesos físicos e químicos a partir dos datos obtidos en experiencias de laboratorio ou virtuais, e relaciona os resultados obtidos coas ecuacións que representan as leis e os principios subxacentes.	Elabora e interpreta representacións gráficas de procesos a partir dos datos obtidos en experiencias de laboratorio ou virtuais, e relaciona os resultados obtidos coas ecuacións que representan as leis e os principios subxacentes.	X	X	X	Informe de laboratorio (IL)	Rúbrica IL
			▪ <b>FQB1.1.6.</b> A partir dun texto científico, extrae e interpreta a información, e argumenta con rigor e precisión, utilizando a terminoloxía adecuada.	A partir dun texto científico extrae e interpreta a información e argumenta con pouco rigor.	X		X	Debate	Registro anecdótico do debate
▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ m	▪ <b>B1.2.</b> Tecnoloxías da información e da comunicación no traballo científico. ▪ <b>B1.3.</b> Proxecto de investigación.	▪ <b>B1.2.</b> Utilizar e aplicar as tecnoloxías da información e da comunicación no estudo dos fenómenos físicos e químicos.	▪ <b>FQB1.2.1.</b> Emprega aplicacións virtuais interactivas para simular experimentos físicos de difícil realización no laboratorio.	Emprega, con axuda, aplicacións virtuais interactivas para simular experimentos físicos.		X	X	Observación directa	Lista de control OD
			▪ <b>FQB1.2.2.</b> Establece os elementos esenciais para o deseño, a elaboración e a defensa dun proxecto de investigación, sobre un tema vinculado coa física ou a química,	Establece, con dificultade, os elementos esenciais para o deseño, a elaboración e a defensa dun proxecto de investigación, sobre un tema vinculado coa física ou a		X		Traballo grupal	Rúbrica TG

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación	Instrum. avaliación
			utilizando preferentemente as TIC.	química, utilizando preferentemente as TIC.					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.1.</b> Estratexias necesarias na actividade científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.3.</b> Realizar en equipo tarefas propias da investigación científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB1.3.1.</b> Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.</li> </ul>	Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.		X		Traballo grupal	Rúbrica TG
<b>BLOQUE 2. ASPECTOS CUANTITATIVOS DA QUÍMICA</b>									
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.1.</b> Revisión da teoría atómica de Dalton.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.1.</b> Explicar a teoría atómica de Dalton e as leis básicas asociadas ao seu establecemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB2.1.1.</b> Xustifica a teoría atómica de Dalton e a descontinuidade da materia a partir das leis fundamentais da química, e exemplifícao con reaccións.</li> </ul>	Define a teoría atómica de Dalton e a descontinuidade da materia a partir das leis fundamentais da química, e exemplifícao con reaccións.	X			Proba	Corrección P
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.2.</b> Leis dos gases. Ecuación de estado dos gases ideais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.2.</b> Utilizar a ecuación de estado dos gases ideais para establecer relacións entre a presión, o volume e a temperatura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB2.2.1.</b> Determina as magnitudes que definen o estado dun gas aplicando a ecuación de estado dos gases ideais.</li> </ul>	Resolve exercicios nos que calcula as distintas magnitudes que definen un gas usando a ecuación dos gases ideais.	X			Proba	Corrección P
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB2.2.2.</b> Explica razoadamente a utilidade e as limitacións da hipótese do gas ideal.</li> </ul>	Explica a utilidade e as limitacións da hipótese do gas ideal.	X			Proba	Corrección P
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.3.</b> Determinación de fórmulas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.3.</b> Aplicar a ecuación dos gases ideais para calcular masas moleculares e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB2.3.1.</b> Determina presións totais e parciais dos gases dunha mestura, relacionando a presión</li> </ul>	Determina presións totais e parciais dos gases dunha mestura, relacionando a	X			Proba	Corrección P



OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación	Instrum. avaliación
	empíricas e moleculares.	determinar fórmulas moleculares.	total dun sistema coa fracción molar e a ecuación de estado dos gases ideais.	presión total dun sistema coa fracción molar e a ecuación de estado dos gases ideais.					
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB2.3.2.</b> Relaciona a fórmula empírica e molecular dun composto coa súa composición centesimal, aplicando a ecuación de estado dos gases ideais.</li> </ul>	Calcula a fórmula empírica e molecular dun composto a partir da súa composición centesimal, aplicando a ecuación de estado dos gases ideais.	X			Proba	Corrección P
i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.4.</b> Disolucións: formas de expresar a concentración, preparación e propiedades coligativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.4.</b> Realizar os cálculos necesarios para a preparación de disolucións dunha concentración dada, expresala en calquera das formas establecidas, e levar a cabo a súa preparación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB2.4.1.</b> Expresa a concentración dunha disolución en g/L, mol/L, porcentaxe en peso e en volume; leva a cabo e describe o procedemento de preparación no laboratorio de disolucións dunha concentración determinada e realiza os cálculos necesarios, tanto para solutos en estado sólido como a partir doutra de concentración coñecida.</li> </ul>	Expresa a concentración dunha disolución en g/L, mol/L, porcentaxe en peso e en volume; leva a cabo, con axuda, e describe o procedemento de preparación no laboratorio de disolucións dunha concentración determinada e realiza os cálculos necesarios, tanto para solutos en estado sólido como a partir doutra de concentración coñecida.	X			Informe de laboratorio (IL)	Rúbrica IL
								Proba	Corrección P
i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.4.</b> Disolucións: formas de expresar a concentración, preparación e propiedades coligativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.5.</b> Explicar a variación das propiedades coligativas entre unha disolución e o disolvente puro, e comprobalo experimentalmente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB2.5.1.</b> Experimenta e interpreta a variación das temperaturas de fusión e ebulición dun líquido ao que se lle engade un soluto, relacionándoo con algún proceso de interese no contorno.</li> </ul>	Comproba experimentalmente a variación dos puntos de fusión e de ebulición nunha disolución en función da concentración.	X			Informe laboratorio	Rúbrica IL
								Traballo	Rúbrica
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB2.5.2.</b> Utiliza o concepto de</li> </ul>	Explica a presión osmótica	X			Traballo	Rúbrica

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación	Instrum. avaliación
			presión osmótica para describir o paso de ións a través dunha membrana semipermeable.	aplicándoo a un caso real.				individual	TI
▪ i	▪ <b>B2.6.</b> Métodos actuais para a análise de substancias: espectroscopía e espectrometría.	▪ <b>B2.6.</b> Utilizar os datos obtidos mediante técnicas espectrométricas para calcular masas atómicas.	▪ <b>FQB2.6.1.</b> Calcula a masa atómica dun elemento a partir dos datos espectrométricos obtidos para os diferentes isótopos deste.	Calcula a masa atómica dun elemento a partir dos datos espectrométricos obtidos para os seus isótopos.	X			Proba	Corrección
▪ i	▪ <b>B2.6.</b> Métodos actuais para a análise de substancias: espectroscopía e espectrometría.	▪ <b>B2.7.</b> Recoñecer a importancia das técnicas espectroscópicas que permiten a análise e identificación de substancias.	▪ <b>FQB2.7.1.</b> Describe as aplicacións da espectroscopía na identificación de elementos e compostos.	Explica como se identifican as substancias a través da análise espectroscópica.	X			Traballo individual (TI)	Traballo individual (TI)
<b>BLOQUE 3. REACCIÓN QUÍMICAS</b>									
▪ i	▪ <b>B3.1.</b> Estequiometría das reaccións. Reactivo limitante e rendemento dunha reacción.	▪ <b>B3.1.</b> Formular e nomear as substancias que interveñen nunha reacción química, e levar a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.	▪ <b>FQB3.1.1.</b> Escribe e axusta e realiza ecuacións químicas sinxelas de distinto tipo (neutralización, oxidación, síntese) e de interese bioquímico ou industrial.	Escribe e axusta e realiza ecuacións químicas sinxelas de distinto tipo (neutralización, oxidación, síntese) e de interese bioquímico ou industrial.	X			Proba	Corrección P
▪ i	▪ <b>B3.1.</b> Estequiometría das reaccións. Reactivo limitante e rendemento dunha reacción.	▪ <b>B3.2.</b> Interpretar as reaccións químicas e resolver problemas nos que interveñan reactivos limitantes e reactivos impuros, e cuxo rendemento non sexa completo.	▪ <b>FQB3.2.1.</b> Interpreta unha ecuación química en termos de cantidade de materia, masa, número de partículas ou volume, para realizar cálculos estequiométricos nela.	Relaciona as masas, volumes e número de partículas entre as distintas substancias que interveñen nunha reacción química.	X			Proba	Corrección P
			▪ <b>FQB3.2.2.</b> Realiza os cálculos	Realiza os cálculos	X			Proba	Corrección

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación	Instrum. avaliación
			estequiométricos aplicando a lei de conservación da masa a distintas reaccións.	estequiométricos aplicando a lei de conservación da masa a distintas reaccións.					P
								Observación directa	Lista de control OD
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB3.2.3.</b> Efectúa cálculos estequiométricos nos que interveñan compostos en estado sólido, líquido ou gasoso, ou en disolución en presenza dun reactivo limitante ou un reactivo impuro.</li> </ul>	Resolve exercicios de estequiometría con substancias en estado sólido, líquido ou gasoso, ou en disolución en presenza dun reactivo limitante ou un reactivo impuro.	X			Proba	Corrección
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB3.2.4.</b> Aplica o rendemento dunha reacción na realización de cálculos estequiométricos.</li> </ul>	Resolve exercicios de estequiometría nos que a reacción non transcorre ao 100 %	X			Proba	Corrección P
▪ i	▪ <b>B3.3.</b> Química e industria.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.3.</b> Identificar as reaccións químicas implicadas na obtención de compostos inorgánicos relacionados con procesos industriais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB3.3.1.</b> Describe o proceso de obtención de produtos inorgánicos de alto valor engadido, analizando o seu interese industrial.</li> </ul>	Explica o proceso de obtención de distintos produtos de interese..	X			Traballo individual (TI)	Rúbrica TI
▪ TI	▪ <b>B3.3.</b> Química e industria.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.4.</b> Identificar os procesos básicos da siderurxia e as aplicacións dos produtos resultantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB3.4.1.</b> Explica os procesos que teñen lugar nun alto forno, e escribe e xustifica as reaccións químicas que se producen nel.</li> <li>▪ <b>FQB3.4.2.</b> Argumenta a necesidade de transformar o ferro de fundición en aceiro, distinguindo entre ambos os</li> </ul>	Describe como funcionan os altos fornos.	X			Traballo individual ou grupal.	Rúbrica TG
				Distingue entre o ferro de fundición e o aceiro segundo a porcentaxe de carbono que conteñan.	X				

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación	Instrum. avaliación
			produtos segundo a porcentaxe de carbono que conteñan.						
			▪ <b>FQB3.4.3.</b> Relaciona a composición dos tipos de aceiro coas súas aplicacións.	Explica a composición e aplicacións dos distintos tipos de aceiro.	X				
▪ a ▪ e ▪ i ▪ p	▪ <b>B3.3.</b> Química e industria.	▪ <b>B3.5.</b> Valorar a importancia da investigación científica no desenvolvemento de novos materiais con aplicacións que melloren a calidade de vida.	▪ <b>FQB3.5.1.</b> Analiza a importancia e a necesidade da investigación científica aplicada ao desenvolvemento de novos materiais, e a súa repercusión na calidade de vida, a partir de fontes de información científica.	Analiza o estudo de novos materiais e as súas aplicacións.	X				
<b>BLOQUE 4. TRANSFORMACIÓNS ENERXÉTICAS E ESPONTANEIDADE DAS REACCIÓNS QUÍMICAS</b>									
▪ i	▪ <b>B4.1.</b> Sistemas termodinámicos.	▪ <b>B4.1.</b> Interpretar o primeiro principio da termodinámica como o principio de conservación da enerxía en sistemas nos que se producen intercambios de calor e traballo.	▪ <b>FQB4.1.1.</b> Relaciona a variación da enerxía interna nun proceso termodinámico coa calor absorbida ou desprendida e o traballo realizado no proceso.	Relaciona a variación da enerxía interna nun proceso termodinámico coa calor absorbida ou desprendida e o traballo realizado no proceso.		X		Proba	Corrección P
▪ i	▪ <b>B4.2.</b> Primeiro principio da termodinámica. Enerxía interna.	▪ <b>B4.2.</b> Recoñecer a unidade da calor no Sistema Internacional e o seu equivalente mecánico.	▪ <b>FQB4.2.1.</b> Explica razoadamente o procedemento para determinar o equivalente mecánico da calor tomando como referente aplicacións virtuais interactivas asociadas ao experimento de Joule.	Explica, escasamente razoado, o procedemento para determinar o equivalente mecánico da calor usando aplicacións virtuais interactivas asociadas ao experimento de Joule.			X	Informe de prácticas	Rúbrica IP
▪ i	▪ <b>B4.3.</b> Entalpía. Ecuacións	▪ <b>B4.3.</b> Interpretar ecuacións termoquímicas e distinguir	▪ <b>FQB4.3.1.</b> Expresa as reaccións mediante ecuacións	Expresa as reaccións mediante ecuacións		X		Proba	Corrección

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación	Instrum. avaliación
	termoquímicas.	entre reaccións endotérmicas e exotérmicas.	termoquímicas debuxando e interpretando os diagramas entálpicos asociados.	termoquímicas debuxando os diagramas entálpicos asociados.					ón P
▪ i	▪ <b>B4.4.</b> Lei de Hess.	▪ <b>B4.4.</b> Describir as posibles formas de calcular a entalpía dunha reacción química.	▪ <b>FQB4.4.1.</b> Calcula a variación de entalpía dunha reacción aplicando a lei de Hess, coñecendo as entalpías de formación ou as enerxías de ligazón asociadas a unha transformación química dada, e interpreta o seu signo.	Calcula a variación de entalpía dunha reacción aplicando a lei de Hess, coñecendo as entalpías de formación ou as enerxías de ligazón asociadas a unha transformación química dada, e interpreta o seu signo.		X		Proba	Corrección P
▪ i	▪ <b>B4.5.</b> Segundo principio da termodinámica. Entropía.	▪ <b>B4.5.</b> Dar resposta a cuestións conceptuais sinxelas sobre o 2º principio da termodinámica en relación aos procesos espontáneos.	▪ <b>FQB4.5.1.</b> Predí a variación de entropía nunha reacción química dependendo da molecularidade e do estado dos compostos que interveñen.	Predí a variación de entropía nunha reacción química dependendo do estado dos compostos que interveñen.		X		Proba	Corrección P
▪ i	▪ <b>B4.6.</b> Factores que interveñen na espontaneidade dunha reacción química. Enerxía de Gibbs.	▪ <b>B4.6.</b> Predicir, de forma cualitativa e cuantitativa, a espontaneidade dun proceso químico en determinadas condicións a partir da enerxía de Gibbs.	▪ <b>FQB4.6.1.</b> Identifica a enerxía de Gibbs coa magnitude que informa sobre a espontaneidade dunha reacción química.	Identifica a enerxía de Gibbs coa magnitude que informa sobre a espontaneidade dunha reacción química.		X		Proba	Corrección P
			▪ <b>FQB4.6.2.</b> Xustifica a espontaneidade dunha reacción química en función dos factores entálpicos, entrópicos e da temperatura.	Xustifica a espontaneidade dunha reacción química en función dos factores entálpicos, entrópicos e da temperatura, so con cálculos matemáticos.		X		Proba	Corrección P
▪ i	▪ <b>B4.6.</b> Factores que interveñen na espontaneidade	▪ <b>B4.7.</b> Distinguir os procesos reversibles e irreversibles, e a súa relación coa entropía	▪ <b>FQB4.7.1.</b> Expón situacións reais ou figuradas en que se poña de manifesto o segundo principio da	Expón, con axuda do profesor, situacións en que se poña de manifesto o		X		Debate	Rexistro anecdótico

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación	Instrum. avaliación
	dunha reacción química. Enerxía de Gibbs.	e o segundo principio da termodinámica.	termodinámica, asociando o concepto de entropía coa irreversibilidade dun proceso.	segundo principio da termodinámica, asociando o concepto de entropía coa irreversibilidade dun proceso.					do debate
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB4.7.2.</b> Relaciona o concepto de entropía coa espontaneidade dos procesos irreversibles.</li> </ul>	Relaciona, con dificultade, o concepto de entropía coa espontaneidade dos procesos irreversibles.		X			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B4.7.</b> Consecuencias sociais e ambientais das reaccións químicas de combustión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B4.8.</b> Analizar a influencia das reaccións de combustión a nivel social, industrial e ambiental, e as súas aplicacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB4.8.1.</b> Analiza as consecuencias do uso de combustibles fósiles, relacionando as emisións de CO<sub>2</sub> co seu efecto na calidade de vida, o efecto invernadoiro, o quecemento global, a redución dos recursos naturais e outros, a partir de distintas fontes de información, e propón actitudes sustentables para reducir estes efectos.</li> </ul>	Analiza con argumentos básicos as consecuencias do uso de combustibles fósiles, relacionando as emisións de CO <sub>2</sub> co seu efecto na calidade de vida, o efecto invernadoiro, o quecemento global, a redución dos recursos naturais e outros, a partir de distintas fontes de información, e propón actitudes sustentables para reducir estes efectos.		X		Debate	Rexistro anecdótico do debate
<b>BLOQUE 5. QUÍMICA DO CARBONO</b>									
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B5.1.</b> Enlaces do átomo de C.</li> <li>▪ <b>B5.2.</b> Compostos de carbono: hidrocarburos.</li> <li>▪ <b>B5.3.</b> Formulación e nomenclatura</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B5.1.</b> Recoñecer hidrocarburos saturados e insaturados e aromáticos, relacionándoos con compostos de interese biolóxico e industrial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB5.1.1.</b> Formula e nomea segundo as normas da IUPAC hidrocarburos de cadea aberta e pechada, e derivados aromáticos.</li> </ul>	Formula e nomea compostos sinxelos, con ramificacións, e no caso dos aromáticos so benceno con radicais.		X		Proba	Corrección P

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación	Instrum. avaliación
	IUPAC dos compostos do carbono.								
▪ i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B5.3.</b> Formulación e nomenclatura IUPAC dos compostos do carbono.</li> <li>▪ <b>B5.4.</b> Compostos de carbono nitroxenados e osixenados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B5.2.</b> Identificar compostos orgánicos que conteñan funcións osixenadas e nitroxenadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB5.2.1.</b> Formula e nomea segundo as normas da IUPAC compostos orgánicos sinxelos cunha función osixenada ou nitroxenada.</li> </ul>	Formula compostos con grupo funcional sen insaturacións.		X		Proba	Corrección P
▪ i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B5.5.</b> Isomería estrutural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B5.3.</b> Representar os tipos de isomería.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB5.3.1.</b> Representa os isómeros dun composto orgánico.</li> </ul>	Define e identifica que tipo de isomería posúen dous compostos.		X		Proba	Corrección P
▪ i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B5.6.</b> Petróleo e novos materiais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B5.4.</b> Explicar os fundamentos químicos relacionados coa industria do petróleo e do gas natural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB5.4.1.</b> Describe o proceso de obtención do gas natural e dos derivados do petróleo a nivel industrial, e a súa repercusión ambiental.</li> </ul>	Realiza unha descrición básica do proceso.		X		Traballo grupal	Rúbrica TG
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB5.4.2.</b> Explica a utilidade das fraccións do petróleo.</li> </ul>	Explica a utilidade de dúas fraccións do petróleo.		X		Traballo grupal	Rúbrica TG
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B5.7.</b> Aplicacións e propiedades dos compostos do carbono.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B5.5.</b> Diferenciar as estruturas que presenta o C no grafito, diamante, grafeno, fullereno e nanotubos, e relacionalo coas súas aplicacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB5.5.1.</b> Identifica as formas alotrópicas do carbono relacionándoas coas propiedades fisicoquímicas e as súas posibles aplicacións.</li> </ul>	Identifica as formas alotrópicas e as aplicacións.		X		Traballo individual	Rúbrica TI

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación	Instrum. avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B5.7.</b> Aplicacións e propiedades dos compostos do carbono.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B5.6.</b> Valorar o papel da química do carbono nas nosas vidas e recoñecer a necesidade de adoptar actitudes e medidas ambientalmente sustentables.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB5.6.1.</b> A partir dunha fonte de información, elabora un informe no que se analice e xustifique a importancia da química do carbono e a súa incidencia na calidade de vida.</li> </ul>	So aporta a información que se aporta no documento fonte.		X		Traballo individual	Rúbrica TI
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB5.6.2.</b> Relaciona as reaccións de condensación e combustión con procesos que ocorren a nivel biolóxico.</li> </ul>	So realiza a relación pero non explica quimicamente a que é debido.		X		Traballo individual	Rúbrica TI
<b>BLOQUE 6. CINEMÁTICA</b>									
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B6.1.</b> Sistemas de referencia inerciais. Principio de relatividade de Galileo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B6.1.</b> Distinguir entre sistemas de referencia inerciais e non inerciais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB6.1.1.</b> Analiza o movemento dun corpo en situacións cotiás razoando se o sistema de referencia elixido é inercial ou non inercial.</li> </ul>	Distingue coa axuda do profesor sistemas inerciais de non inerciais.		X		Debate	Rexistro anecdótico do debate
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB6.1.2.</b> Xustifica a viabilidade dun experimento que distinga se un sistema de referencia se acha en repouso ou se move con velocidade constante.</li> </ul>	Realízao con axuda		X		Debate	Rexistro anecdótico do debate
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B6.1.</b> Sistemas de referencia inerciais. Principio de relatividade de Galileo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B6.2.</b> Representar graficamente as magnitudes vectoriais que describen o movementos nun sistema de referencia adecuado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB6.2.1.</b> Describe o movemento dun corpo a partir dos seus vectores de posición, velocidade e aceleración nun sistema de referencia dado.</li> </ul>	So o realiza en casos sinxelos, xa vistos na aula		X		Proba	Corrección P



OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación	Instrum. avaliación
i	B6.2. Movements rectilíneo e circular.	B6.3. Recoñecer as ecuacións dos movementos rectilíneo e circular, e aplicalas a situacións concretas.	FQB6.3.1. Obtén as ecuacións que describen a velocidade e a aceleración dun corpo a partir da expresión do vector de posición en función do tempo.	So o realiza en casos sinxelos, xa vistos na aula		X		Proba	Corrección P
			FQB6.3.2. Resolve exercicios prácticos de cinemática en dúas dimensións (movemento nun plano) aplicando as ecuacións dos movementos rectilíneo uniforme (MRU) e movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA).	So realiza o tiro parabólico en casos sinxelos, nos que partimos da velocidade inicial.		X		Proba	Corrección P
			FQB6.3.3. Realiza e describe experiencias que permitan analizar os movementos rectilíneo ou circular, e determina as magnitudes involucradas.	Realiza a experiencia que deseñou o profesor.		X		Informe de prácticas	Rúbrica IP
i	B6.2. Movements rectilíneo e circular.	B6.4. Interpretar representacións gráficas dos movementos rectilíneo e circular.	FQB6.4.1. Interpreta as gráficas que relacionan as variables implicadas nos movementos MRU, MRUA e circular uniforme (MCU) aplicando as ecuacións adecuadas para obter os valores do espazo percorrido, a velocidade e a aceleración.	Identifica o tipo de movemento que representa cada gráfica e realiza os cálculos no MR.		X		Proba	Corrección P
i	B6.2. Movements rectilíneo e circular.	B6.5. Determinar velocidades e aceleracións instantáneas a partir da expresión do vector de posición en función do tempo.	FQB6.5.1. Formulado un suposto, identifica o/s tipo/s de movementos implicados, e aplica as ecuacións da cinemática para realizar predicións acerca da posición e a velocidade do móbil.	Realízao para movementos rectilíneos.		X		Proba	Corrección P

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación	Instrum. avaliación
▪ i	▪ <b>B6.3.</b> Movemento circular uniformemente acelerado.	▪ <b>B6.6.</b> Describir o movemento circular uniformemente acelerado e expresar a aceleración en función das súas compoñentes intrínsecas.	▪ <b>FQB6.6.1.</b> Identifica as compoñentes intrínsecas da aceleración en casos prácticos e aplica as ecuacións que permiten determinar o seu valor.	Identifica que compoñente intrínseca hai en cada tipo de movemento.		X		Proba	Corrección P
▪ i	▪ <b>B6.3.</b> Movemento circular uniformemente acelerado.	▪ <b>B6.7.</b> Relacionar nun movemento circular as magnitudes angulares coas lineais.	▪ <b>FQB6.7.1.</b> Relaciona as magnitudes lineais e angulares para un móbil que describe unha traxectoria circular, establecendo as ecuacións correspondentes.	Relaciona as magnitudes lineais e angulares para un móbil con traxectoria circular, establecendo as ecuacións correspondentes.		X		Proba	Corrección P
▪ g ▪ i	▪ <b>B6.4.</b> Composición dos movementos rectilíneo uniforme e rectilíneo uniformemente acelerado.	▪ <b>B6.8.</b> Identificar o movemento non circular dun móbil nun plano como a composición de dous movementos unidimensionais rectilíneo uniforme (MRU) e/ou rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA).	▪ <b>FQB6.8.1.</b> Recoñece movementos compostos, establece as ecuacións que os describen, e calcula o valor de magnitudes (alcance e altura máxima) e valores instantáneos de posición, velocidade e aceleración.	Recoñece movementos compostos e calcula os valores das magnitudes cando temos como dato a velocidade inicial		X		Proba	Corrección P
			▪ <b>FQB6.8.2.</b> Resolve problemas relativos á composición de movementos descompoñéndoo en dous movementos rectilíneos.	Resolve problemas sinxelos.		X		Proba	Corrección P
			▪ <b>FQB6.8.3.</b> Emprega simulacións virtuais interactivas para resolver supostos prácticos reais, determinando condicións iniciais, traxectorias e puntos de encontro dos corpos implicados.	Emprega as simulacións coa axuda do profesor.		X		Informe de prácticas Observación directa	Rúbrica IP
▪ i	▪ <b>B6.5.</b> Descrición	▪ <b>B6.9.</b> Interpretar o	▪ <b>FQB6.9.1.</b> Deseña, realiza e	Realízaa coa axuda do		X		Informe de	Rúbrica

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación	Instrum. avaliación
	do movemento harmónico simple (MHS).	significado físico dos parámetros que describen o movemento harmónico simple (MHS) e asocio ao movemento dun corpo que oscile.	describe experiencias que poñan de manifesto o movemento harmónico simple (MHS) e determina as magnitudes involucradas.	profesor.				prácticas	IP
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB6.9.2.</b> Interpreta o significado físico dos parámetros que aparecen na ecuación do movemento harmónico simple (MHS).</li> </ul>	Identifica o valor de cada parámetro.		X		Proba	Corrección P
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB6.9.3.</b> Predí a posición dun oscilador harmónico simple coñecendo a amplitude, a frecuencia, o período e a fase inicial.</li> </ul>	Predí a posición dun oscilador harmónico simple coñecendo a amplitude, a frecuencia, o período e a fase inicial.		X		Proba	Corrección P
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB6.9.4.</b> Obtén a posición, velocidade e aceleración nun movemento harmónico simple aplicando as ecuacións que o describen.</li> </ul>	Obtén a posición, velocidade e aceleración nun MHS aplicando as ecuacións que o describen.		X		Proba	Corrección P
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB6.9.5.</b> Analiza o comportamento da velocidade e da aceleración dun movemento harmónico simple en función da elongación.</li> </ul>	Obtén a posición, velocidade e aceleración nun MHS aplicando as ecuacións que o describen.		X		Proba	Corrección P
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB6.9.6.</b> Representa graficamente a posición, a velocidade e a aceleración do movemento harmónico simple (MHS) en función do tempo, comprobando a súa</li> </ul>	Representa graficamente a posición, velocidade e aceleración do MHS en función do tempo, comprobando a súa		X		Proba	Corrección P

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación	Instrum. avaliación
			periodicidade.	periodicidade.					
<b>BLOQUE 7. DINÁMICA</b>									
i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B7.1.</b> A forza como interacción.</li> <li>▪ <b>B7.2.</b> Leis de Newton.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B7.1.</b> Identificar todas as forzas que actúan sobre un corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB7.1.1.</b> Representa todas as forzas que actúan sobre un corpo, obtendo a resultante e extraendo consecuencias sobre o seu estado de movemento.</li> </ul>	Debuxa e descompón as forzas que actúan sobre un corpo situado nun plano inclinado.			X	Proba	Corrección P
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB7.1.2.</b> Debuxa o diagrama de forzas dun corpo situado no interior dun ascensor en diferentes situacións de movemento, calculando a súa aceleración a partir das leis da dinámica.</li> </ul>	Calcula a aceleración sobre un corpo situado dentro de un ascensor cando arrinca ou frea.			X	Proba	Corrección P
i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B7.2.</b> Leis de Newton.</li> <li>▪ <b>B7.3.</b> Forzas de contacto. Dinámica de corpos ligados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B7.2.</b> Resolver situacións desde un punto de vista dinámico que involucran planos inclinados e/ou poleas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB7.2.1.</b> Calcula o módulo do momento dunha forza en casos prácticos sinxelos.</li> </ul>	Calcula o módulo do momento da forza gravitatoria.			X	Proba	Corrección P
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB7.2.2.</b> Resolve supostos nos que aparezan forzas de rozamento en planos horizontais ou inclinados, aplicando as leis de Newton.</li> </ul>	Resolve exercicios con forza de rozamento en planos horizontais.			X	Proba	Corrección P
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB7.2.3.</b> Relaciona o movemento de varios corpos unidos mediante cordas tensas e poleas coas forzas que actúan sobre cada corpo.</li> </ul>	Calcula a aceleración de dous corpos unidos por unha polea sen rozamento.			X	Proba	Corrección P
i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B7.4.</b> Forzas elásticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B7.3.</b> Recoñecer as forzas elásticas en situacións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB7.3.1.</b> Determina experimentalmente a constante</li> </ul>	Realiza a experiencia onde calcula a constante			X	Informe de	Rúbrica

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación	Instrum. avaliación
	Dinámica do MHS.	cotiás e describir os seus efectos.	elástica dun resorte aplicando a lei de Hooke e calcula a frecuencia coa que oscila unha masa coñecida unida a un extremo do citado resorte.	elástica de un resorte colgando distintos pesos do mesmo.				prácticas Observación directa	IP
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB7.3.2.</b> Demostra que a aceleración dun movemento harmónico simple (MHS) é proporcional ao desprazamento empregando a ecuación fundamental da dinámica.</li> </ul>	Coñece a expresión que relaciona a aceleración do MHS e o desprazamento.			X	Proba	Corrección P
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB7.3.3.</b> Estima o valor da gravidade facendo un estudo do movemento do péndulo simple.</li> </ul>	Usa un péndulo para calcular a aceleración da gravidade no laboratorio.			X	Informe de prácticas Observación directa	Rúbrica IP
i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B7.5.</b> Sistema de dúas partículas.</li> <li>▪ <b>B7.6.</b> Conservación do momento lineal e impulso mecánico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B7.4.</b> Aplicar o principio de conservación do momento lineal a sistemas de dous corpos e predicir o movemento destes a partir das condicións iniciais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB7.4.1.</b> Establece a relación entre impulso mecánico e momento lineal aplicando a segunda lei de Newton.</li> </ul>	Calcula a forza sobre un corpo a partir da variación do momento lineal do mesmo			X	Proba	Corrección P
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB7.4.2.</b> Explica o movemento de dous corpos en casos prácticos como colisións e sistemas de propulsión mediante o principio de conservación do momento lineal.</li> </ul>	Realiza exercicios nos que usa a conservación do momento lineal cando non hai variación na dirección dos movementos.			X	Proba	Corrección P
i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B7.7.</b> Dinámica do movemento circular uniforme.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B7.5.</b> Xustificar a necesidade de que existan forzas para que se produza un movemento circular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB7.5.1.</b> Aplica o concepto de forza centrípeta para resolver e interpretar casos de móbiles en curvas e en traxectorias circulares.</li> </ul>	Calcula a velocidade a que pode tomar unha curva un móbil coñecendo o seu radio.			X	Proba	Corrección P

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación	Instrum. avaliación
i	B7.8. Leis de Kepler.	B7.6. Contextualizar as leis de Kepler no estudo do movemento planetario.	FQB7.6.1. Comproba as leis de Kepler a partir de táboas de datos astronómicos correspondentes ao movemento dalgúns planetas.	Aplica a terceira lei de Kepler para calcular o período de revolución dun planeta coñecido o seu radio e os datos da terra.			X	Traballo individual (TI)	Rúbrica TI
			FQB7.6.2. Describe o movemento orbital dos planetas do Sistema Solar aplicando as leis de Kepler e extrae conclusións acerca do período orbital destes.	Aplica a terceira lei de Kepler para calcular o período de revolución dun planeta coñecido o seu radio e os datos da terra.			X	Proba	Corrección P
i	B7.9. Forzas centrais. Momento dunha forza e momento angular. Conservación do momento angular.	B7.7. Asociar o movemento orbital coa actuación de forzas centrais e a conservación do momento angular.	FQB7.7.1. Aplica a lei de conservación do momento angular ao movemento elíptico dos planetas, relacionando valores do raio orbital e da velocidade en diferentes puntos da órbita.	Explica as consecuencias da segunda lei de Kepler.			X	Traballo individual (TI)	Rúbrica TI
			FQB7.7.2. Utiliza a lei fundamental da dinámica para explicar o movemento orbital de corpos como satélites, planetas e galaxias, relacionando o raio e a velocidade orbital coa masa do corpo central.	Calcula o radio e/ou a velocidade dun planeta usando a lei da gravitación universal e 2º Lei de Newton.			X	Proba	Corrección P
i	B7.10. Lei de gravitación universal.	B7.8. Determinar e aplicar a lei de gravitación universal á estimación do peso dos corpos e á interacción entre corpos celestes, tendo en conta o seu carácter	FQB7.8.1. Expresa a forza da atracción gravitatoria entre dous corpos calquera, coñecidas as variables das que depende, establecendo como inciden os cambios nestas sobre aquela.	Usa a Lei da Gravitación Universal para coñecer a forza con que se atraen dous corpos calquera.			X	Proba	Corrección P

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación	Instrum. avaliación
		vectorial.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB7.8.2.</b> Compara o valor da atracción gravitatoria da Terra sobre un corpo na súa superficie coa acción de corpos afastados sobre o mesmo corpo.</li> </ul>	Calcula a forza con que se atraen dous corpos celestes.			X	Traballo individual (TI)	Rúbrica TI
i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B7.11.</b> Interacción electrostática: lei de Coulomb.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B7.9.</b> Enunciar a lei de Coulomb e caracterizar a interacción entre dúas cargas eléctricas puntuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB7.9.1.</b> Compara a lei de Newton da gravitación universal e a de Coulomb, e establece diferenzas e semellanzas entre elas.</li> </ul>	Compara a lei de Newton da gravitación universal e a de Coulomb, e establece diferenzas e semellanzas entre elas.			X	Traballo individual (TI)	Rúbrica TI
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB7.9.2.</b> Acha a forza neta que un conxunto de cargas exerce sobre unha carga problema utilizando a lei de Coulomb.</li> </ul>	Usa lei de Coulomb para calcular a forza que exercen sobre unha carga outras dúas que están en línea coa mesma			X	Traballo individual (TI)	Rúbrica TI
i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B7.10.</b> Lei de gravitación universal.</li> <li>▪ <b>B7.11.</b> Interacción electrostática: lei de Coulomb.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B7.10.</b> Valorar as diferenzas e as semellanzas entre a interacción eléctrica e a gravitatoria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB7.10.1.</b> Determina as forzas electrostática e gravitatoria entre dúas partículas de carga e masa coñecidas e compara os valores obtidos, extrapolando conclusións ao caso dos electróns e o núcleo dun átomo.</li> </ul>	Compara o valor da forza gravitatoria e electrostática entre dúas partículas cargadas.			X	Traballo individual (TI)	Rúbrica TI
<b>BLOQUE 8. ENERXÍA</b>									
i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B8.1.</b> Enerxía mecánica e traballo.</li> <li>▪ <b>B8.2.</b> Teorema das forzas vivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B8.1.</b> Establecer a lei de conservación da enerxía mecánica e aplicala á resolución de casos prácticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB8.1.1.</b> Aplica o principio de conservación da enerxía para resolver problemas mecánicos, determinando valores de velocidade e posición, así como de enerxía cinética e potencial.</li> </ul>	Resolve exercicios de caída libre usando consideracións enerxéticas.			X	Proba	Corrección P

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación	Instrum. avaliación
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB8.1.2.</b> Relaciona o traballo que realiza unha forza sobre un corpo coa variación da súa enerxía cinética, e determina algunha das magnitudes implicadas.</li> </ul>	Calcula a velocidade final de un corpo coñecido o traballo e a velocidade inicial.			X	Proba	Corrección P
▪ i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B8.3.</b> Sistemas conservativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B8.2.</b> Recoñecer sistemas conservativos como aqueles para os que é posible asociar unha enerxía potencial e representar a relación entre traballo e enerxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB8.2.1.</b> Clasifica en conservativas e non conservativas, as forzas que interveñen nun suposto teórico xustificando as transformacións enerxéticas que se producen e a súa relación co traballo.</li> </ul>	Distingue as forzas conservativas, gravitatoria, das non conservativas, o rozamento.			X	Proba	Corrección P
▪ i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B8.4.</b> Enerxía cinética e potencial do movemento harmónico simple.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B8.3.</b> Describir as transformacións enerxéticas que teñen lugar nun oscilador harmónico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB8.3.1.</b> Estima a enerxía almacenada nun resorte en función da elongación, coñecida a súa constante elástica.</li> </ul>	Realiza exercicios nos que usa a expresión da enerxía elástica.			X	Proba	Corrección P
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB8.3.2.</b> Calcula as enerxías cinética, potencial e mecánica dun oscilador harmónico aplicando o principio de conservación da enerxía e realiza a representación gráfica correspondente.</li> </ul>	Aplica o principio de conservación da enerxía ao movemento dun oscilador.			X	Proba	Corrección P
▪ i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B8.5.</b> Diferenza de potencial eléctrico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B8.4.</b> Vincular a diferenza de potencial eléctrico co traballo necesario para transportar unha carga entre dous puntos dun campo eléctrico e coñecer a súa unidade no S.I.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>FQB8.4.1.</b> Asocia o traballo necesario para trasladar unha carga entre dous puntos dun campo eléctrico coa diferenza de potencial existente entre eles permitindo a determinación da enerxía implicada no proceso.</li> </ul>	Calcula o traballo realiza para mover unha carga entre dous puntos coñecida a súa diferenza de potencial.			X	Proba	Corrección P



## ◆ FÍSICA 2º BACHARELATO DIURNO

Esta materia debe abranger todo o espectro de coñecemento da física con rigor, de forma que se asenten as bases metodolóxicas introducidas nos cursos anteriores. Á súa vez, debe dotar ao alumnado de novas aptitudes que o capaciten para a súa seguinte etapa de formación.

A física está presente en todas as nosas actividades diarias; é parte de todos os sucesos naturais e daqueles inventos que axudaron as persoas a conseguiren progreso tecnolóxico e a melloraren as súas condicións de vida. Aproveitando os coñecementos físicos modernos facilitouse a elaboración dos produtos necesarios para a humanidade: chegouse á Lúa, colocáronse satélites de comunicacións en órbita, mellorouse o desenvolvemento dos automóbiles, coñécese con anticipación a formación de furacáns e, en xeral, o estado do tempo, fábranse mellores electrodomésticos, barcos, avións, maquinarias pesadas e todos aqueles artefactos que as persoas puxeron ao seu servizo na industria.

Polo seu carácter altamente formal, a materia de Física proporciónalle ao alumnado unha eficaz ferramenta de análise e recoñecemento, cuxo ámbito de aplicación transcende os seus obxectivos.

### **A- CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS**

#### **●ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE IMPRESCINDIBLES CORRESPONDENTES A 1º BACHARELATO NON ADQUIRIDOS NO CURSO 2019/2020**

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación/ Instrum. avaliación*	
	interese biolóxico e industrial: materiais polímeros e medicamentos.								
▪ i	▪ <b>B4.8.</b> Macromoléculas.	<b>B4.7.</b> Determinar as características máis importantes das macromoléculas.	<b>QUB4.7.1.</b> Recoñece macromoléculas de orixe natural e sintética.	Recoñece macromoléculas sinxelas.			X	P	Corrección P
▪ i	▪ <b>B4.9.</b> Polímeros.	<b>B4.8.</b> Representar a fórmula dun polímero a partir dos seus monómeros, e viceversa.	<b>QUB4.8.1.</b> A partir dun monómero, diseña o polímero correspondente e explica o proceso que tivo lugar.	Constrúe a fórmula dun polímero a partires dun monómero.			X	P	Corrección P
▪ i ▪ l	▪ <b>B4.10.</b> Reaccións de polimerización. ▪ <b>B4.11.</b> Polímeros de orixe natural e sintética: propiedades.	<b>B4.9.</b> Describir os mecanismos máis sinxelos de polimerización e as propiedades dalgúns dos principais polímeros de interese industrial.	<b>QUB4.9.1.</b> Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, poliamidas e poliésteres, poliuretanos e baquelita.	Identifica a estrutura dos distintos polímeros sintéticos e os seu interese industrial.			X	P	Corrección P
▪ b ▪ i ▪ l	▪ <b>B4.7.</b> Principais compostos orgánicos de interese biolóxico e industrial: materiais polímeros e medicamentos.	<b>B4.10.</b> Coñecer as propiedades e a obtención dalgúns compostos de interese en biomedicina e, en xeral, nas ramas da industria.	<b>QUB4.10.1.</b> Identifica substancias e derivados orgánicos que on principios activos de medicamentos, cosméticos e biomateriais, e valora a repercusión na calidade de vida.	Recoñece a importancia dos derivados orgánicos en medicina.			X	IB EO	Rúbrica IB Rúbrica EO
▪ b ▪ i ▪ l	▪ <b>B4.12.</b> Fabricación de materiais plásticos e as súas transformacións: impacto ambiental.	<b>B4.11.</b> Distinguir as principais aplicacións dos materiais polímeros, segundo a súa	<b>QUB4.11.1.</b> Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico (adhesivos e	Recoñece as distintas aplicacións da química orgánica.			X	IB EO	Rúbrica IB Rúbrica EO

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZ.			CRITERIOS CUALIFICACIÓN	
					1ª Av	2ª Av	3ª Av	Procedem. avaliación/ Instrum. avaliación*	
		utilización en distintos ámbitos.	revestimentos, resinas, tecidos, pinturas, próteses, lentes, etc.), en relación coas vantaxes e as desvantaxes do seu uso.						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B4.6.</b> Importancia da química do carbono no desenvolvemento da sociedade do benestar.</li> </ul>	<b>B4.12.</b> Valorar a utilización das substancias orgánicas no desenvolvemento da sociedade actual e os problemas ambientais que se poden derivar.	<b>QUB4.12.1.</b> Recoñece as utilidades dos compostos orgánicos en sectores como a alimentación, a agricultura, a biomedicina, a enxeñaría de materiais e a enerxía, fronte ás posibles desvantaxes que leva consigo o seu desenvolvemento.	Valora a importancia dos compostos orgánicos e sintéticos para o desenrolo da sociedade actual e os problemas medioambientais que poden provocar.			X	IB EO	Rúbrica IB Rúbrica EO
<p>*</p> <p><b>PE</b> (probas escritas): control medio e exame.</p> <p><b>OD</b> (observación directa): mediante rúbricas e/ou rexistro, en aula ou laboratorio segundo corresponda.</p> <p><b>IL</b> (informes de laboratorio): prevese a realización das prácticas enumeradas nas unidades.</p> <p><b>IB</b> (informes dos traballos de investigación): prevese a realización dos traballos de investigación indicados.</p> <p><b>EO</b>: prevese a exposición oral e con medios TIC do informe sobre o traballo de investigación.</p> <p><b>L</b>: lectura comprensiva; tras lectura responderase a cuestionario.</p>									

## ◆ ASPECTOS COMÚNS PARA A TODO O BACHARELATO

Plantéxanse tres escenarios posibles en función da situacións sanitaria:

- Escenario (1): actividade lectiva presencial.
- Escenario (2) semipresencia.l
- Escenario (3): non presencial.

Cando nos refiramos a eles, indicaremos co número correspondente.

## A- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A física e a química son ante todo ciencias experimentais. Polo tanto, o formulación de situacións de aprendizaxe nas que se poidan aplicar diferentes estratexias para a resolución de problemas, que inclúan o razoamento dos mesmos e a aplicación de algoritmos matemáticos, considerase necesario para adquirir algunhas destrezas e coñecementos da materia.

A comprensión das formas metodolóxicas que utiliza a ciencia para abordar distintas situacións e problemas, as formas de razoar e as ferramentas intelectuais que permiten analizar desde un punto de vista científico calquera situación, preparan ao alumnado para enfrontarse a estar cuestións ao longo da súa vida.

O coñecemento científico xoga un importante papel na participación activa dos cidadáns do futuro na toma fundamentada de decisións dentro dunha sociedade democrática. Debido a iso, no desenvolvemento da materia abórdanse cuestións e problemas científicos de interese social, tecnolóxico e medioambiental, considerando as implicacións e perspectivas abertas polas máis recentes investigacións, valorando a importancia de adoptar decisións colectivas fundamentais e con sentido ético.

A materia ten que contribuír á percepción da ciencia como un coñecemento rigoroso pero provisional que coma calquera actividade humana está condicionada polos contextos sociais, económicos e éticos. O coñecemento de cómo se produciron determinados debates esenciais para o avance da ciencia, a percepción da contribución das mulleres e os homes ao desenvolvemento da mesma e a valoración das súas aplicacións tecnolóxicas e repercusións ambientais axudarán a entender algunhas situacións sociais de épocas pasadas e ao análise da sociedade actual.

Neste senso, durante o desenrolo da materia visualizaranse, tanto as achegas das mulleres ao coñecemento científico como as dificultades históricas que tiveron que padecer para acceder ao mundo científico e tecnolóxico. Ademais, a análise dende un punto de vista científico de situacións ou problemas de ámbito próximos, domésticos e cotiáns, axuda a acercar a física e a química aos alumnos.

A metodoloxía será **activa e participativa**, combinando o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e competencias correspondentes.

Debese potenciar unha **educación inclusiva** e non selectiva, na que todo o alumnado da aula, independentemente das súas características e necesidades, se sinta parte integrante e participativa desta. A metodoloxía debe de atender e respectar á diversidade de alumnado (tanto en canto á diferenza de aptitudes como ás distintas opcións ideolóxicas ou culturais), establecendo, se fose necesario, distintos ritmos e formas de aprendizaxe. A aula ten que ser un lugar onde se produza o proceso de ensino, pero tamén o de aprendizaxe. Co **traballo cooperativo**, que permite ao alumnado sentirse activo e formar parte dun equipo, conseguimos, ademais de acercarnos aos obxectivos que nos fixamos, poñer os medios axeitados para reducir as condutas disruptivas na aula. O traballo en equipo non é só un recurso metodolóxico para ensinar e aprender os contidos, senón tamén algo que os alumnos deben aprender, coma un contido máis, e que, polo tanto, debe ensinársese dunha forma tan sistematizada, polo menos, coma se ensinan os demais contidos.

Temos que partir dos coñecementos e competencias iniciais do alumnado, adquiridos no curso anterior, para ir reforzando, ampliando e afianzando o seu estudo secuencialmente, resaltando o seu carácter experimental e fomentando a aprendizaxe significativa, de forma que o alumnado relacione os coñecementos e experiencias previas cos novos contidos, apoiado en todo momento polo profesor/a, que debe ter un papel facilitador e próximo. Na secuenciación do traballo na aula deberá ser habitual o uso das TIC, ben como motivación inicial das unidades didácticas (vídeos, gráficos...), como ferramenta de información xeral (básica para todo o alumnado ou de información complementaria para reforzo ou para afondamento e ampliación) ou como método de traballo persoal do alumnado (elaboración de traballos, busca de respostas, análise de documentos, simulacións, etc)

As estratexias metodolóxicas que se propoñen para desenvolver o currículo son variadas:

- Nas respectivas unidades didácticas realizaranse exercicios de aplicación numérica, problemas, así como cuestións que permitan ao alumnado ver as aplicacións directas dos contidos impartidos e ir coñecendo en por si o seu propio grao de asimilación de devanditos contidos. As actividades han de se presentar como un pequeno desafío intelectual, partindo, sempre que sexa posible, de enfrontar ao alumnado a situacións problemáticas que deba resolver poñendo en xogo os coñecementos dos que dispón. Insistir sempre na xustificación adecuada de forma clara de todas as cuestións expostas sobre a base dos contidos teóricos; non só temos que contestar as cuestións, senón que tamén debemos incluír os razoamentos secuenciados

que nos levan á resposta. Insistir tamén na importancia da correcta utilización das unidades adecuadas en cada magnitude, así como no uso correcto da notación científica.

- Hai que potenciar a dimensión colectiva da actividade científica, organizando equipos de traballo e propiciando o traballo cooperativo na investigación e o interese por aprender por sí mesmos, facilitando ao mesmo tempo a reflexión sobre a propia aprendizaxe e os métodos e técnicas utilizados. Neste sentido é importante a realización de actividades experimentais, de gran interese xa que permiten a realización de observacións directas e de experiencias que contribúen a familiarizar ao alumnado coas técnicas de traballo da investigación e co propio método científico, despertando a súa curiosidade e fomentando o seu interese por este tipo de procesos. Tamén en relación coa adquisición e fortalecemento da competencia dixital hai que aproveitar as posibilidades que nos ofrecen as novas tecnoloxías; pódense presentar algunhas simulacións de prácticas que sería difícil desenvolver no laboratorio real (Chemlab) .
- É fundamental fomentar a competencia de aprender a aprender, e a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, a través da planificación, realización, presentación e avaliación de deseños experimentais por parte do alumnado, incluíndo a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación para o desenvolvemento da competencia dixital, co obxectivo de favorecer unha visión máis actual da actividade tecnolóxica e científica contemporánea.
- Debe de procurarse en todo momento demostrar ao alumnado que o fundamento da maioría dos fenómenos e procesos que ven na súa contorna está nos coñecementos químicos. Isto é fundamental, por unha banda para intentar romper a idea que ten moitas veces o alumnado da materia como ente abstracto ao que moitas veces non se lle sabe ver aplicación, e doutra banda, como motivación fronte á preconcepción que existe de que é unha materia moi difícil de comprender. En definitiva, a materia debe de ser enfocada dun modo interesante, accesible e motivador (por exemplo documentando ou apoiando certas explicacións teóricas con experiencias de cátedra, que contribúen a reforzar os conceptos teóricos), tendo en conta a diversidade de intereses que poden ter os estudantes.
- Considerar as implicacións entre Química, Tecnoloxía, Sociedade e medio natural dos problemas para destacar as posibles aplicacións técnicas que existan no momento actual e poder analizar as súas implicacións tecnolóxicas e os impactos ambientais e sociais que implican, repercusións negativas, etc . Ao mesmo tempo hase de fomentar a interdisciplinariedade, considerando as posibles relacións con outros campos do coñecemento, de forma que os coñecementos adquiridos nas diferentes áreas científicas non queden illados, xa que non son máis que distintos aspectos dunha mesma realidade.

No caso de:

- ▶ **Escenario (1) Actividade lectiva presencial:** poderase poñer en práctica a metodoloxía indicada.
- ▶ **Escenario (2) Actividade lectiva semipresencial:** a metodoloxía comentada anteriormente será posible levala a cabo os días que a actividade sexa presencial. Os días nos que sexa non presencial, adaptarase a mesma á situación, utilizando a metodoloxía proposta no escenario (3).
- ▶ **Escenario (3) Actividade lectiva non presencial:** cada materia de cada nivel terá un curso na aula virtual no espazo reservado a cada departamento.

Neste escenario empregarase a aula virtual, os correos electrónicos, gdrive, Hangouts, Google Classroom, canle de Youtube ou calquera outro medio telemático para a comunicación co alumnado, o seguimento do traballo desenvolvido polo alumnado, aclaración de dúbidas, transmisión de información relevante e para a posta en común de posibles dificultades que poidan xurdir. Tamén se empregarán estes medios para a entrega de actividades propostas e, de ser o caso, para a realización da proba telemática/cuestionario

Poderán levarse a cabo videoconferencias e clases por streaming coa aplicación CISCO WEBEX e Google Classroom.

Para o alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática, ben porque non dispoña de conectividade a internet ou ordenador persoal, buscaríamos a forma de que iso non supoña un impedimento para a realización das distintas tarefas, xa que todo o alumnado ten dereito á educación. Pode ser a entrega dun ordenador, a conexión a internet por medio dun modem USB, entrega do material en papel, etc.

No caso de clases non presenciais durante o presente curso:

- En 1º Bacharelato seguirase avanzando materia ata onde sexa posible.
- En 2º Bacharelato impartirase o temario previsto, antes da ABAU.

▶ **Tratamento da semipresencialidade en bacharelato durante todo o curso escolar 2020/201**: as instrucións do 30 de xullo de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa establece a existencia duns parámetros de seguridade que afectan significativamente ao noso centro. Deste xeito, os bacharelatos de diúrno axustaron o alumnado ao aforo existente, o que obrigou a un sistema de semipresencialidade durante todo o curso escolar. As medidas adoptadas son:

- A división en catro quendas ao longo de todo o curso escolar, de xeito que cada semana un grupo rotatorio de 9 alumnos/as por aula permanecerá na casa para manter o aforo correcto nas aulas.
- Dito grupo de alumnos/as seguirá o curso de xeito telemático (streaming con Google Classroom).

De todos modos, a programación faise para os tres escenarios posibles, por se a situación epidemiolóxica permite pasar ao escenario (1), ou ben nos obriga a ir ao escenario (3).

## **B- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Prantexamos os materiais e recursos didácticos para todos os escenarios posibles, xa que se a situación epidemiolóxica mellora nos próximos meses, sería posible que a actividade lectiva fose presencial para todo o alumnado.

### **ESCENARIO (1) ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL:**

Cóntase cos recursos propios dun centro ben dotado, libros de ampliación (non só científicos, senón tamén libros de lectura, biográficos, etc.), material suficiente no laboratorio para realizar as prácticas propostas e, por suposto, posibilidade de acceso ás novas tecnoloxías para complementar a aprendizaxe. No desenvolvemento de cada unidade utilizaremos o material escolar habitual: calculadora caderno, papel milimetrado, libro de texto, bolígrafo...

#### Libro de texto:

- *Física e Química 1º Bac e Química 2º Bac diúrno*: o departamento asume a elaboración do soporte textual. Os apuntes estarán a disposición do alumnado na aula virtual da páxina web do centro e na conserxería.
- *Física 2º Bac diúrno*: non hai libro de texto. Os apuntes estarán a disposición do alumnado na aula virtual.

- *Física e Química 1º Bac, Física 2º Bac e Química 2º Bac EPA*: o departamento asume a elaboración do soporte textual. Os apuntes estarán a disposición do alumnado na aula virtual da páxina web do centro e na conserxería.

En canto aos espazos, as actividades de ensino-aprendizaxe terán lugar basicamente en:

- **Aula**: onde ten lugar o desenvolvemento teórico e as actividades de problemas; as experiencias de cátedra, para que participe o alumnado como espectador, e as proxeccións de vídeos ou outras actividades tic. Todas as aulas dispoñen de encerado, ordenador con conexión a internet e pantalla dixital.
- **Laboratorios (física e química)**: para a realización das actividades experimentais. Os laboratorios dispoñen de encerado, e ordenador con conexión a internet.  
Ao inicio das actividades o alumnado deberá ser informado sobre as medidas e recomendacións a seguir.  
Se se usaran equipos de protección individual que non forme parte do equipamento propio do alumnado deberán estar perfectamente hixienizados para o seu uso.  
As prácticas planifícanse de xeito que a súa realización supoña a mínima manipulación posible. O material utilizado deberá ser hixienizado despois de cada actividade para o seu uso polo seguinte alumno/a.
- **Biblioteca**: para a procura de información en libros, enciclopedias, revistas científicas ou periódicos, ou para a lectura de textos.
- **Aula de informática**: para a realización de procuras en Internet, ou consulta de páxinas web, así como para a utilización individual de programas de simulación por computador (que se poden realizar ademais na aula ordinaria, se son en gran grupo).
- **Aula virtual do centro**: todos os recursos necesarios para a superación da materia (unidades didácticas, exercicios propostos...) estarán na aula virtual a disposición do alumnado en calquera dos tres escenarios. Será o recurso principal no escenario (3) e tamén para o alumnado que estea en situación de illamento aínda que non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.
- **Portas afora**: para a realización das visitas extraescolares (a fábricas, exposicións, museos, etc).



- **Biblioteca:** libros de consulta da biblioteca do centro.

▶ **ESCENARIO (2) ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL:** os días que a actividade lectiva sexa presencial utilizaranse os materiais e recursos citados no escenario (1). Os días que sexa non presencial utilizaranse os propostos no escenario (3).

▶ **ESCENARIO (3) ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL:**

**Materiais:** Na aula virtual, en Gdrive, no chat de Hangouts, na plataforma de Edixgal para 2º ESO, en Google Classroom e na canle de Youtube o alumnado disporá de:

- Unidades didácticas con contidos desenvolvidos, exemplos resoltos e exercicios.
- Tarefas diversas (ligazóns, vídeos explicativos de conceptos teóricos,...).

**Recursos:** Apuntes, internet, ordenador, correo electrónico, aula virtual, Gdrive, Hangouts, Youtube, Google Classroom e aplicación Cisco Webex.

As prácticas faranse con simulacións virtuais con medios informáticos, sempre que sexa posible.

## **C- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

### **•CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

O proceso de avaliación é fundamental no desenvolvemento do curso e dentro da propia programación. Neste punto imos traballar sobre as avaliacións realizadas aos alumnos, realizarase unha avaliación inicial ao principio do curso ou ao principio de cada tema da que falaremos no punto J. En este punto imos centrarnos no proceso de avaliación continua, en como se vai cualificar aos alumnos e os criterios que teremos en conta á hora de decidir a promoción dos alumnos. Servirá para realizar modificacións na programación, tanto nas

estratexias metodolóxicas como na temporalización entre outros puntos, de cara a conseguir que os alumnos acaden os obxectivos previstos.

O eixo central da avaliación son os estándares de aprendizaxe, como queda reflectido no punto anterior de esta programación. Para avaliar estes estándares de aprendizaxe usaranse distintos procedementos e instrumentos de avaliación. No departamento de física e química usaranse os seguintes:

► **ESCENARIO (1) ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL:**

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
Proba escrita, oral ou telemática (P)	Corrección individual
Observación directa (OD)	Lista de control
Informe de laboratorio (IL)	Rúbrica
Traballo individual/grupal (TI/TG)	
Lectura comprensiva (L)	Corrección de cuestionario

No caso de que haxa alumnado illado por mor do covid-19 ou ben por calquera outra enfermidade que non lle permita a asistencia á clase, utilizaranse os procedementos e instrumentos descritos para o escenario (3).

► **ESCENARIO (2) ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL:** os días que a actividade lectiva sexa presencial utilizaranse os procedementos e instrumentos descritos no escenario (1). Os días que a actividade sexa non presencial, utilizaranse os do escenario (3).

► **ESCENARIO (3) ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL:** en calquera intre deste período, poderanse utilizar outros procedementos de avaliación adaptados ás circunstancias, para valorar o grao de desenvolvemento acadado polo alumnado. Por exemplo:

- as probas obxectivas telemáticas.
- a intervención nos foros de resolución de dúbidas.
- a entrega dos exercicios obrigatorios e voluntarios propostos, entregados en prazo e forma establecido polo/a profesor/a.
- os traballos obrigatorios e voluntarios propostos.
- cuestionarios ou probas na aula virtual.
- videoconferencias en pequeno grupo ou individuais, etc

No caso das actividades telemáticas, as actividades serán manuscritas co nome do alumno en cada páxina e enviarase foto ou documento escaneado, e serán entregados en prazo e forma establecido polo/a profesor/a.

Se previamente ás avaliacións finais, o profesorado e alumnado puidera incorporarse ao instituto, o alumnado que tiveran demostrada a imposibilidade de ter realizadas as actividades telemáticas podería realizar actividades presenciais de recuperación. Esta proba conterà cuestións con similar dificultade as realizadas de modo telemático.

## **•CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

### **✓ FÍSICA E QUÍMICA 1º BACHARELATO DIURNO**

▶ **ESCENARIO (1) ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL:** para a cualificación teremos en conta:

- ✓ Realizarase como mínimo unha proba-exame durante cada trimestre, aínda que poden realizarse mais en función da materia que corresponda a cada avaliación, que constará/n de preguntas ou cuestións teóricas e resolución de exercicios e problemas relacionados cos estándares de aprendizaxe.
- ✓ A cualificación de cada trimestre será o resultado promedio das cualificacións obtidas polo alumnado nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

Apartado	Instrumento de avaliación	Observacións	Ponderación porcentual
A	Proba escrita, oral ou telemática (exame)	Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata dous decimais. No caso de haber 2 exames, o primeiro exame ponderará un 35% e o segundo un 65%. A materia do primeiro exame incluírase no segundo.	85 %
B	Traballos, laboratorio, actividades e actitudes.	Valorarase globalmente de 0 a 10 puntos: informes de laboratorio, traballos de investigación, lecturas e actitudes.	15 %

- ✓ En todos os estándares se valorará o traballo diario realizado polo alumnado, que quedará reflectido no caderno do profesor.
- ✓ Aplicaremos o principio de non contradición coa normativa de ámbito superior, pero se un alumno ou alumna que non está enfermo nin nunha situación excepcional, non realiza un mínimo das actividades avaliadas previstas correspondentes ó período de avaliación, que lle permitan cumprir os obxectivos mínimos establecidos nesta programación, a súa nota non será superior a 4 e precisará superar as actividades de recuperación correspondentes.  
No caso dunha situación excepcional por parte do alumnado, daráselle todo tipo de facilidades, en canto a prazos, na realización de tarefas avaliadas e actividades de recuperación."
- ✓ Si un/ha alumno/a copia nun exame por calquera método, a cualificación será un cero (0).
- ✓ O uso de calquera dispositivo electrónico (móbil, MP3, Ipad, tableta, etc...) durante a realización de probas orais, escritas ou telemáticas de todo tipo (exames, controis de clase) considerarase equivalente ao uso de chuletas e será sancionado cun cero (0) na cualificación da correspondente proba.
- ✓ Para o desenvolvemento do exame permitirase o uso de calculadora científica (non programable, sen pantalla gráfica e sen capacidade para almacenar, transmitir ou recibir datos).
- ✓ Cada alumno deberá levar a súa propia calculadora, de non facelo terá que responder ao exame sen calculadora.

- ✓ Xunto co exame, na parte de química, proporcionarase táboa periódica, onde aparecen os símbolos, números atómicos e masas atómicas dos elementos (a mesma que se proporciona na ABAU).
- ✓ Se un/ha alumno/a non realiza o exame o día que estaba fixado deberá aportar un xustificante oficial (salvo no caso de síntomas COVID, no que non será necesario) para poder realizalo o día que marque o profesor ou ben facer unha proba telemática, que pode ser:
  - unha autoavaliación na aula virtual.
  - un exame oral mediante videoconferencia se a situación tanto física como tecnolóxica do alumnado o permite.
  - actividades manuscritas co nome do/a alumno/a en cada páxina e envío de foto ou documento escaneado ao profesor/a.
- ✓ Elaborarase unha rúbrica para corrixir os traballos/informes que realice o alumnado. Considerarase unha rúbrica aprobada cando acade o grado mínimo de consecución que aparece na táboa de estándares.
- ✓ **Sistema de recuperación das partes suspensas**: haberá un exame de recuperación de cada avaliación, ao remate da mesma.
- ✓ **Avaliación final ordinaria do mes de xuño**: a cualificación final do alumnado será a media aritmética das notas das tres avaliacións. O requisito para aprobar a materia será obter unha cualificación mínima de cinco (5) no cálculo da nota final. No caso de non acadala, o alumnado deberá facer en xuño un exame sobre a materia da avaliación na que non acade a nota mínima. Se contara con máis dunha avaliación suspensa, deberá examinarse de toda a materia.
- ✓ **Avaliación extraordinaria do mes de setembro**: o alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, poderá realizar unha proba no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e horario fixado polo centro. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a cinco (5) puntos.

✓ **Avaliación no caso de imposibilidade de avaliación continua pola falta de asistencia**: só contemplamos esta circunstancia no suposto reflectido no R.R.I., é dicir, no caso de absentismo reiterado e inxustificado segundo a ratio de horas semanais que recolle dito documento. Para este alumnado, a cualificación final ordinaria de xuño será a que resulte dun exame extraordinario global (de toda a materia) a celebrar, se é o caso, nas derradeiras datas do curso e non terá oportunidade de recuperación ata a convocatoria de setembro. Nesta convocatoria realizará o mesmo exame que o demais alumnado convocado.

▶ **ESCENARIO (2) ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL**: para o cálculo da nota farase unha ponderación das actividades feitas en cada un dos escenarios, en relación co tempo empregado en cada escenario.

▶ **ESCENARIO (3) ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**: neste caso, o/a profesor/a fará actividades avaliativas telemáticas, que poden ser:

- unha autoavaliación na aula virtual.
- un exame oral mediante videoconferencia se a situación tanto física como tecnolóxica do alumnado o permite.
- actividades manuscritas co nome do/a alumno/a en cada páxina e envío de foto ou documento escaneado ao profesor/a, entregadas en prazo e forma establecido polo/a profesor/a.
- Calquera outra proba que os medios telemáticos dos que dispoñamos nese momento o permitan.

A ponderación porcentual de probas e actividades será a mesma que no caso da actividade presencial, pero só se terán en conta as actividades entregadas en prazo e forma, a non ser que o alumnado non poda facelo por a súa situación física ou tecnolóxica.

A recuperación de cada avaliación farase unha vez rematada esta e de maneira telemática.

## ✓ QUÍMICA 2º BACHARELATO DIURNO

▶ ESCENARIO (1) ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL: para a cualificación teremos en conta:

- ✓ Realizarase como mínimo unha proba-exame durante cada trimestre, aínda que poden realizarse mais en función da materia que corresponda a cada avaliación, que constará/n de preguntas ou cuestións teóricas e resolución de exercicios e problemas relacionados cos estándares de aprendizaxe.
- ✓ En segundo de bacharelato realizarase unha avaliación continua dos contidos, de forma que a nota final será a media ponderada das tres avaliacións cunha contribución relativa do 15% para a primeira, do 35% para a segunda e do 50% para a terceira.
- ✓ A cualificación de cada trimestre será o resultado promedio das cualificacións obtidas polo alumnado nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

Apartado	Instrumento de avaliación	Observacións	Ponderación porcentual
A	Proba escrita, oral ou telemática (exame)	Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata dous decimais. A ponderación dos dous posibles exames por avaliación sería: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Na 1ª avaliación un 25% (o primeiro exame) e un 75%.</li> <li>• Na 2ª e 3ª avaliación un 40% (o primeiro exame) e un 60%.</li> </ul>	85 %
B	Traballos, laboratorio, actividades e actitudes.	Valorarase globalmente de 0 a 10 puntos: informes de laboratorio, traballos de investigación, lecturas e actitudes.	15 %

- ✓ En todos os estándares se valorará o traballo diario realizado polo alumnado, que quedará reflectido no caderno do profesor.
- ✓ Aplicaremos o principio de non contradición coa normativa de ámbito superior, pero se un alumno ou alumna que non está enfermo nin nunha situación excepcional, non realiza un mínimo das actividades avaliadas previstas correspondentes ó período

de avaliación, que lle permitan cumprir os obxectivos mínimos establecidos nesta programación, a súa nota non será superior a 4 e precisará superar as actividades de recuperación correspondentes.

No caso dunha situación excepcional por parte do alumnado, daráselle todo tipo de facilidades, en canto a prazos, na realización de tarefas avaliáveis e actividades de recuperación.

- ✓ Si un/ha alumno/a copia nun exame por calquera método, a cualificación será un cero (0).
- ✓ O uso de calquera dispositivo electrónico (móbil, MP3, Ipad, tableta, etc...) durante a realización de probas orais, escritas ou telemáticas de todo tipo (exames, controis de clase) considerarase equivalente ao uso de chuletas e será sancionado cun cero (0) na cualificación da correspondente proba.
- ✓ Para o desenvolvemento do exame permitirase o uso de calculadora científica (non programable, sen pantalla gráfica e sen capacidade para almacenar, transmitir ou recibir datos).
- ✓ Cada alumno deberá levar a súa propia calculadora, de non facelo terá que responder ao exame sen calculadora.
- ✓ Ademais xunto co exame, na parte de química, proporcionarase táboa periódica, onde aparecen os símbolos, números atómicos e masas atómicas dos elementos (a mesma que se proporciona na ABAU).
- ✓ Se un/ha alumno/a non realiza o exame o día que estaba fixado deberá aportar un xustificante oficial (salvo no caso de síntomas COVID, no que non será necesario) para poder realizalo o día que marque o profesor ou ben facer unha proba telemática, que pode ser:
  - unha autoavaliación na aula virtual.
  - un exame oral mediante videoconferencia se a situación tanto física como tecnolóxica do alumnado o permite.
  - actividades manuscritas co nome do/a alumno/a en cada páxina e envío de foto ou documento escaneado ao profesor/a, entregados en prazo e forma establecido polo/a profesor/a.
- ✓ Elaborarase unha rúbrica para corrixir os traballos/informes que realice o alumnado. Considerarase unha rúbrica aprobada cando acade o grado mínimo de consecución que aparece na táboa de estándares.



- ✓ **Avaliación final ordinaria do mes de maio**: En segundo de bacharelato realizarase unha avaliación continua dos contidos, de forma que a nota final será a media ponderada das tres avaliacións cunha contribución relativa do 15% para a primeira, do 35% para a segunda e do 50% para a terceira. O requisito para aprobar a materia será obter unha cualificación mínima de cinco (5) no cálculo da nota final.
- ✓ **Avaliación extraordinaria do mes de xuño**: O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria do mes de maio, poderá realizar unha proba no mes de xuño, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e horario fixado polo centro. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a cinco (5) puntos.
- ✓ **Avaliación no caso de imposibilidade de avaliación continua pola falta de asistencia**: só contemplamos esta circunstancia no suposto reflectido no R.R.I., é dicir, no caso de absentismo reiterado e inxustificado segundo a ratio de horas semanais que recolle dito documento. Para este alumnado, a cualificación final ordinaria de maio será a que resulte dun exame extraordinario global (de toda a materia) a celebrar, se é o caso, nas derradeiras datas do curso e non terá oportunidade de recuperación ata a convocatoria de xuño. Nesta convocatoria realizará o mesmo exame que o demais alumnado convocado.

▶ **ESCENARIO (2) ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL**: para o cálculo da nota farase unha ponderación das actividades feitas en cada un dos escenarios, en relación co tempo empregado en cada escenario.

▶ **ESCENARIO (3) ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**: neste caso, o/a profesor/a fará actividades avaliativas telemáticas, que poden ser:

- unha autoavaliación na aula virtual.
- un exame oral mediante videoconferencia se a situación tanto física como tecnolóxica do alumnado o permite.
- actividades manuscritas co nome do/a alumno/a en cada páxina e envío de foto ou documento escaneado ao profesor/a, entregadas en prazo e forma establecido polo/a profesor/a.
- Calquera outra proba que os medios telemáticos dos que dispoñamos nese momento o permitan.

A ponderación porcentual de probas e actividades será a mesma que no caso da actividade presencial, pero só se terán en conta as actividades entregadas en prazo e forma, a non ser que o alumnado non poda facelo por a súa situación física ou tecnolóxica.

A recuperación de cada avaliación farase unha vez rematada esta e de maneira telemática.

## ✓ **FÍSICA 2º BACHARELATO DIURNO**

▶ **ESCENARIO (1) ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL:** para a cualificación teremos en conta:

- ✓ Realizarase como mínimo unha proba-exame durante cada trimestre, aínda que poden realizarse mais en función da materia que corresponda a cada avaliación, que constará/n de preguntas ou cuestións teóricas e resolución de exercicios e problemas relacionados cos estándares de aprendizaxe.
- ✓ A cualificación de cada trimestre será o resultado promedio das cualificacións obtidas polo alumnado nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

Apartado	Instrumento de avaliación	Observacións	Ponderación porcentual
A	Proba escrita, oral ou telemática (exame)	Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata dous decimais. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas. Se o/a alumno/a non cumpre os obxectivos mínimos establecidos nesta programación, non poderá facer media entre exames.	90 %
B	Traballos, laboratorio, actividades e actitudes.	Valorarase globalmente de 0 a 10 puntos: informes de laboratorio, traballos de investigación, lecturas e actitudes.	10 %

- ✓ En todos os estándares se valorará o traballo diario realizado polo alumnado, que quedará reflectido no caderno do profesor.
- ✓ Aplicaremos o principio de non contradición coa normativa de ámbito superior, pero se un alumno ou alumna que non está enfermo nin nunha situación excepcional, non realiza un mínimo das actividades avaliadas previstas correspondentes ó período de avaliación, que lle permitan cumprir os obxectivos mínimos establecidos nesta programación, a súa nota non será superior a 4 e precisará superar as actividades de recuperación correspondentes.  
No caso dunha situación excepcional por parte do alumnado, daráselle todo tipo de facilidades, en canto a prazos, na realización de tarefas avaliadas e actividades de recuperación."
- ✓ Si un/ha alumno/a copia nun exame por calquera método, a cualificación será un cero (0).
- ✓ O uso de calquera dispositivo electrónico (móbil, MP3, Ipad, tableta, etc...) durante a realización de probas orais, escritas ou telemáticas de todo tipo (exames, controis de clase) considerarase equivalente ao uso de chuletas e será sancionado cun cero (0) na cualificación da correspondente proba.
- ✓ Para o desenvolvemento do exame permitirase o uso de calculadora científica (non programable, sen pantalla gráfica e sen capacidade para almacenar, transmitir ou recibir datos).
- ✓ Cada alumno deberá levar a súa propia calculadora, de non facelo terá que responder ao exame sen calculadora.
- ✓ Se un/ha alumno/a non realiza o exame o día que estaba fixado deberá aportar un xustificante oficial (salvo no caso de síntomas COVID, no que non será necesario) para poder realizalo o día que marque o profesor ou ben facer unha proba telemática, que pode ser:
  - unha autoavaliación na aula virtual.
  - un exame oral mediante videoconferencia se a situación tanto física como tecnolóxica do alumnado o permite.
  - actividades manuscritas co nome do/a alumno/a en cada páxina e envío de foto ou documento escaneado ao profesor/a, entregados en prazo e forma establecido polo/a profesor/a.
- ✓ Elaborarase unha rúbrica para corrixir os traballos/informes que realice o alumnado. Considerarase unha rúbrica aprobada cando acade o grado mínimo de consecución que aparece na táboa de estándares.
- ✓

- ✓ O alumnado que non acade un cinco (5) na avaliación parcial deberá recuperar a parte da materia que teña suspensa:
  - *Exame*: realizando un novo exame
  - *Traballo ou informe de laboratorio*: repetíndoo.
  
- ✓ **Sistema de recuperación das partes suspensas**: haberá un exame de recuperación de cada avaliación ao remate da mesma.
  
- ✓ **Avaliación final ordinaria do mes de maio**: a cualificación final do alumnado será a media aritmética das notas das tres avaliacións. O requisito para aprobar a materia será obter unha cualificación mínima de cinco (5) no cálculo da nota final. No caso de non acadala, o alumnado deberá facer en maio un exame sobre a materia da/s avaliación/s nas que non acade a nota mínima.
  
- ✓ **Avaliación extraordinaria do mes de xuño**: o alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria do mes de maio, poderá realizar unha proba no mes de xuño, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e horario fixado polo centro. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a cinco (5) puntos.
  
- ✓ **Avaliación no caso de imposibilidade de avaliación continua pola falta de asistencia**: só contemplamos esta circunstancia no suposto reflectido no R.R.I., é dicir, no caso de absentismo reiterado e inxustificado segundo a ratio de horas semanais que recolle dito documento. Para este alumnado, a cualificación final ordinaria de xuño (maio para os de 2º de bacharelato) será a que resulte dun exame extraordinario global (de toda a materia) a celebrar, se é o caso, nas derradeiras datas do curso e non terá oportunidade de recuperación ata a convocatoria de setembro (xuño no caso de 2º de bacharelato). Nesta convocatoria realizará o mesmo exame que o demais alumnado convocado.
  
- ▶ **ESCENARIO (2) ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL**: para o cálculo da nota farase unha ponderación das actividades feitas en cada un dos escenarios, en relación co tempo empregado en cada escenario.

▶ **ESCENARIO (3) ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**: neste caso, o/a profesor/a fará actividades avaliativas telemáticas, que poden ser:

- unha autoavaliación na aula virtual.
- un exame oral mediante videoconferencia se a situación tanto física como tecnolóxica do alumnado o permite.
- actividades manuscritas co nome do/a alumno/a en cada páxina e envío de foto ou documento escaneado ao profesor/a, entregados en prazo e forma establecido polo/a profesor/a.
- Calquera outra proba que os medios telemáticos dos que dispoñamos nese momento o permitan.

A ponderación porcentual de probas e actividades será a mesma que no caso da actividade presencial, pero só se terán en conta as actividades entregadas en prazo e forma, a non ser que o alumnado non poda facelo por a súa situación física ou tecnolóxica.

A recuperación de cada avaliación farase unha vez rematada esta e de maneira telemática.

## **BACHARELATO EPA (FÍSICA E QUÍMICA DE 1º BACHARELATO, QUÍMICA 2º BACHARELATO E FÍSICA 2º BACHARELATO)**

▶ **ESCENARIO (1) ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**: para a cualificación teremos en conta:

- ✓ Realizarase como mínimo unha proba-exame durante cada trimestre, aínda que poden realizarse mais en función da materia que corresponda a cada avaliación, que constará/n de preguntas ou cuestións teóricas e resolución de exercicios e problemas relacionados cos estándares de aprendizaxe.
- ✓ A cualificación de cada trimestre será o resultado promedio das cualificacións obtidas polo alumnado nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

Apartado	Instrumento de avaliación	Observacións	Ponderación porcentual
A	Proba escrita, oral ou telemática (exame)	Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata dous decimais. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas. Se o/a alumno/a non cumpre os obxectivos mínimos establecidos nesta programación, non poderá facer media entre exames.	85 %
B	Traballos, laboratorio, actividades e actitudes.	Valorarase globalmente de 0 a 10 puntos: informes de laboratorio, traballos de investigación, lecturas e actitudes.	15 %

- ✓ En todos os estándares se valorará o traballo diario realizado polo alumnado, que quedará reflectido no caderno do profesor.
- ✓ Aplicaremos o principio de non contradición coa normativa de ámbito superior, pero se un alumno ou alumna que non está enfermo nin nunha situación excepcional, non realiza un mínimo das actividades avaliadas previstas correspondentes ó período de avaliación, que lle permitan cumprir os obxectivos mínimos establecidos nesta programación, a súa nota non será superior a 4 e precisará superar as actividades de recuperación correspondentes.  
No caso dunha situación excepcional por parte do alumnado, daráselle todo tipo de facilidades, en canto a prazos, na realización de tarefas avaliadas e actividades de recuperación."
- ✓ Si un/ha alumno/a copia nun exame por calquera método, a cualificación será un cero (0).
- ✓ O uso de calquera dispositivo electrónico (móbil, MP3, Ipad, tableta, etc...) durante a realización de probas orais, escritas ou telemáticas de todo tipo (exames, controis de clase) considerarase equivalente ao uso de chuletas e será sancionado cun cero (0) na cualificación da correspondente proba.
- ✓ Para o desenvolvemento do exame permitirase o uso de calculadora científica (non programable, sen pantalla gráfica e sen capacidade para almacenar, transmitir ou recibir datos).
- ✓ Cada alumno deberá levar a súa propia calculadora, de non facelo terá que responder ao exame sen calculadora.

- ✓ Xunto co exame, na parte de química, proporcionarase táboa periódica, onde aparecen os símbolos, números atómicos e masas atómicas dos elementos (a mesma que se proporciona na ABAU).
- ✓ Se un/ha alumno/a non realiza o exame o día que estaba fixado deberá aportar un xustificante oficial (salvo no caso de síntomas COVID, no que non será necesario) para poder realizalo o día que marque o profesor ou ben facer unha proba telemática, que pode ser:
  - unha autoavaliación na aula virtual.
  - un exame oral mediante videoconferencia se a situación tanto física como tecnolóxica do alumnado o permite.
  - actividades manuscritas co nome do/a alumno/a en cada páxina e envío de foto ou documento escaneado ao profesor/a, entregadas en prazo e forma establecido polo/a profesor/a.
- ✓ Elaborarase unha rúbrica para corrixir os traballos/informes que realice o alumnado. Considerarase unha rúbrica aprobada cando acade o grado mínimo de consecución que aparece na táboa de estándares.
- ✓ O alumnado que non acade un cinco (5) na avaliación parcial deberá recuperar a parte da materia que teña suspensa:
  - *Exame*: realizando un novo exame
  - *Traballo ou informe de laboratorio*: repetíndoo.
- ✓ **Sistema de recuperación das partes suspensas**: haberá un exame de recuperación de cada avaliación ao remate da mesma.
- ✓ **Avaliación final ordinaria do mes de maio/xuño**: a cualificación final do alumnado será a media aritmética das notas das tres avaliacións. O requisito para aprobar a materia será obter unha cualificación mínima de cinco (5) no cálculo da nota final. No caso de non acadala, o alumnado deberá facer en xuño (en maio, no caso de 2º de bacharelato) un exame sobre a materia da/s avaliación/s nas que non acade a nota mínima.
- ✓ **Avaliación extraordinaria do mes de xuño/setembro**: o alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño (maio no caso de 2º bacharelato), poderá realizar unha proba no mes de setembro (xuño para 2º de bacharelato), nas

datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e horario fixado polo centro. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a cinco (5) puntos.

- ✓ **Avaliación no caso de perda do dereito á avaliación continua:** só contemplamos esta circunstancia no suposto reflectido no R.R.I., é dicir, no caso de absentismo reiterado e inxustificado segundo a ratio de horas semanais que recolle dito documento. Para este alumnado, a cualificación final ordinaria de xuño (maio para os de 2º de bacharelato) será a que resulte dun exame extraordinario global (de toda a materia) a celebrar, se é o caso, nas derradeiras datas do curso e non terá oportunidade de recuperación ata a convocatoria de setembro (xuño no caso de 2º de bacharelato). Nesta convocatoria realizará o mesmo exame que o demais alumnado convocado.

▶ **ESCENARIO (2) ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL:** para o cálculo da nota farase unha ponderación das actividades feitas en cada un dos escenarios, en relación co tempo empregado en cada escenario.

▶ **ESCENARIO (3) ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL:** neste caso, o/a profesor/a fará actividades avaliativas telemáticas, que poden ser:

- unha autoavaliación na aula virtual.
- un exame oral mediante videoconferencia se a situación tanto física como tecnolóxica do alumnado o permite.
- actividades manuscritas co nome do/a alumno/a en cada páxina e envío de foto ou documento escaneado ao profesor/a, entregadas en prazo e forma establecido polo/a profesor/a.
- Calquera outra proba que os medios telemáticos dos que dispoñamos nese momento o permitan.

A ponderación porcentual de probas e actividades será a mesma que no caso da actividade presencial, pero só se terán en conta as actividades entregadas en prazo, a non ser que o alumnado non poda facelo por a súa situación física ou tecnolóxica.

A recuperación de cada avaliación farase unha vez rematada esta e de maneira telemática.



## • CRITERIOS DE CORRECCIÓN

▶ Nos exames (escritos, orais ou telemáticos):

- Non se valorará ningún exercicio que non estea debidamente explicado ou non inclúa os pasos necesarios para chegar á solución. En ningún caso se valorará unha simple operación matemática.
- A ausencia de operacións que xustifiquen a aparición dalgún dato que non estea presente no enunciado, así como non poñer explicitamente a fórmula a empregar, restará ata un 50 % da nota.
- No desenvolvemento dos exercicios valorarase:
  - A utilización da linguaxe, notación e símbolos matemáticos adecuados.
  - A utilización de argumentos, xustificacións e razoamentos coherentes.
  - A precisión e rigor adecuados para a resolución de problemas.
  - O plantexamento, o desenvolvemento e a claridade da resposta ás cuestións formuladas
  - A interpretación da solución do exercicios (non chega con dar un resultado despois dunha serie de operacións).
- Non se valorará ningún exercicio que non estea debidamente explicado ou non inclúa os pasos necesarios para chegar á solución. En ningún caso se valorará unha simple operación matemática.
- A ausencia de operacións que xustifiquen a aparición dalgún dato que non estea presente no enunciado, así como non poñer explicitamente a fórmula a empregar, restará ata un 50 % da nota.
- Os erros graves de concepto suporán a anulación o apartado correspondente.
- Os parágrafos/apartados que esixen a solución dun apartado anterior cualificaranse independentemente do resultado do devandito apartado, coa excepción de que estean baseados nun erro grave de concepto.
- Un resultado erróneo pero cun razoamento correcto valorarase.
- Unha formulación incorrecta ou a igualación incorrecta dunha ecuación química puntuará como máximo o 25% da nota do apartado.
- Nun problema numérico a resposta correcta, sen razoamento ou xustificación pode ser valorado cun 0, se o corrector non é capaz de ver de onde saíu dito resultado.

- Os erros nas unidades ou ben o non poñelas descontarán un 25% da nota do apartado.
- Un erro no cálculo considerase leve e descontarase o 25% da nota do apartado, agás que os resultados carezan de lóxica algunha e o alumno non faga unha discusión acerca da falsidade de dito resultado.
- Non se pode utilizar lapis.
- As respostas sen razoar das cuestións teóricas non se valorarán.
- A puntuación de cada pregunta do exame figurará no mesmo.
- No escenario (3) e nalgúns casos no (2)) os exames serán telemáticos, ven por medio de autoavaliacións na aula virtual, conexión por videoconferencia, etc, polo que calquera incidencia que provoque dúbidas no profesor (respostas iguais ás de outro compañeiro, estar mirando o móbil durante un exame nunha videoconferencia, etc) suporá unha anulación do mesmo.

► Nos traballos e prácticas de laboratorio:

- Deben constar de todas as partes dun proxecto científico: portada (0,5 ptos), índice paxinado (0,5 ptos), introdución (0,5 ptos), capítulos (6 ptos), conclusións (2 ptos) e bibliografía (0,5 ptos). Descontarase a parte da puntuación correspondente por cada unha que falte.
- Deben proporcionar a información necesaria para unha fácil comprensión da investigación realizada, e non só un “corta e pega” de internet, sen conexión entre os textos.
- Valorarase a utilización de linguaxe científico.
- Nos escenarios (2) e (3), para que o alumnado obteña unha cualificación positiva debe realizar correctamente as actividades necesarias para cumprir os obxectivos mínimos establecidos nesta programación, e debe envialas en prazo e forma establecido polo/a profesor/a e a través dos medios que se indicaron (aula virtual, Hangouts, correo electrónico, gdrive...).

## **D- PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN**

En aplicación ao principio de atención á diversidade e dun ensino contextualizado, aplicaranse Plans de Reforzo e Recuperación dirixidos a paliar os efectos negativos que tivera a suspensión das actividades lectivas presenciais durante o curso 2019-2020. Con este obxectivo, distinguimos dous niveis diferentes:

**1.- Reforzo e Recuperación colectivos:** trátase de integrar os elementos curriculares imprescindibles non impartidos durante o curso 2019-2020, por mor da pandemia, no presente curso 2020-2021.

Ditos elementos curriculares aparecen detallados en cada un dos niveis da presente programación. Introducíranse progresivamente segundo as necesidades da propia materia e trataranse na medida do posible de maneira transversal e complementaria sempre que se vaia a introducir un tema que manteña relación con eles ou sexa continuación dos mesmos, dedicándolles o tempo necesario para poder seguir avanzando coas aprendizaxes imprescindibles de cada materia e nivel.

**2.- Reforzo e Recuperación individuais:** no caso de alumnado promocionado con materias non superadas do curso anterior ou con necesidade específica de apoio educativo, poderán deseñarse plans individualizados de reforzo. Para detectar estes casos, teranse en conta:

- Os informes individuais elaborados polo profesorado do propio centro ao final do curso 2019-2020.
- As avaliacións iniciais realizadas ao comezo do curso 2020-2021.

Estes plans desenvolveranse mediante axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado, e serán elaborados mediante coordinación do profesorado que imparta a dito alumnado, os/as titores/as correspondentes e, de ser o caso, o departamento de Orientación.

En calquera caso, os Plans de Reforzo individuais realizaranse, de maneira preferente, aplicando metodoloxías mediante tarefas globalizadoras que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado.

Con carácter xeral, os principios metodolóxicos serán os seguintes:

- ✓ Plantexamento de tarefas abertas, para un desenvolvemento crítico e creativo. Ensinar a pensar.

- ✓ Actividades de investigación e aprendizaxe por proxectos de traballo. Aprendizaxe cooperativa.
- ✓ Actividades interdisciplinares, na medida do posible. Interrelación de aprendizaxes.
- ✓ Uso das TIC como recurso didáctico.
- ✓ Técnicas de gamificación que favorezan a motivación e a aprendizaxe.
- ✓ Actividades de auto-aprendizaxe, con auto-avaliación ou co-avaliación, que fomenten a auto-xestión do alumnado.

## **E- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁTICA DOCENTE**

Tanto o alumnado como o profesorado deben valorar o proceso de ensino e a práctica docente co fin de realizar as pertinentes modificacións para a súa mellora. Os indicadores de logro son unha serie de preguntas que servirán para reflexionar sobre a actuación do profesorado co alumnado e sobre todos os aspectos recollidos na programación.

### **► INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO**

	ESCALA			
	1	2	3	4
1- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu o aprendizaxe.				
3- Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5- Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7- Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				

8- Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10- Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11-Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12-Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

### ► **INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE**

	ESCALA			
	1	2	3	4
1- Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2- Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3- Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4- Elabóranse probas e avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6- Combínase o traballo individual e en equipo.				
7- Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8- Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9- Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizase.				
10- Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				

11- Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/traballos, etc.				
12- Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14- Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15- Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16- As medidas de apoio, reforzo, etc, están claramente vinculadas aos estándares.				
17- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## **F- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

Hai catro alumnos/as de 2º de bacharelato coa materia pendente de 1º de bacharelato.

### **✓ Plan de traballo para a superación de materias pendentes:**

O alumnado coa materia pendente de 1º de bacharelato serán supervisados pola xefe de departamento.

### **✓ Procedementos para a cualificación das pendentes:**

O alumnado coa materia pendente de 1º de bacharelato poderá presentarse ás probas de pendentes que se celebrarán o 26 de xaneiro (convocatoria non oficial pero que pode liberar parte ou toda a materia), o 20 de abril e setembro (convocatorias oficiais).

Pode presentarse a parte da materia en xaneiro (a decidir entre alumnado e profesor/a) e outra parte en abril; ou ben presentarse a toda a materia en abril. Haberá outro exame en setembro (a convocatoria extraordinaria). Nesta proba examínase de toda a materia (aínda que durante o curso fose capaz de aprobar algunha das partes).

Os contidos sobre os que deberá examinarse o alumnado estarán baseados nos contidos mínimos das materias correspondentes reflectidos na presente programación. Nesta convocatoria so se terá en conta a nota do exame que debe ser 5 ou superior a 5.

Si un alumno copia nun exame a cualificación será 0.

No escenario (3), o alumnado terá que realizar as tarefas e probas que o xefe de departamento propoña a través da aula virtual do centro para o alumnado coa materia pendente.

## **G- ORGANIZACIÓN DOS PROCEDIMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DE BACHARELATO**

O decreto 86/2015 de currículo de ESO e Bacharelato, establece no art. 36 a continuidade entre materias, especificadas no Anexo VI. A superación das materias de segundo curso que se indican neste anexo, en este caso a Química de 2º bacharelato e a Física de 2º bacharelato, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.

Polo tanto, o alumnado que queira matricularse da materia de Física ou Química en 2º bacharelato debe cursar a materia de física e química de 1º BAC.

## **H- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS**

A partir dos estándares de aprendizaxe non impartidos no curso 2019/2020 no curso inmediatamente anterior, e da avaliación inicial, reforzaremos os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior, necesarios para garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Isto implicará axustes curriculares que se estenderán no primeiro trimestre do curso 2020/2021.

O desenvolvemento das aprendizaxes non adquiridas farase dende un enfoque competencial e a través de propostas metodolóxicas activas e axustadas as necesidades concretas do alumnado e grupo, e que fomenten a colaboración e a participación do alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

A avaliación inicial levarase a cabo mediante tests de detección de ideas previas e actividades de debate co alumnado antes do desenvolvemento das unidades didácticas. Os tests de detección de ideas previas constan dunha serie de preguntas en cuxa resolución son necesarios os contidos e procedementos esenciais estudados na materia de Física e Química de cursos anteriores. Así poderemos observar que alumnado non ten completamente acadados os obxectivos deses cursos e prepararemos actividades de reforzo, para un traballo específico dese alumnado, que será titorizado polo profesor.

Do mesmo xeito, analizaremos con que contidos ou procedementos ten mais problemas o alumnado para revisalos ao longo do curso, no momento no que sexa necesario empregalos, para a aprendizaxe dos novos contidos.

Este ano, e por mor da situación de alerta sanitaria na que nos encontramos dende marzo, a avaliación inicial detectará moitos mais contidos que o alumnado non ten fixado (ben por non dalos na terceira avaliación ou por telos esquecidos) que en outros anos anteriores, e iso serviranos de referencia para avanzar en materia nova.



## I- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade é unha realidade social dentro da aula. De este modo, existen diferentes características, potenciais, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses por parte de cada estudante. Esta diversidade ten que ser tida en conta na proposta educativa para adecuar o proceso ensino-aprendizaxe a todo o noso alumnado.

Para adecuarse ás características diferenciais do alumnado compre utilizar recursos metodolóxicos diversos:

- Presentar os contidos por diferentes vías: de forma oral e visual, empregando tamén material exterior á aula.
- Realizar actividades de introdución, motivación, detección de coñecementos previos, desenvolvemento, síntese, resumen, consolidación, reforzo, ampliación, avaliación e recuperación.
- Agrupamento segundo actividade.
- Materiais diversos: libros de texto, de consulta, de lectura, presentacións, fotocopias, vídeos.....
- Potenciaremos as condutas de traballo, construtivas, respectuosas co grupo mediante reforzos positivos que axuden a manter ese ambiente de traballo.

O/a profesor/a, dentro da súas posibilidades dado o elevado número de alumnos por aula, fará un seguimento do caderno do alumno. De este modo pode detectar as necesidades de cada alumno/a.

Este feito pode dar lugar a reforzos na aula, tanto por detectar dificultades na adquisición de determinados coñecementos como por detectar alumnos con altos coñecementos e que se aburren na aula. En ambos casos o profesor poderá repartir boletíns de exercicios de reforzo ou de ampliación para corrixir estes desfases. Tamén se terá en conta esta circunstancia cando se agrupen para realizar algunha tarefa de modo que os membros do grupo se complementen e favoreza a súa aprendizaxe.

En caso de que se detecte un problema máis grave poñerá en coñecemento do titor e do orientador para tomar as medidas oportunas. No caso de que esta medida sexa unha adaptación curricular está poderá requirir modificacións significativas do currículo ordinario. As adaptacións tamén poden incluír alumnos que presente altas capacidades intelectuais.

Seguirase o protocolo proposto pola Consellaría de Educación para cada tipo de diversidade. Teranse en conta as suxestións do Grupo de traballo da CIUG de cara a preparar a proba ABAU.

## **J- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Durante o curso vanse traballar distintos elementos transversais:

- Comprensión lectora (CL): repartirase entre o alumnado textos científicos adecuados ao seu nivel. Deberan responder a un cuestionario despois da lectura ou realizarse un debate na aula sobre o texto. Deste modo inténtase conseguir unha lectura máis fluída en temática científica e aumentar o vocabulario.
- Durante o curso o alumnado deberá elaborar distintos traballos escritos nos que traballaremos a expresión escrita (EOE) e as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).
- Nos traballos en grupo potenciarase a educación cívica (EC) fundamentada no respecto e empatía cara os demais.
- A expresión oral (EOE) e a comunicación audiovisual foméntase nas presentacións dos traballos diante dos compañeiros.
- Durante as prácticas de laboratorio promoverase o Emprendemento.

## **K- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

As actividades extraescolares organizaranse ao longo do curso e reflectiranse na memoria de final de curso, aínda que é posible a situación de alerta sanitaria non nos permita facer ningunha ou moi poucas.

## **L- CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR**

O Departamento de Física e Química desexa participar no desenvolvemento do proxecto lector do Centro e, por iso, ofrece as horas lectivas das súas materias que se estimen oportunas para a consecución de dita empresa.

A nosa intención é que o alumnado se acerque dunha forma natural e “non forzada” á lectura; que sinta a satisfacción que xorde da actividade de ler non so sobre temas científicos senón de calquera temática.

As lecturas recomendadas para o bacharelato, e das que dispoñemos exemplares na biblioteca son as seguintes:

- A que altura está o ceo? Jorge Mira. Alvarellos Editora.
- El último alquimista en París. Lars Öhrström. Editorial Crítica.
- ¡Que se van las vitaminas! Deborah García Bello. Editorial Paidós Ibérica.
- Todo es cuestión de Química. Deborah García Bello. Editorial Paidós Ibérica.
- El peligro de creer. Luis Alfonso Gámez. Leeme Editores.
- ¿Es eso cierto? Alberto Granados. Editorial Aguilar.
- A ciencia no punto de mira. Jorge Mira. Auga Editora.
- El hombre anumérico. John Allen Paulos. Tusquets Editores.
- El origen del Univeso. Lucy & Stephen Hawking. Editorial Montena.
- Sabias. La cara oculta de la ciencia. Adela Muñoz Páez. Editorial Debate.
- Einstein. El hombre, el genio y la teoría de la relatividad. Walter Isaacson. Ed. Oberon.
- Mi vida es química. Mai Thi Nguyen-Kim. Ed. Ariel.
- Stephen Hawking. Su vida, sus teorías y su influencia. Paul Parsons y Gail Dixon. Ed Blume.

## **M- CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS**

Os membros do Departamento utilizan a aula virtual do centro para “colgar” nela os apuntes das materias, material complementario, recursos didácticos, etc; deste modo o alumnado pode descargar desde a súa casa (vía internet) todo o material necesario para preparar a materia (apuntes, boletíns de exercicios, enlaces a páxinas web, prácticas de laboratorio, etc).

Na páxina web do centro e dentro do apartado do Departamento de Física e Química, o alumnado e familias terán a posibilidade de consultar a programación do Departamento.

## **N- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

Dado que a programación é un documento vivo, e dicir que se debe ir modificando para adaptalo á realidade do curso, é necesario facer unha avaliación da mesma para saber que modificacións poderían melloralala.

Durante todo curso avaliarase a programación do seguinte xeito:

- Nas reunións de departamento farase unha análise e avaliación do desenvolvemento da programación didáctica ata ese momento, tendo en conta o grao de cumprimento da programación, dificultades atopadas e medidas adoptadas. Deixarase reflectido na acta da reunión.
- A partir da aplicación na aula da programación didáctica, o/a profesor/a analizará a adecuación da programación didáctica ao contexto da clase e a consecuencia desta análise estableceranse as medidas de mellora que se consideren oportunas.
- Despois de cada avaliación realizarase unha análise dos resultados obtidos, podendo derivarse de estes modificacións na programación que quedarán reflectidas nas actas de departamento e na memoria final de curso.
- Tras a aplicación total da programación, cando se teña unha mellor perspectiva completarase cos resultados das avaliacións interna e externa do alumnado.

Será necesario comprobar polo menos os seguintes aspectos:

- Adecuación da materia de cada unidade didáctica ao tempo programado.
- Adecuación dos exercicios programados, tanto en canto á cantidade, como en canto á gradación na dificultade dos mesmos.

- Valorar o grao de participación nas distintas tarefas por parte do alumnado.
- Valorar o grao de adquisición dos coñecementos por parte do alumnado e, en caso de parecer insuficiente, estudar os motivos e propoñer medidas para remedialo (exercicios de reforzo, ampliación, recuperación, maior afondamento nas explicacións, ampliación do tempo dedicado ...)

A información obtida permitirá, se fose necesario, reconducir e mellorar a programación, os seus procesos de aplicación e os resultados da súa posta en marcha.

## **Ñ- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

- **Información ao alumnado e ás familias:** Utilizarase a páxina web do instituto para colgar a programación de tódalas materias que imparte o departamento, de modo que tanto o alumnado como as familias teñan acceso inmediato a elas.
- **Publicidade:** Na páxina web do centro, no apartado Departamentos, estará a disposición de alumnado e familias esta programación.

## IV-ANEXOS I: RÚBRICAS E LISTAS E CONTROL

### ▶ RÚBRICA LABORATORIO

CATEGORÍAS	NIVEL			
	1	2	3	4
<b>Actividades previas (20 %)</b>	Amosa falta de coñecemento sobre a práctica (non estudou o guión)	Amosa algo de coñecemento sobre a práctica (leu o guión)	Amosa un coñecemento considerable sobre a práctica (estudou o guión)	Amosa un total coñecemento sobre a práctica (estudou o guión e buscou información sobre a práctica).
<b>Integración no grupo (20 %)</b>	Non están integrados e non traballan; ningún participa. Non son independentes e dependen da axuda do profesor.	Están integrados e traballan pero non son independentes e dependen da axuda do profesor.	Están integrados e traballan de forma independente como grupo pero necesitan a axuda puntual do profesor.	Están integrados e traballan de forma independente como grupo sen necesitar da axuda puntual do profesor.
<b>Desempeño da práctica (20 %)</b>	Non son puntuais e non realizan o traballo segundo o guión e tampouco obteñen resultados.	Son puntuais e realizan o traballo seguindo máis ou menos o guión e obteñen poucos resultados.	Son puntuais e realizan o traballo segundo o guión pero non obteñen tódolos resultados.	Son puntuais e realizan o traballo segundo o guión obtendo tódolos resultados.
<b>Adquisición de datos (20 %)</b>	As medidas son incompletas, imprecisas e inexactas. Carece de observación. Non hai unidades.	As medidas son inexactas e imprecisas e as observacións son confusas. Hai erros nas unidades.	As medidas son exactas e precisas e as observacións son adecuadas. Traballo organizado. Algún erro puntual nas unidades.	As medidas son exactas e precisas, e as observacións son adecuadas e ben razoadas. Recoñecen posibles erros na adquisición de datos. Traballo organizado. Ningún erro nas unidades.
<b>Elaboración do caderno de prácticas (20 %)</b>	Anota no caderno de prácticas moi pouca ou ningunha información relevante da práctica, de forma algo ordenada e limpa, incluíndo material, pasos realizados, imaxes, esquemas, observacións, indicacións do	Anota no caderno de prácticas algunha información relevante da práctica, de forma ordenada e limpa, incluíndo material, pasos realizados, imaxes, esquemas, observacións, indicacións do	Anota no caderno de prácticas a maior parte da información relevante da práctica, de forma bastante ordenada e limpa, incluíndo material, pasos realizados, imaxes, esquemas, observacións, indicacións do	Anota no caderno de prácticas toda aquela información relevante sobre a práctica, de forma moi ordenada e limpa, incluíndo material, pasos realizados, imaxes, esquemas, observacións, indicacións do

	profesor/a, e contesta a poucas das cuestións propostas.	profesor/a, e contesta a algunhas das cuestións propostas.	profesor/a, e contesta á maioría das cuestións propostas.	profesor/a, e contesta á tódalas cuestións propostas.
--	--	--	---	---

► **RÚBRICA LABORATORIO-MATERIAL**

CATEGORÍAS	NIVEL			
	1	2	3	4
<b>Posta a punto da práctica (25 %)</b>	Non prepara nin organiza o material.	Prepara e organiza o material con dificultade.	Prepara e organiza o material adecuadamente requirindo de axuda puntual.	Prepara e organiza o material adecuadamente requirindo de forma totalmente independente
<b>Medidas de seguridade (25 %)</b>	Traballan de maneira perigosa poñendo en risco ás persoas.	Non poñen en risco ás persoas do grupo pero traballan desordenados.	Traballan de modo coidadoso a pesar de seren algo desordenados.	Traballan de modo coidadoso e ordenado evitando poñer en risco aos compañeiros ou a eles mesmos.
<b>Manipulación do material (25 %)</b>	Descoidan o material de laboratorio producíndose rachaduras e danos.	Son descoidados na manipulación do material de laboratorio.	Empregan algúns elementos de maneira incorrecta.	Manipulan o material de maneira correcta e coidadosa.
<b>Limpeza e orde (25 %)</b>	Raramente limpa o material, deixando o material sucio e desordenado.	Necesite que se lle recorde que hai que lavar o material. Deixa o material desordenado.	Xeralmente lava e ordena o material.	Sempre lava e ordena o material.

► **RÚBRICA TRABALLO INVESTIGACIÓN ESTÁNDAR**

CATEGORÍAS	NIVEL				
	1	2	3	4	5
<b>Presentación (5 %)</b>	Empeza a súa exposición sen facer unha presentación inicial.	O alumno preséntase sen dicir o seu nome e menciona o tema de forma moi xeral.	O alumno preséntase de forma rápida e comeza a súa exposición sen mencionar o tema de que se trata	O alumno preséntase de forma rápida e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende.	O alumno preséntase de xeito formal e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende.
<b>Expresión oral (10 %)</b>	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas.	Manexa un vocabulario moi básico e ten problemas para transmitir con claridade.	Fáltalle vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas.	O vocabulario é adecuado e a exposición é clara.	Utiliza un vocabulario adecuado e a exposición é coherente.
<b>Explicación do plan de traballo (10 %)</b>	Non identifica os pasos que deu nin é capaz de reconducir o discurso d forma guiada.	Presenta dificultade á hora de diferenciar os pasos que deu e necesita axuda para explicalos con claridade.	Explica todos os pasos claramente, pero liouse na orde e foi necesario reorganizalo a través de preguntas.	Explica todos os pasos claramente, pero liouse un pouco coa orde.	Explica cada paso con detalle, con lóxica e cronoloxicamente na orde na que se realizou.
<b>Recursos didácticos (10 %)</b>	Sen soporte visual.	Soporte visual non adecuado.	Soporte visual adecuado.	Soporte visual adecuado e interesante na súa xusta medida.	A exposición acompáñase con soportes audiovisuais en diversos formatos, especialmente atractivos e de moita calidade.
<b>Tempo (5 %)</b>	O alumno esqueceu por completo o tempo que tiña e saíu do tema.	Excesivamente longo ou insuficiente para poder desenvolver o tema correctamente.	O alumno utilizou o tempo adecuado pero faltoulle cerrar a súa presentación; ou ben non utilizou o tempo adecuado, pero incluíu todos os puntos da súa presentación.	O alumno utilizou o tempo axustado ao previsto pero cun final precipitado ou excesivamente longo por falta de control do tempo.	O alumno utilizou o tempo adecuado e cerrou correctamente a súa presentación.



<b>Inclusión dos aspectos relevantes (60 %)</b>	Non expón o traballo nin coñece os conceptos traballados necesarios para a súa realización.	Ten dificultade para expoñer o traballo porque non entende os coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo, pero non o relaciona cos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo, pero non relaciona toda a exposición cos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo e achega referencias aos coñecementos traballados.
---	---	---	---	---	--

### ► **RÚBRICA EXPRESIÓN ORAL**

CATEGORÍAS	NIVEL			
	1	2	3	4
<b>Adecuación e distribución de contidos (25 %)</b>	Non expón a maioría das ideas principais nin os detalles.	Expón gran parte das ideas principais con bastante orde e aporta algúns detalles do tema.	Expón as ideas principais de xeito bastante coherente e cohesionado aportando detalles relevantes do tema.	Expón as ideas principais de xeito coherente e cohesionado aportando detalles relevantes do tema.
<b>Vocabulario (25 %)</b>	Utiliza un vocabulario moi limitado con repeticións de palabras inadecuadas.	Utiliza un vocabulario limitado e hai algúns erros de termos axeitados.	Utiliza un vocabulario bastante amplo e axeitado, con poucos erros.	Utiliza un vocabulario amplo e axeitado.
<b>Expresión formal (25 %)</b>	Comete abundantes erros morfosintácticos e a fonéticos.	Ocasionalmente comete erros morfosintácticos e a fonéticos.	Comete poucos erros morfosintácticos e a fonéticos.	Respecta as regras morfosintácticas e a fonética.
<b>Voz e linguaxe non verbal (25 %)</b>	Fala con moi pouca claridade. A expresión corporal resulta inadecuada. Utiliza deficientemente as TIC para as presentacións.	Fala con voz audible, mais con erros na pronuncia e na entoación adecuada. Mantén unha expresión corporal ás veces pouco axeitada (xestos, mirada). Utiliza as TIC para as presentacións.	Fala con voz audible, non sempre con boa pronuncia e entoación adecuada. Mantén unha expresión corporal bastante axeitada (xestos, mirada). Utiliza as TIC para as presentacións.	Fala con voz claramente audible, con boa pronuncia e entoación adecuada. Mantén unha expresión corporal axeitada (xestos, mirada). Utiliza as TIC para as presentacións.

► **RÚBRICA EXPRESIÓN ESCRITA**

CATEGORÍAS	NIVEL			
	1	2	3	4
<b>Coherencia (25 %)</b>	Estrutura textual sen continuidade temática (introdución, desenvolvemento e conclusión) e información desorganizada.	Existe un erro puntual na estrutura textual e outro na progresión da información.	Existe un erro puntual na estrutura textual ou na progresión da información ou na correcta organización en parágrafos.	Estrutura textual con continuidade temática (introdución, desenvolvemento e conclusión) e información progresiva. Correcta organización en parágrafos.
<b>Cohesión (25 %)</b>	Existen máis de oito erros en total no uso dos conectores (sinónimos, marcadores de discurso, pronomes, conxuncións...) e nos signos de puntuación.	Existen un máximo de oito erros en total no uso dos conectores (sinónimos, marcadores de discurso, pronomes, conxuncións...) e nos signos de puntuación.	Existen un máximo de catro erros en total no uso dos conectores (sinónimos, marcadores de discurso, pronomes, conxuncións...) e nos signos de puntuación.	Información ben enlazada tanto por conectores gramaticais como léxicos. Uso correcto dos signos de puntuación.
<b>Rexistro (25 %)</b>	Existen máis de dez erros na escolla lexical ou gramatical en relación ao proceso comunicativo con presenza de estruturas gramaticais e léxicas.	Existen ata un máximo de dez erros na escolla lexical ou gramatical en relación ao proceso comunicativo con presenza de estruturas gramaticais e léxicas.	Existen ata un máximo de seis erros na escolla lexical ou gramatical en relación ao proceso comunicativo con presenza de estruturas gramaticais e léxicas.	Adecuación lexical e gramatical ao proceso comunicativo. Variedade de estruturas gramaticais.
<b>Corrección (25 %)</b>	Existen máis de sete erros.	Existen un máximo de sete erros.	Existen un máximo de tres faltas de ortografía.	Correcto dominio da ortografía en palabras, sintagmas e oracións. Corrección gramatical nas construcións sintácticas e escollas morfolóxicas.

► **RÚBRICA APRENDER A APRENDER**

CATEGORÍAS	NIVEL			
	1	2	3	4
<b>Seleccionar a información (25 %)</b>	Copia literalmente a información sen traballar na súa selección.	Discrimina información útil pero non a traballa de criticamente.	Discrimina información útil, trabállaa de forma crítica pero nona relaciona con outros apartados.	Discrimina información útil, trabállaa de forma crítica e relaciónaa con outros apartados.
<b>Esquematzar e organizar (25 %)</b>	Ten dificultades para organizar e xerarquizar a información.	Parte da información non está ben organizada e xerarquizada e omite algún dato.	Organiza e xerarquiza con bastante corrección pero permitindo algún dato.	Dálle forma ao esquema, recoñece os contidos básicos e organízalos e xerarquízalos de forma axeitada.
<b>Disertar sobre traballos propios e alleos (25 %)</b>	Mostra desinterese polo tema e desenvólveo sen estrutura clara e escasamente argumentado.	Elabora unha disertación suficientemente estruturada e argumentada, con algunha opinión persoal.	Medita sobre as repercusións do tema e elabora disertacións bastante ben estruturadas e argumentadas, aportando algunhas opinións persoais.	Medita sobre as repercusións do tema e elabora disertacións ben estruturadas e argumentadas, aportando opinións persoais.
<b>Avaliación do traballo propio e alleo (25 %)</b>	Non é quen de avaliar o traballo propio nin o alleo.	Avalía o traballo propio e alleo a través de xuízos simples, sen aportar explicacións convincentes.	Avalía criticamente o traballo propio e alleo máis ás veces non recoñece erros relacionados coa redacción deficiente, pobreza léxica, coherencia, argumentacións...	Avalía criticamente o traballo propio e alleo analizando fortalezas e deficiencias do mesmo.

► **RÚBRICA TRABALLO EN GRUPO**

CATEGORÍAS	NIVEL			
	1	2	3	4
<b>Participación construtiva (25 %)</b>	Nunca ou case nunca participa activamente nas tarefas do grupo; tampouco fai que os demais membros participen de forma construtiva.	Habitualmente participa de forma máis ou menos activa nas tarefas do grupo e a súa participación adoita ter como finalidade o éxito global do grupo; ao mesmo tempo pode conseguir que os demais membros participen de forma construtiva.	Adoita participar activamente nas tarefas do grupo e a súa participación ten habitualmente como finalidade o éxito global do grupo; ao mesmo tempo pode conseguir que os demais membros participen de forma construtiva.	Participa activamente nas tarefas do grupo e a súa participación ten como finalidade o éxito global do grupo; ao mesmo tempo consegue que os demais.
<b>Colaboración, cooperación e solidariedade (25 %)</b>	Na maioría dos casos non colabora co resto dos membros do grupo, non coopera con eles nas tarefas do traballo e non amosa solidariedade con aqueles que atopan dificultades.	Con certa frecuencia colabora co resto dos membros do grupo cooperando con eles nas tarefas do traballo e ás veces amosa solidariedade con aqueles que atopan dificultades.	Habitualmente colabora co resto dos membros do grupo cooperando con eles nas tarefas do traballo e adoita amosar solidariedade con aqueles que atopan dificultades.	Colabora co resto dos membros do grupo cooperando con eles nas tarefas do traballo e amosa solidariedade con aqueles que atopan dificultades.
<b>Respecto e tolerancia (25 %)</b>	Poucas veces ou nunca amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e non intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non puido evitar.	Con frecuencia amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e ás veces intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non puido evitar.	Adoita amosar respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e na maioría das ocasións intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non puido evitar.	Amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non puido evitar.
<b>Compromiso, integridade e tolerancia (25 %)</b>	Non acostuma implicarse nos obxectivos do grupo de traballo, nin compartir o seu coñecemento e información co resto dos membros e pode non ser honesto e responsable na súa aportación ao grupo.	Implícase con frecuencia nos obxectivos do grupo de traballo, comparte o seu coñecemento e información co resto dos membros e adoita ser honesto e responsable na súa aportación ao grupo.	A maioría das veces implícase nos obxectivos do grupo de traballo, adoita compartir o seu coñecemento e información co resto dos membros e adoita ser honesto e responsable na súa aportación ao grupo.	Implícase nos obxectivos do grupo de traballo, comparte o seu coñecemento e información co resto dos membros e é honesto e responsable na súa aportación ao grupo.

**▶ LISTA DE CONTROL SOBRE A LIBRETA**

	SI	NON
Os apuntamentos están organizados e ordenados.		
Ten información de todos os temas e preguntas tratados.		
A información está ben organizada con parágrafos ben redactados.		
Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.		
Os diagramas e ilustracións están ben construídos, ordenados e contribúen á comprensión do tema.		

## V-ANEXO II: PLAN DE CONFINAMIENTO

- Ao inicio de curso, cada titor/a elaborará unha lista dos problemas de seguimento telemático da súa titoría, que remitirá posteriormente a Xefatura de Estudos.
- A Dirección buscará solucións vinculadas á fenda dixital localizada en cada curso.
- Cada profesor/a deberá poñer en funcionamento a súa aula virtual nos primeiros días do curso asegurándose de que todos os seu alumnado estea matriculado.
- Cada titor/a dará unha explicación básica aos seus titorandos sobre o funcionamento da aula virtual, simplemente a través do ordenador e a pizarra dixital.
- A aula virtual será o punto de encontro para toda a actividade lectiva. Non obstante, cada profesor/a é libre de empregar calquera outro recurso telemático. Nese caso, sempre deberá deixar constancia no seu espazo da aula virtual. Todo o alumnado poderá empregar a aula virtual como medio informativo sobre cales son as canles escollidas polos docentes para o desenvolvemento da súa función.
- Cada profesor/s proporcionará a debida información, nos primeiros días do curso, a todo o seu alumnado, de cal será o tratamento a tódolos niveis da súa materia en caso de confinamento. Esta información é a maiores da recollida polo departamento na correspondente programación didáctica.
- Cunha periodicidade semanal, cada profesor/a deberá enviar ao titor/a dos seus grupos, un pequeno informe cos aspectos fundamentais do seguimento da súa materia no seu grupo. Por exemplo:

CURSO:	TITOR:
MATERIA:	
PROFESOR/A:	
SEMANA:	
NOME	SITUACIÓN
	Non se conecta, non entrega as tarefas, di que ten fallos de conexión...

- O titor/a recopilará e gardará os informes de cada profesor/a semanalmente e se detecta algunha desconexión significativa deberá porse en contacto coa familia (por teléfono ou correo electrónico) e transmitirá esa información á Xefatura de estudos por si tivera que actuar.
- Actuación ante casos de NEE:
  - O profesor/a preparará material escrito e adaptado, facéndoo chegar ao titor/a.
  - O titor/a recopilará este material do alumno/a e trasladarao ao equipo directivo.
  - O equipo directivo imprimirao e farallo chegar ás familiar (a través de protección civil, policía...).Todo isto farase cunha periodicidade quincenal.
  - As familias, na medida do posible, achegarán o material cuberto ao instituto. No caso de ser absolutamente imposible este desprazamento, recollerase o material polo mesmo medio polo que se lles enviou.
  - O traballo recollido faráselle chegar ao profesorado a través do correo electrónico.
- Cada profesor/a será responsable de xestionar o seu traballo telemáticamente.
- Cada profesor/a velará por que os seus cursos virtuais estean operativos na primeira semana de outubro e asegurarse de que todo o seu alumnado sabe usar a aula virtual.
- Cada profesor/a proporcionará, nas primeiras sesións de clase ao seu alumnado, toda a información necesaria relativa a súa materia que garante un correcto seguimento da mesma en caso dun escenario de ensinanza telemática, con especial atención a aqueles en risco de desconexión dixital.

En Ribeira, a 30 de outubro de 2020

Asdo: María del Mar Torres Santamaría

Xefa de Departamento